

# CenFollas

*deartesetetras*

Benito Pardo De Figueroa, Napoleón Bonaparte E O Papel Pintado Do Pazo De Fefiñáns - Bea Laya | Documentos Inéditos De Ramón Cabanillas |Notas Sobre O Legado Familiar "Ramón Cabanillas" - Francisco Fernández Rei | Entrevista A Pitusa Cabanillas | 10 Anos De "pazo Torrado" (2009-2019) - Jose Vaamonde | "Versos Soltos" De Vari Caramés | Entrevista A Francisco Leiro | A Propósito De Cambados, De Cierta Emperatriz Cuyo Nombre Ignoramos Y Algunas Dudas Que Nos Desasosiegan - Ramón Loureiro | El Surrealismo Enxebre De Álvaro Cunqueiro: Una Geografía Espiritual De Galicia - Ernesto Baltar | Casa Fantasía, O No - Marcos Abal | Unha Tarde Na Pastora - Lino Silva | Relatos - David Espasandín | Poemas - Xosé Mª

Vila Ribadomar | De Maio A Maio

1 Cambados 2019


CAMBADOS
MERCA

# cen follas de artes e letras

número 1 2019

Dirección
Héctor Quintela

Consello de Redacción
Bea Laya
Héctor Quintela
Jose Vaamonde
Xosé Mª Vila Ribadomar

Deseño e maquetación
Bea Laya
Héctor Quintela
Jose Vaamonde

Corrección de textos
Bea Laya
Xosé Mª Vila Ribadomar

Edición
Asociación Cen Follas,
Cambados, Pontevedra

Impresión
Imprenta Fidalgo, Cambados

D.L.: PO144-2019
ISSN: 2659-6903

Distribución e suscripcións
Se está interesado en distribuir *Cen follas de artes e letras* no seu establecemento, quere adquirir un número da revista e non o atopa no seu establecemento habitual ou quere informarse sobre a política de suscripcións, por favor escriba a:
ascenfollas@gmail.com

Publicidade e mecenado
Para anunciarse na revista, propoñer algún proxecto especial ou contribuir á publicación de *Cen follas de artes e letras*, ou se quere converterse en mecenas da revista ou patrocinar a súa publicación, por favor escriba a:
ascenfollas@gmail.com

Colaboradores deste número
Marcos Abal
Iñaki Abella
Ernesto Baltar
Vari Caramés
David Espasandín
Francisco Fernández Rei
Bea Laya
Ramón Loureiro
Héctor Quintela
Juan Rivas
Lino Silva
Jose Vaamonde
Xose Mª Vila Ribadomar

Pitusa Cabanillas
Francisco Leiro

Tería sido imposible sacar adiante este número sen a amabilidade de
Concellalía de Cultura | Concello de Cambados
Bodegas Carballal

Biblioteca | RAG
Casa Museo Álvaro Cunqueiro | Concello de Mondoñedo
Arquivo histórico | USC
Fundación Plácido Castro
Pitusa Cabanillas
Pepe Cáccamo
Francisco Fernández Rei
Francisco Leiro
Xose Antonio Pillado
Juan Silva
Sara Vázquez Fariña

Moitas grazas!


Ilustra a portada Aurora Cabanillas “Pitusa” na lareira do Pazo de Torrado de Cambados. Cortesía da familia Cabanillas.
Ilustra as pp. 6-7 “Procesión de San Bieito na Praza de Fefiñáns”, óleo sobre lenzo de Joaquín Sánchez Peña, ca. 1915. Cortesía dos descendentes de Gil Armada.
Ilustra as pp. 80-81 un mapa anónimo de Cambados do S. XVI, pertencente á colección do Arquivo histórico da USC (Sig.: clero 559, fol 251).
Ilustra a p. 93 “Sinestesia”, 2015, de Pepe Cáccamo (Detalle).


*A revista* Cen follas de artes e letras *agradece o envío de traballos pero non se compromete a manter correpondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados. A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente aos autores, o mesmo que o respeto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.*



revista anual da asociación cen follas

# sumario

*Presentación*

5 | *Cen follas de artes e letras*. O porqué dunha revista — Héctor Quintela

*Investigación*

7 | Benito Pardo de Figueroa, Napoleón Bonaparte e o papel pintado do Pazo de Fefiñáns — Bea Laya

*Especial Ramón Cabanillas*

16 | Notas sobre o Legado familiar "Ramón Cabanillas" — Francisco Fernández Rei
27 | Entrevista a Pitusa Cabanillas — Jose Vaamonde

*Papeis de Torrado*

34 | 10 Anos de "Pazo Torrado" (2009 - 2019) — Jose Vaamonde
48 | "Versos Soltos" — Vari Caramés (*Presentación de Jose Vaamonde*)
56 | Entrevista a Francisco Leiro — Héctor Quintela

*Cartafol Cunqueiro*

70 | A propósito de Cambados, de cierta emperatriz cuyo nombre ignoramos y de algunas dudas que nos desasosiegan — Ramón Loureiro
72 | El surrealismo enxebre de Álvaro Cunqueiro: una geografía espiritual de Galicia — Ernesto Baltar
77 | Casa fantasía, o no — Marcos Abal

*Verbas vellas*

80 | Unha tarde na Pastora — Lino Silva (*Presentación de Héctor Quintela*)

*Creación*

94 | Dos relatos — David Espasandín
95 | Poemas — Xosé Mª Vila Ribadomar

*Anuario cultural*

98 | De maio a maio

Orixinal
de
"A ROSA DE
CEN FOLLAS."

# CEN FOLLAS DE ARTES E LETRAS
## o porqué dunha revista

Héctor Quintela

REVISTAS hai xa dabondo. É así que cómpre xustificar a aparición dunha nova.

A existencia dunha revista xustifícase polo seu contido e o primeiro que ten que falar do seu contido é o nome que leva. *Cen follas de artes e letras*: sendo unha revista feita dende Cambados non será difícil que o lector se lembre d'*A rosa de cen follas* de Ramón Cabanillas, cuxa cuberta manuscrita se reproduce na páxina anterior. Rosa de cen follas que se quere revista de cen páxinas, dedicadas ao recordo daqueles veciños que enriqueceron as nosas artes e as nosas letras, e con elas a nosa vida. Veciños naturais e de paso, coma Cabanillas e Asorey, Valle-Inclán e Cunqueiro, Plácido Castro e Narciso Pérez ou Leiro e Manolo Paz, e tamén veciños na imaxinación, coma o poeta Miguel d'Ors. Pero non só, porque recordar a estas xentes é celebrar, no seu exemplo, un enriquecemento da mirada sobre as cousas que obrou o milagre de que hoxe Cambados siga sendo berce de pintores, escultores, escritores e amables diletantes. E quixeramos contribuír a que tal conversa non se detivera.

Así pois, quérese celebrar que teñan nado, pasado e pensado xentes en Cambados, no Salnés e na Arousa que, por medio do seu traballo nas artes, ofreceron o mellor que tiñan. Mais tamén que houbera xentes que souberon acoller o mellor do que deron aqueles primeiros. E quérese sinalar que isto foi así e que non deixou de selo, nin debera deixar de selo. Porque ás veces tal cousa se perde de vista. Véxase cun exemplo: a vila de Cambados é berce de bos escritores, bos escultores e bos pintores tanto coma de rica cepa albariña ou rica ostra. E tan é así que estes segundos víronse acotío prestixiados pola atención que lle brindaron os primeiros. E ás veces priviléxiase unha cousa por riba doutra. Así, como inventor do albariño xunto a José María Castroviejo —téñeno dito Francisco Fernández Rei e Xosé Luís Méndez Ferrín—, dedicámoslle un cartafol a falta dunha estatua, débeda, ao inesgotable Álvaro Cunqueiro.

Cando o ámbito galego da arte pasa por un período de inestabilidade, a Sala "Pazo Torrado" cumpre dez anos feita sala de referencia. Cousa que terá especial recoñecemento nestas páxinas, nas que se lle establece unha sección permanente: "Papeis de Torrado". A atención que o Concello lle presta ás figuras das distintas artes apréciase no proxecto do museo dedicado ao poeta Ramón Cabanillas. Para celebrar a súa posta en marcha, ben necesaria, aparece nestas páxinas un "especial" entregado á memoria do chamado "Poeta da Raza". A sección "Verbas vellas" é lugar para a recuperación de textos peculiares ou de singular valía, e de voces non de todo atendidas e ás que cómpre escoitar. E lugar haberá para a publicación de prosa literaria e verso escritos hoxe, que hoxe é onde vivimos e hoxe é o lugar que importa. Con especial gusto, gardaranse páxinas para a publicación de artigos de investigación e toda sorte de crónicas: non sería un reto menor para estas cen follas facerse un nome nos estudos salnesás. Para rematar, publícase un anuario cultural da vila onde se recollerán as aportacións máis destacadas ás artes e ás letras.

Agora trátase de manter a revista no tempo: estas páxinas iranse enchendo unha vez ao ano, espérase, co esforzo de todos, porque non ten sentido ningún que sexa unha revista ensimesmada, que fale para si ou só para uns poucos. Estará pois aberta para todo aquel que desexe contarnos ou dar algo que faga compañía ao lector —*mon semblable, mon frère*—, destinatario deste cento de páxinas.

# *Benito Pardo De Figueroa, Napoleón Bonaparte e o papel pintado do Pazo de Fefiñáns*

BEA LAYA





Detalle Elefante *L'Hindoustan* do papel pintado do Pazo de Fefiñáns de Cambados | BEA LAYA

# BENITO PARDO DE FIGUEROA, NAPOLEÓN BONAPARTE E O PAPEL PINTADO DO PAZO DE FEFIÑÁNS

Bea Laya

CAMBADOS é terra de veciños ilustres, moitos deles ben coñecidos por todos, e outros un pouco máis esquecidos polo paso da historia. Os numerosos exemplos de arquitectura señorial que aínda hoxe podemos contemplar son un bo recordo dese pasado esplendoroso. A gloria dos seus habitantes estivo acompañada de pezas de gran valor que decoraban os salóns deses pazos cambadeses.

Aínda que moitas delas foron desaparecendo, temos a sorte de conservar exemplos destacables, entre eles, o papel pintado que decora as paredes do Pazo de Fefiñáns. Ao longo deste artigo iremos desvelando os motivos polos que esta fermosa panorámica oriental acaba nas paredes do pazo. Unha historia da que só podemos anticipar que conta con invitados históricos inesperados e viaxes acontecidas moi lonxe da nosa vila.

O primeiro protagonista deste artigo naceu en Fefiñáns e foi bautizado na igrexa de San Bieito o 26 de novembro do 1755 co nome de Benito María de los Dolores Manuel José Ramón Tadeo Pardo de Figueroa Valladares Sarmiento Mariño de Lobeira.

Benito Pardo de Figueroa, nome co que pasará á historia, era fillo de Ana Jacoba Valladares e Mariño de Lobeira –IV Vizcondesa de Fefiñáns- e de Baltasar Manuel Pardo de Figueroa e Duque de Estrada –III Marqués de Figueroa e IV da Atalaya-. Por liña materna, era bisneto de Gonzalo de Valladares e neto de Fernando de Valladares, señores de Fefiñáns durante a construción do pazo no século XVII.

Como acontecía con frecuencia entre a nobreza, formarase no Seminario de Nobres de Madrid[1] , trazando o seu destino cara a carreira militar. No 1780 ingresou como voluntario no exército francés para participar na campaña hispano-francesa do noroeste americano. Alí estivo baixo as ordes directas do conde Bernardo de Gálvez, conquistador da Florida e Virrey de Nueva España. Este feito será fundamental na súa vida. Máis aló dos importantes contactos políticos e diplomáticos, coñecerá á que será a súa futura muller: Adelaida D'Estreham Saint Maxent, fillastra do Conde de Gálvez, por entón aínda unha nena[2].

Doce anos despois, e por compromiso coa familia de Adelaida, xa que naquel intre pasaba por graves problemas económicos, contraerán matrimonio. Por entón Benito Pardo de Figueroa xa era coñecido coma o señor de Fefiñáns tralo falecemento de seu pai e de seu irmán maior e anterior herdeiro do pazo, Francisco Javier Pardo de Figueroa[3]. Aínda que, como veremos, poucas puideron ser as súas estancias na casa familiar debido aos seus continuos viaxes por toda a península e Europa.

Ao igual que outros militares do século XVIII[4], Benito Pardo de Figueroa publicará os seus primeiros escritos en prensa, no seu caso sobre xeometría e a problemática da cuadratura do círculo no *Memorial Literario* do 1788[5] e 1789[6]. A partir do ano 1793 comeza a súa ascensión no exército, primeiro como coronel do Rexemento da Princesa, para logo converterse en brigadier e mariscal de campo. En pouco tempo será nomeado Subinspector Xeral de Infantería, publicando o seu primeiro libro sobre estratexias militares. No 1798 Manuel Godoy nomearao Inspector Xeral da Infantería Española, pero coa caída do Primeiro Ministro será cesado e destinado a Granada.

Toma neste momento a decisión de abandonar

a súa carreira militar, e tralo nacemento dos seus dous fillos, Benito e Clementina, mudarase a París xunto coa súa familia no ano 1801, intentando buscar tratamento médico para Adelaida, gravemente enferma, quen falecerá ao ano seguinte con tan só 26 anos.

A tristura causada pola morte da súa muller lévao a encerrarse no estudo das linguas clásicas, a poesía e a incrementar os seus coñecementos, embargado polo espírito da Ilustración. Será durante estes anos en París cando publique numerosos libros, coma a tradución do latín ao grego de toda a obra de Horacio. A inscrición que aínda hoxe se pode observar na Torre do Homenaxe, na horta do pazo, puido ser outra das contribucións deste ilustre residente á historia de Fefiñáns. Os consellos alí gravados, deixan entrever que tiveron que ser escritos por alguén con destacados coñecementos humanistas[7].

Tamén en París escribe e publica no 1804 o seu traballo máis recoñecido, traducido ao castelán, francés, inglés e alemán. Trátase do *Examen analítico del cuadro de la Transfiguración de Rafael de Urbino*. Un traballo de gran relevancia e influencia a comezos do século XIX, no cal destacaba a importancia da creación de espazos coma o Museo Napoleón, actual Museo do Louvre:

> Jamas ha exîstido una Galeria en que se hayan juntado tantos y tan preciosos Quadros, como en la del Muséo Napoleón. Las Obras mas insignes y magistrales de todas las Escuelas dispersas antes en Italia, Flandes, y Francia, y encerradas en Gabinetes inaccesibles al examen de los curiosos, se ofrecen hoy reunidas en este Santuario de las artes[8].

Esta obra naceu a partir dos informes que lle enviaba a Manuel Godoy como informador na corte imperial napoleónica, co cal con toda seguridade chegaría en algún momento ás mans de Fernando VII, podendo influír dalgunha maneira na súa decisión da creación e apertura ao público no 1819 do Museo Real de Pinturas, e que actualmente coñecemos coma o Museo do Prado.

Un ano despois, Benito Pardo de Figueroa deberá mudarse de París a Berlín, iniciando así a súa carreira diplomática como embaixador en Prusia, nun momento moi convulso na historia europea debido ás guerras napoleónicas. Manuel Godoy recolle nas súas memorias a conversa que mantivo o señor de Fefiñáns con Napoleón Bonaparte no 1807, na cal se amosa a tensión existente entre ambos, e as ameazas de guerra á coroa española para forzar a Carlos IV a declararse aliado do imperio napoleónico:

> Napoleón se dió en Berlín por entendido con don Benito Pardo nuestro embajador en Prusia. Acabado un recibimiento del cuerpo diplomático, dirigióse á Pardo con las maneras más garbosas, y guiando á otro aposento trabó con él un gran coloquio, de aquellos que solia cuando se hallaba en vena de discursos y convenia á sus intereses. Este coloquio fué pacífico y templado, una conversación entreverada de amistad y de quejas muy medidas, de la cual por conclusión rogó á Pardo que hiciese un fiel traslado á nuestra corte, y en que mostró tal interés que quiso revisarlo por sí mismo y hubo de corregir alguna que otra palabra menos almibarada que se le habia escapado en su viveza[9].

Durante esta conversación Benito Pardo de Figueroa destaca pola súa habelencia negociadora, xa que sendo acusado por Napoleón do rearme español contra el, deberá disuadilo de tal feito, convencéndoo de que isto se debía ao risco de entrar en guerra con Portugal e Inglaterra. Napoleón desvela, enmascarándoo como acusación contra os ingleses, os futuros plans que ten contra a coroa española:

> Hay otra especie de mentiras, siguió Napoleón, que podrían emplearlas con suceso en vuestra corte. Se ha dicho y se ha vertido que entraba en mis planes derribar á todos los Borbones, que miraba yo á España con codicia, y que intentaba hacerla mia y coronar en ella á alguno de mi casa[10].

Así aconteceu pese ás advertencias de Pardo de Figueroa, xa que a insistencia de Manuel Godoy para que Carlos IV desconfiase das intencións de Napoleón non tiveron efecto, e o rei finalmente considerarao un aliado e amigo, feito polo cal acabará perdendo a coroa el e o seu fillo Fernando VII en favor de Joseph Bonaparte, irmán de Napoleón, tan só un ano despois.

Pouco despois deste encontro Benito Pardo de

Figueroa será nomeado por Carlos IV embaixador español en Rusia, na corte do zar Aleksandr I. Alí continuará como embaixador a pesar do cambio na coroa española, ata que coa invasión francesa de Rusia o 22 de xuño do 1812 será expulsado do país. Na súa viaxe de regreso refuxiarase en Riga onde falecerá o 20 de outubro dese mesmo ano.

As súas constantes ocupacións e viaxes pouco lle permitiron a este señor de Fefiñáns gozar do seu pazo. Pero sen dúbida sentía un gran aprecio pola casa familiar, como demostra que elixise unha das súas estancias para colocar os fermosos papeis pintados panorámicos que tan de moda estiveron durante o século XIX entre as clases altas europeas[11].

Chegados a este punto, gustaríame tomarme a liberdade de poñer en contexto o traballo de investigación que orixinou a publicación deste artigo. Aló polo ano 2016 comecei a traballar no Pazo de Fefiñáns como guía e pouco despois tiven a oportunidade de encargarme da catalogación dos bens mobles que se atopan no interior do pazo. Este traballo fora iniciada por membros da familia, continuando a extraordinaria labor de investigación de María Joaquina Gil de la Peña, quen desgraciadamente non puido terminar tan importante tarefa.

No momento de enfrontarme ao papel pintado que decoraba unha das súas salas non se coñecía exactamente a súa orixe, excepto a relación con Benito Pardo de Figueroa. Pronto comecei a decatarme do seu gran valor e o extraordinario que era que se conservase ata os nosos días. Canto máis investigaba, máis asombrada descubría todo o que pode agochar tras de si unha obra concibida, nun primeiro momento, como un simple material decorativo de carácter efémero. Este artigo nace coa intención de poder compartir esta historia e poñer en valor unha peza que, de non actuar correctamente para a súa conservación, co tempo



Vista da Sala do Papel pintado con un fragmento de *L'Hindoustan* e de *Les Rives du Bosphore* | BEA LAYA

podería non ser máis ca unha lenda desaparecida, como tantas outras.

Os papeis pintados panorámicos, é dicir, con escenas historiadas de espazos exteriores, comezan a realizarse a principios do século XIX e eran de autoría exclusivamente francesa. Os primeiros exemplos serán presentados na Exposición de Produtos Industriais de París no ano 1806: *Vues de Suisse* e *Les Sauvages*, deseñados polas dúas fábricas francesas máis importantes do século XIX: Zuber et Cie e Dufour. Curiosamente, os exemplos conservados en Fefiñáns, *L'Hindoustan* e *Les Rives du Bosphore,* foron realizados por estas mesmas fábricas pouco despois[12].

Aínda que non se conta con documentación relativa á compra destes papeis, tradicionalmente atribuíuse na familia a súa adquisición a Benito Pardo de Figueroa. Cos datos que hoxe en día coñecemos podemos asegurar que seguramente así fose, xa que a datación da obra a raíz desta investigación, entre o 1807 e o 1810[13], coincide coas súas estancias en Berlín tralos anos en Francia, e o seu contacto coa corte napoleónica. A primeira composición de *L'Hindoustan* foi posta á venta no ano 1807, e hai constancia documental de que *Les Rives du Bosphore* xa se comezara a vender con anterioridade ao 1812. O feito de que en Fefiñáns a composición estea dividida en diferentes pezas de papel unidas é outro indicativo da súa antigüidade, xa que ata o ano 1830 non aparece a primeira tecnoloxía de fabricación de papel en rollo, o que cambiará a técnica de elaboración destas obras.

Despois de investigar outros exemplos de papeis pintados panorámicos similares[14], podemos afirmar que os conservados no Pazo de Fefiñáns son os máis antigos da península. Ademais, o feito de que aparezan deseños de fábricas distintas nunha mesma sala é un caso practicamente único. En toda a península tan só se conserva outro exemplo dun fragmento de *L'Hindoustan,* na casa de Sezim en Guimaraes, preto de Porto, e datado na década de 1840. O outro deseño, *Les Rives du Bosphore* é o único conservado en España e Portugal, e dos poucos que se coñecen en todo o mundo, xa que a fábrica que o realizou, Dufour, pechou pouco despois da morte do seu fundador no ano 1827, mentres que Zuber segue aínda aberta hoxe en día e realizando coa técnica tradicional de xilografía o papel de *L'Hindoustan*[15].

Grazas a que Zuber continúa a día de hoxe en funcionamento, conserváronse as pezas orixinais coas que se elaborou esta composición, un total de 1265 bloques de madeira tallados, hoxe protexidos como patrimonio nacional francés. Con eses bloques estampáronse as 85 cores diferentes que compoñen 13'40 metros totais de escenas divididas en 20 partes. Cada escena do papel precisaba numerosas pezas coas que ir estampando unha cor sobre outra, todo un proceso realizado manualmente e no que se podería apreciar certa influencia da técnica de elaboración dos *ukiyo-e* ou estampas xaponesas, que tan de moda estiveron en Europa no século XIX.

No Pazo de Fefiñáns consérvase case a totalidade deste papel, excepto un pequeno fragmento entre as follas 4 e 5. Toda a composición atópase repartida en tres das paredes da sala do papel pintado, e nela podemos observar diversas escenas que nomearemos de dereita a esquerda, tal e como aparecen na composición orixinal. Na parede oeste, entre as dúas fiestras, atópanse mozos de carga sentados e o paseo dun príncipe en elefante cunha gran montaña ao fondo e a ribeira do río Ganges. Na distribución orixinal do papel a continuación aparecería un gran barco de remos sobre o río Ganges, e que no pazo se recortou para situalo sobre a porta norte. Xa na parede sur, e de dereita a esquerda, atópase un paseo en carro tirado por bois, o fortín de Allahsad sobre a ribeira do río Jumma, un grupo de danzantes e músicos, a mesquita de Gazipour e a Árbore Sagrada de Gyah na provincia de Bahar. E ao norte continúa a composición co templo de Tanjare, un paseo en camelo, o mausoleo de Mucdom Shah Doulent cun gran barco veleiro diante navegando no río Ganges, unha hindú coa cesta do peixe sobre a cabeza e un mariñeiro ao seu lado coas redes estendidas, e ao fondo o templo de Muxadabad e o forte de Madura.

Toda unha viaxe a este país asiático, para a cal o seu deseñador, Pierre-Antoine Mogin se inspirou nos gravados de distintos libros de viaxes sobre a India publicados a finais do século XVIII. A maioría dos templos hindús representados están extraídos do libro publicado polos irmáns William e Thomas Daniell entre o 1795 e o 1803 *Oriental scenery*[16]. No primeiro volume da obra aparece no gravado número seis o fortín de Allahsad, no número doce o Mausoleo de Mucdoom Shah Dowlut en Moneah, sobre o río Soane, e no

número quince a Árbore Sagrada de Gyah, en Bahar, cun gran barco veleiro. No segundo volume aparece o forte de Madura no gravado número catorce, e no número vinte e dous o templo de Tanjore co gran ídolo hindú dun touro no seu interior. Tamén os barcos e o paseo en elefante teñen gran parecido con outras escenas secundarias aparecidas con frecuencia neste libro. O parecido entre estes gravados e as imaxes do papel pintado son dunha similitude tan grande que con toda seguridade foron copiadas para estes deseños.

Para levar a cabo ambientacións como as vestimentas tradicionais, a flora da zona, os instrumentos do grupo de músicos ou o mariñeiro, Mogin buscou inspiración noutros dous libros de viaxes sobre a India publicados tamén a finais do século XVIII: *Choix des Vues de l'Inde*[17], de William Hodges publicado en Londres no 1785-1788, e no de Balt Slovyns *Collection of two hundred and fifty etchings, Description of the manner, customs & dresses of the Hindoos*, publicado en Calcuta no 1799[18].



Francisco Asorey, Marisa de la Peña e Joaquín Gil Armada na sala do Papel Pintado (ca. 1959) | DESCENDENTES DE GIL ARMADA

En canto á parede leste da mesma sala, atópase un fragmento dun papel pintado diferente, deseñado pola fábrica Dufour cara o ano 1810. Trátase de *Les Rives du Bosphore*[19], na que aparecen representadas escenas da cidade de Istambul na ribeira do río Bosforo. É só unha parte de toda a obra orixinal, e consérvanse dúas pequenas imaxes que continuarían a escena á dereita e esquerda, sobre a porta sur e ao seu lado. Estes fragmentos non son a continuación exacta do deseño do papel, co cal ou só se mercou un fragmento, ou existiron partes que hoxe en día non conservamos.

O deseño comezaría pola esquerda con dúas mulleres, orixinariamente ao lado dunha fonte hoxe desaparecida. Este fragmento consérvase moi deteriorado entre a porta sur e a parede oeste. A continuación, xa na parede leste, pode verse o río Bósforo con barcos e edificios ao fondo, e diante do río unha gran terraza que dá acceso á súa ribeira, na que uns comerciantes presentan unha alfombra a unha dama. Á súa esquerda, un grupo de tres serventes levando o café e coxíns. Ao fondo desta escena aparece un edificio que podería tratarse da mesquita azul de Istambul. Continuando cara a esquerda, aparece unha gran mesquita ao fondo, cun pequeno lago diante e unha fonte. No primeiro plano, e de dereita a esquerda, unha princesa sobre unha liteira levada por dous serventes, e outros tres serventes levando froita a un grupo de damas sentadas sobre unha alfombra tomando café e tocando instrumentos musicais. Para rematar a composición, atopamos ao fondo un gran edificio que da ao mar, e un grupo de mariñeiros tirando das redes dun barco. O remate deste edificio e o barco foron recortados desta parte, colocándoos sobre a porta sur da sala.

Os deseñadores principais da fábrica Dufour foron Jean Gabriel Charvet, Xavier Mader e Evarist Fragonard, sendo con probabilidade o primeiro o que deseñou este papel pintado panorámico. A inspiración para este tipo de composicións, como ocorría con *L'Hindoustan,* buscouse nos libros de gravados sobre as viaxes a Constantinopla publicados a finais do século XVIII e comezos do século XIX, entre os que destaca especialmente a

obra de Antoine Ignace Melling *Voyage pittoresque de Constantinople et des rives du Bosphore*[19]. Aínda que ningunha escena parece copiada directamente desta publicación, como ocorría co deseño anterior, é evidente que as imaxes coas terrazas sobre o río, os barcos, edificios e vestimentas, están inspiradas nesta obra.

Actualmente o papel atópase deteriorado, con numerosas roturas e humidades, causadas moitas delas tralo ciclón Hortensia. Durante este temporal acaecido no 1984, e que aínda hoxe permanece na memoria colectiva, as fiestras desta sala rompéronse coa forza do vento, e a parede leste caeu derrubada. Sobre ela atopábase a maior parte da composición de *Les Rives du Bosphore*. Un terrible desastre que, gracias ao interese da familia por recuperalo en vida de Joaquín Gil Armada, e as moitas xestións previas que se fixeron ante profesionais especializados, puido ser recuperado. Durante mais de dez anos levouse a cabo a restauración da parte derrubada, dirixida por Teresa Escohotado na Universidade Complutense de Madrid. O resto do papel tamén se viu afectado ou ben polo mesmo temporal, como ocorre coa parede sur, ou pola humidade da sala e as vibracións que sofre a estrutura, e que foron causando roturas no papel.

A día de hoxe a prioridade dos propietarios é asegurar a conservación deste papel pintado. O seu gran valor, o cal reside na súa antigüidade e no feito de que sexa dos poucos exemplos que se conservaron destas decoracións, deberían ser suficientes para xustificar a necesidade da súa restauración. Desafortunadamente, polo momento este proceso vai máis lento do que sería desexable, debido ao seu elevado coste e á falta de axudas públicas. Recentemente establecemos contacto con Philippe de Fabry, actual director do Museo de Papel Pintado de Rixhiem, situado na fábrica orixinal na que se realizou *L'Hindoustan*. Esperemos que os seus coñecementos e orientacións permitan salvar o papel dun deterioro que polo momento segue avanzando.

Por sorte, en Fefiñáns dende o ano 2012 o papel pintado goza da protección como Ben de Interese Cultural, ao igual que o pazo e outros bens mobles que hai no edificio. Este artigo nace co obxectivo de divulgar o seu coñecemento e súa posta en valor, así como dar a coñecer a historia e personaxes que o fixeron posible. Esperamos poder desfrutalo pronto en todo o seu esplendor, tal e como puideron velo os protagonistas desta historia.

## NOTAS

1. Arquivo Histórico Nacional. Seminario de Nobres de Madrid. Pardo de Figueroa, Benito Luis. Sign. UNIVERSIDADES, 669, Exp. 17 (1768). Acceso en liña en http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/description/4517628 (Data último acceso 22/03/2019)
2. OZANAM, Didier. Benito Pardo de Figueroa y Valladares. *Diccionario Biográfico Español*. Real Academia de la Historia. Acceso en liña en http://dbe.rah.es/biografias/53328/benito-pardo-de-figueroa-y-valladares (Data último acceso 22/03/2019)
3. Aínda que era coñecido coma o Señor de Fefiñáns, o que herdará o pazo e os títulos será o seu sobriño Baltasar Pardo de Figueroa e Lanzós de Novoa e Sarmiento de Soutomaior, falecido na Batalla de Rioseco no 1808, herdando á súa vez a súa irmá Ramona Escolástica Pardo de Figueroa Lanzós e Novoa.
4. *Cf.* GARCÍA HURTADO, M. (2011). La participación de los militares españoles en la prensa del siglo XVIII. *Studia Historica: Historia Moderna, 32*, 375-379. Recuperado de http://campus.usal.es/~revistas_trabajo/index.php/Studia_Historica/article/view/8218/8221
5. PARDO DE FIGUEROA, B. (1788). Historia de la Quadratura del círculo. *Memorial Literario*, tomo XV, diciembre 1788, 664-676
6. PARDO DE FIGUEROA, B. (1789). Continuación de la historia de las investigaciones sobre la Quadratura del Circulo desde la antigüedad hasta nuestros tiempos. Parte I. *Memorial Literario, tomo XVIII, outubro 1789*, 217-227; Continuación de la historia de las investigaciones sobre la Quadratura del Circulo desde la antigüedad hasta nuestros tiempos. Parte II. *Memorial Literario*, tomo XVIII, decembro 1789, 607-631.
7. A torre data do século XVI e nela atópase unha inscrición cos trece consellos que din o seguinte: "Conócete a ti mismo. Por semejanza a Dios procede como hechura de su mano. Huye del vicio. Busca la virtud. Aborrece el ocio. Ama el trabajo. No seas soberbio, antes humilde. No mientas porque es la mayor vileza de los viles. Procura mejores amigos que tú, pues con esto y verdad, secreto y limpieza de alma, nos sucede bien todo. Da lo que pudieres bien distribuído. No olvides los beneficios ni te acuerdes de las injuras si quieres parecerte a Dios. Y advierte que el osar morir da la vida porque los honores con grandes peligros y trabajos se adquieren. Ama y teme a Dios y atribúyele los sucesos porque no hay otra fortuna". Esta transcrición foi feita a comezos do século XX por Mayer en Santiago de Compostela, para transcribila ao pergamiño no que hoxe pode lerse. Joaquina Gil de la Peña, historiadora do Pazo de Fefiñáns, sinalaba nos seus estudos a Ares Pardo de Figueroa como autor desta inscrición.
8. PARDO DE FIGUEROA, B. (1804). *Examen analítico del quadro de la Transfiguración de Rafael de Urbino; seguido de algunas observaciones sobre la pintura de los griegos*. París: Impr. Carlos Crapelet, pp. vii-viii do Prefacio.
9. GODOY, MANUEL (1836). *Cuenta dada de su vida política por Don Manuel Godoy, Príncipe de la Paz, o sean Memorias críticas y apologéticas para la historia del reinado del señor D. Carlos IV*

*de Borbón*, Vol. IV. Madrid: Imp. de I. Sancha, p. 269.
10. *Idem*., p. 274.
11. O emprego do papel pintado era tradicional en China, sendo as *chinoiseries* os primeiros exemplos do uso deste tipo de decoración en Europa. Hoxe en día están considerados co mesmo valor que as pinturas murais.
12. Ámbalas dúas fábricas foron fundadas no 1797 e levaban o nome dos seus fundadores: Jean Zuber e Joseph Dufour. Ningunha delas comerciaba directamente con España, a menos que fose a través de intermediarios, co cal probablemente fosen comprados en Francia.
13. Esta datación foi confirmada por Philippe de Fabry, actual director do Museo do Papel Pintado, situado na antiga fábrica de Zuber en Rixheim, o centro de documentación e estudio máis importante de Europa sobre papel pintado. O feito de que Benito Pardo de Figueroa falecera no 1812 sinalaría de novo que a súa compra tivo que ser con anterioridade a esta data.
14. Debido á súa consideración como material decorativo e efémero, son moi poucos os exemplos conservados en España. A maioría destes exemplos están -ou estaban- no País Vasco, seguramente pola súa proximidade con Francia e especialmente con dúas cidades que comerciaban con este tipo de obras: Bayona e Burdeos. Algúns deles están no antigo Pazo de Arratabe en Aretxabaleta, no Palacio dos Gastañaduy en Eskoriatza, na Vila Eguzkialde en San Sebatián (destruída no 2002 sen estar declarada como BIC), na Torre dos Varona en Villañane, na Quinta del Pardo en Madrid e no Palacio de Quintanar en Segovia.
15. Páxina web de Zuber et Cie na que aínda se oferta "L'Hindoustan": https://www.zuber.fr/fr/decors-panoramiques/l-hindoustan
16. DANIEL, Thomas; DANIEL, William (1803). *Oriental Scenery. One hundred and fifity views of the architecture, antiquities, and landscape scenery of Hindoostan*. Londres (Publicado polos autores)
17. HODGES, W. (1785). *Choix des Vues de L'Inde, d dessinées sur les lieux, pendant les années 1780, 1781, 1782 et 1783.* Londres: Joseph Cooper
18. SLOVYNS, F. B. (1799). *A Collection of Two Hundred and Fifty Coloured Etchings. Descriptive of the Manners, Customs and Dress of the Hindoos*. Calcuta
19. MELLING, A. I. (1819). *Voyage pittoresque de Constantinople et des rives du Bosphore*. Paris: Truettel et Würtz



EXÂMEN
ANALITICO
DEL QUADRO
DE LA
TRANSFIGURACION
DE RAFAÉL DE URBINO;
SEGUIDO DE ALGUNAS OBSERVACIONES
SOBRE LA PINTURA DE LOS GRIEGOS.

Doctrina sed vim promovet insitam.
HORAT.

PARIS,
EN LA IMPRENTA DE CARLOS CRAPELET,
CALLE DE LA HARPA, Nº 155.
M. DCCC IV.

Portada do *Examen analítico del quadro de la Transfiguración de Rafael de Urbino; seguido de algunas observaciones sobre la pintura de los griegos* de Pardo de Figueroa | GOOGLE BOOKS

O domingo 14 abril deste ano 2019 celebrouse unha homenaxe a Ramón Cabanillas na ribeira do Xabriña, no Concello de Mondariz, na estrema co de Mondariz Balneario, onde viviu o poeta entre 1924 e 1927. Descubriuse un monólito cos versos en que o cambadés cantou os "regueiriños de prata" dese río.

# Ramón Cabanillas

Notas sobre o Legado Familiar "Ramón Cabanillas"
FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

Entrevista a Pitusa Cabanillas
JOSE VAAMONDE

Sendo importante, éo máis que, pasados cincuenta anos do traslado dos seus restos mortais de Cambados a Santiago de Compostela, ten xa Ramón Cabanillas o epitafio que lle encomendara á súa muller Eudosia no 1915. No Panteón de Galegos Ilustres, onde descansa desde 1967 nunha caixa de zinc a carón do seu paisano Asorey, desde comezos do 2019 pódense por fin ler os versos de *Vento mareiro* que figuraban -e figuran- no panteón de Fefiñáns, dende que faleceu en novembro do 1959: "*Quero na lousa que me de sosego/ esta palabra que ten ás: Poeta/ e esta palabra que ten luz: Gallego*".

Cabe celebrar que a memoria do poeta cambadés siga viva e que os seus escritos non estean mortos. E que sexa por moito tempo. A isto axudará que o Concello de Cambados se puxese a traballar na creación dun museo adicado á súa figura e ó legado familiar de Cabanillas. Lugar ao que serán convocados os que queiran investigar sobre a vida e a obra do chamado "Poeta da Raza".

# NOTAS SOBRE O LEGADO FAMILIAR "RAMÓN CABANILLAS"

Francisco Fernández Rei

AURORA María del Carmen Vidal Cabanillas, coñecida como Pitusa Cabanillas, naceu na casa familiar de Ramón Cabanillas (nº 10 da rúa Real de Fefiñáns), que arranxou e modernizou na década de 1990 como vivenda propia e centro de reunións familiares. Durante a reforma converteu nun "santuario" o cuarto do primeiro andar onde descansaba e traballaba o seu padriño e avó, o Poeta das Irmandades da Fala, cando estaba en Cambados.

Con moito agarimo, durante anos foi gardando nese cuarto fotos e obxectos do avó Ramón (e da familia), primeiras edicións e material bibliográfico do poeta, revistas e folletos sobre Cabanillas e Cambados, cartas e documentos literarios e un rico arquivo de prensa. Parte do material bibliográfico e de prensa era do seu tío Marcos Caamaño Bournacell, esposo de Mª Luísa Cabanillas; e algunhas obras singulares eran da autoría ou propiedade de Joaquín Sánchez Peña, amigo e cuñado do poeta.

## 1. Pitusa Cabanillas e a doazón do legado familiar

Coñecín a Pitusa e irmás o 25 de setembro do 1999, que se me presentaron como netas de Ramón Cabanillas, no salón de actos do IES cambadés co nome do poeta cando rematou o acto do meu ingreso na Real Academia Galega cun discurso sobre o seu avó e Manuel Antonio. Pouco despois coñecín a casa familiar da rúa Real, con Pitusa de guía.

Desde aquela coincidimos en moitos actos sobre Cabanillas en Cambados (e en Padrón, Santiago, Marín...) e en actos no Grove en homenaxe a Luís Rei, autor da magnífica biografía do poeta *Crónica de desterros e saudades*. Un mundo de veces nos cruzamos polas rúas cambadesas, e case sempre paramos a falar. Un día contoume que quería doarlle ó Concello de Cambados todo o que tiña do avó para facer unha exposición permanente co material e poñelo a disposición dos investigadores.

Moito me alegrou iso. Suxerinlle que falase co daquela alcalde Luís Aragunde, que se mostrou moi receptivo cando lle comunicou a súa arela. Despois dun tempo, cando Pitusa se impacientaba porque non tiña noticia do Concello sobre o tema do legado, o alcalde liberou o bibliotecario Luís Rei para que catalogase o material.

A tarde do 28 febreiro do 2015, véspera do centenario da publicación do mítico *Vento mareiro,* asistín na casa de Pitusa á sinatura de doazón do *Legado familiar "Ramón Cabanillas"*. No acto estaban presentes todos os netos e netas das familias Botana Cabanillas e Vidal Cabanillas, o alcalde de Cambados Luís Aragunde e o tenente de alcalde Antonio Pombo (os dous do Partido Popular) e Luís Rei que, ademais do inventario, preparara unha mostra *ad hoc* con material do *Legado* como primicia para os xornalistas e as demais testemuñas da doazón.

Despois do acto acordara con Luís vérmonos para que me mostrase o *Legado* e comentármolo; por fas ou nefas o tempo escorreu e non dabamos acudido ó "santuario" cabanilleano de Pitusa. A finais de xullo do 2015 recruou a enfermidade coa que loitaba nos últimos anos, e axiña se embarcou nunha travesía polos ignotos mares do Alén.

A finais de maio do 2016 o nacionalista Víctor Caamaño, Concelleiro de Cultura do goberno cuadripartito que preside a socialista Fátima Abal, pediume un informe sobre o *Legado* para o que me achegou o inventario de Luís Rei. Despois de examinalo, decateime que para redactar un

informe cumpríame coñecer o material; pero tardei en achegarme ó "santuario", onde acudín desde finais de agosto do 2016 ata finais dese ano, en xornadas de mañá e tarde (ás veces de noite), sobre todo venres e sábados.

O traballo do bo amigo Luís fora inxente e impagable; con todo, había moito material sen inventariar, e bastante só clasificado. Decidín facer un novo inventario, partindo do de Luís, coa maior información posible, sobre todo no inxente material de prensa, porque arelo que algún día se pendure nunha páxina web do Concello de Cambados sobre Cabanillas. Foron moitas as horas que falei con Pitusa (e co irmán Tano) sobre o avó Ramón e familia e sobre as fotografías para identificar tantas persoas, de Cambados e de fóra. O 30 de decembro do 2016 púxenlle o ramo ó meu labor no "santuario"; e a finais de xaneiro do 2017 entreguei un relato expositivo para que os técnicos o analizasen.

Nas liñas que seguen vou dar unhas notas sobre o contido do *Legado*, con particular atención a material referido ó poeta de Fefiñáns.

## 2. Primeiras edicións e outros libros

Para min foi unha sensación indescritible estar tantos días no cuarto de traballo de Cabanillas, traballando no seu escritorio e tendo a meu carón primeiras edicións das súas obras que lles dedicou a familiares e amigos.

Entre outras obras estaba o seu primeiro poemario *No desterro*, coa dedicatoria "A Manolo Sánchez Peña, mi alma gemela. Ramón Cabanillas, Habana 21, abril 1913" e un exemplar de *Vento mareiro* (1915), onde o poeta escribiu na cuberta "para a miña muller". Anos despois dedicóullello á filla e ó xenro cos que viviu en Baracaldo na década de 1950 ("para María Luísa y Marcos firmo este ejemplar que folleóu sua nai, con todo o meu fondo cariño de pai. Ramón Cabanillas"); e tamén había un *Vento mareiro* dedicado "A Joaquín Sánchez Peña con mi firme y leal amistad. Ramón Cabanillas. Hab. 1º Mayo 1915". No interior do poemario Sánchez Peña fixo anotacións e deseños, que converten nunha peza única ese exemplar inédito (foto 1).

O *Legado* contén obras dedicadas a Ramón Cabanillas por Lugrís Freire, López Abente, Cabada Vázquez, Otero Pedrayo, Paz Andrade, Martínez Risco, Carré Alvarellos, Camilo José Cela, Celso Emilio Ferreiro etc. E tamén obras de Isorna, Perucho, Cunqueiro, Paz Andrade ou Piñeiro dedicadas a Ramón, o fillo republicano de Cabanillas que se exiliara en México; e obras dedicadas a outros familiares, algunha a José, o fillo falanxista desde a primeira hora, ou ó seu irmán Manuel Cabanillas Pérez, pai do ministro Pío Cabanillas Gallas.

Entre os libros e audio-libros musicais con poemas de Cabanillas salienta *Doce canciones gallegas dedicadas a Antonio Fernández Cid* (1952), coa dedicatoria: "A Ramón Cabanillas, cuya calidad excepcional de poeta supo cautivar a cinco de los músicos que figuran en esta colección. Con la admiración y simpatía máximas de [sinatura de Antonio Fernández Cid], 3 enero 1952". Os cinco poemas, que sen dúbida contribuíron a difundir a súa figura fóra de Galicia, son: 1 "Todol-os días", música de Jesús Guridi; 2 "Ceíño da miña aldea", música de Manuel Blancafort; 6 "Meus irmáns", música de Xavier Montsalvatge (foto 2): 8 "Aureana do Sil", música de Federico Mompou; e 10 "O rei tiña unha filla", música de Ataúlfo Argenta[1].

No *Legado* figuran libros sobre Cambados con referencias a Cabanillas (e libros e revistas de turismo con referencias ó poeta, ó Concello ou a cambadeses); libros e folletos de José Caamaño Bournacell sobre Cambados, O Salnés e Valle-Inclán e doutros autores sobre artistas cambadeses; libros da década de 1950 da Editorial Galaxia enviados á casa familiar de Fefiñáns; libros "históricos" en galego doutras editoriais (poemarios de Añón, Blanco Torres e Taibo ou o *Diccionario gallego-castellano de Valladares*) e libros "recentes" de literatura galega, historia etc.

Ademais, hai obras da literatura castelá de autores clásicos (edicións de *El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha,* de Cervantes, unha do 1787 e outra de luxo do 1879) e de autores modernos como Valle-Inclán. Das obras "antigas" cómpre salientar unha edición do 1875 de *Las siete partidas*, de Alfonso X El Sabio; e o *Cancionero General* (1511) recompilado por Hernando del Castillo, que reproduciu no 1958 en facsímile a Real Academia Española (RAE), que debeu agasallar cun exemplar os académicos, pois na cuberta di "EJEMPLAR DEL ACADÉMICO / Excmo. Señor Don Ramón Cabanillas". E hai traducións ó castelán, entre outras, unha edición ilustrada e comentada de *La divina comedia* (1870) de Dante Alighieri.



¡¡¡Deus Fratresque Gallaici!..

Himno

68

Patrea dos celtas, esperta axiña
ergue do polvo da escravitú,
patrea da yalma, teus libres cantos
encheu ó mundo de norte á sul.

Dos meus pasados, terra bendita,
nai amorosa da miña nai,
creva as cadeas dos teus tiranos
e érgue á croa da libertá.

Catai, gallegos
o himno xigante
dos pobos libres
dos pobos grandes
Catai gallegos
a idea santa
da independencia
da nosa patrea.

Os de Castilla son castellanos
os de Galicia gallegos son
pero non somos como españoles
nin eles amos nin servos nos.

Das costas bravas de Finisterre
hasta as riveiras do aureo Sil,
soen os cantos de guerra e morte
contra os verdugos do meu pais

¡Artabos fortes,
feros brigantes
sombras queridas
d'outras idades
prestade alentos
os que batallan
por esa meiga
pequena patrea

Fotografía de entonces

Alfredo Brañas

Escrito en el monte de la Pastora el verano de 1880.

VENTO MAREIRO

¡Todo prá nosa Galicia,
fror de todal-as virtudes;
prá sedenta de xusticia,
ferida de escravitudes!

Namentres a sangre vibre
en beizos e corazón...
¡a espranza de vel-a libre
y-este berro: ¡Redención!

¡Xuremos!
"Dereito ou torto,
"sin máis alcuño ni-achego,
doente ou sán, vivo ou morto,
"gállego... ¡soyo gallego!"

Hino

Foto 1

# ) rexional gallego

¿Qué dis os rumorosos
1-a costa verdecente;
o raio trasparente
d'o prácido luar?
¿Que din as altas copas
d'escuro arume arpado
c'o seu ben compasado
monótono fungar?

D'o teu verdor cinguido
e de beninos astros
confin d'os verdes castros
e valeroso chan.
Non dés o esquecemento
d'a inxuria o rudo encono.
Desperta d'o teu sono
lugar de Breogan.

Os bos e xenerosos
a vosa voz entenden
e con arroubo atenden
o voso ronco son.
Mais os inorantes
e féridos e duros
imbéciles y escravos
non vos entenden non.

Os tempos son chegados
d'os bardos d'as edades
qu'as vosas vaguedades
cumprido fin terán.
Pois donde quer xigante
a vosa voz pregoa
a redenzón d'a boa
nazón de Breogan.

*Letra de* † E. Ponda
*Museca de* † P. Veig

## "Acción gallega"

Hino

¡Hirmáns! ¡Hirmáns gallegos!
¡Dende Ortegal ó Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrilar!

Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
a Aldea que traballa
disposta pra loitar.

Antes que ser escravos,
¡hirmáns, hirmáns gallegos!
que corra a sangre a regos
dend-a montana ó mar.

*unha poesía de Ramón Cabanillas. Homenaxe no centenario do seu nacimento* (Vigo, 1976), mostra inequívoca da admiración pola súa figura en distintas xeracións de intelectuais e de artistas plásticos. Na obra hai textos de 36 escritores vivos[2], ós que cómpre engadir un inédito de Cabanillas do 1952 ("Cavilacións / Á boa memoria do mártir Darío Álvarez Limeses") e o poema "Os pinos" de Pondal, que fecha o libro; e tamén hai colaboracións de 41 artistas[3].




Foto 2

## 3. Revistas e libros de homenaxe

O *Legado* conta cun bo quiñón de monografías, homenaxes e artigos sobre Cabanillas, así como a súa presenza en escolmas poéticas e revistas. É moi valioso o tomo encadernado coa colección de *Suevia. Revista ilustrada* (La Habana, 1 de febreiro a 7 de xullo do 1912), con textos en galego (foto 3) que aparecerán en *No desterro* (1913), así como dous sonetos en castelán asinados por Enrique de Suevia, que debe ser pseudónimo do vate cambadés, porque súa é a foto que os acompaña. Con esa sinatura editará despois algún texto en galego en *Suevia*.

Tamén é interesante a revista *Vida gallega*, Vigo (1916-1925), con textos de Cabanillas, López Abente e Noriega Varela, fotos do pintor Lloréns e do arquitecto Antonio Palacios e dúas fotos da igrexa de Santa Mariña, co pé "Cambados. Preciosas ruínas góticas de Santa Marina".

Das homenaxes polo centenario do poeta cómpre mencionar *¡A nosa Terra é nosa! de*



Suevia

Fundadores: CARBALLAL y SOLLOSO

REVISTA ILUSTRADA

Propietario: EMILIO EYMI

PRESENTADA EN LA ADMINISTRACION DE CORREOS COMO CORRESPONDENCIA DE SEGUNDA CLASE

AL LECTOR

SUEVIA, después de haber suspendido su publicación por ausencia de nuestro Director, reaparece diáfana, briosa y llena de vida como nunca.

En esta segunda etapa, surge á la luz contando con talleres tipográficos propios, donde se observará la más rigurosa estética en su confección, pues cuenta para ello con los materiales más modernos en la tipografía.

Esto en cuanto á lo artístico, pues en lo que respecta al texto, contamos para próximos números con valiosa colaboración de firmas gallegas que iremos publicando para honra de SUEVIA y para recreo y satisfacción de nuestros asíduos lectores. Conste, que no se trata de uno de tantos *ofrecimientos* de ritual y sí de una realidad muy próxima.

En el programa de SUEVIA, se ha prescindido por completo del verbo «ofrecer», haciendo, en cambio, grande acopio del verbo «publicar»,

Y, tocante al patrón ó norma que se ha de observar en la columnas de SUEVIA, redúcese, explícitamente, á información literaria y gráfica, social ó colectiva de nuestra colonia, y de cuanto de interés acaezca en nuestra lejana patria.

La información colectiva de nuestra colonia, harto sabido tenemos que es un punto bastante delicado de tratar, y en el cual hay que andar, como vulgarmente se dice, «con pies de plomo».

Nuestra información colectiva, aun después de cerciorarnos debidamente de su veracidad, la expondremos desnuda tal cual sea, sencilla y expresiva; los *trapos* ó los *encajes* con que pueda vestirse, lo dejamos á la libre elección de nuestros lectores. Los comentarios nos horrorizan, y, no sólo nos horrorizan, sino que hasta podrían perjudicarnos.

Estos comentarios, haciéndolos nosotros, producen el mismo efecto en la opinión de nuestros conterráneos que el que produce la prensa diaria entre propietarios y albañiles, cuando informa el pase de un ciclón por la ciudad el día antes, con sus correspondientes destrozos en las propiedades urbanas; á los albañiles les agrada, pero á los propietarios... ¡qué les va á agradar!

Y nosotros, procediendo con gran tacto al conocer como conocemos á fondo el sinnúmero de triquiñuelas y susceptibilidades de nuestra numerosa colonia, nos decidimos á optar por la información á secas.

Resumiendo, que vendrá á ser algo así, —y valga el símil—como el diario cañonazo de las nueve en esta ciudad. Al que tenga reloj, le servirá indudablemente de aviso para ponerlo en hora. Al que no lo tenga, nunca le estará de más el enterarse por medio tan cómodo y sencillo, de poder saber la hora en que vive.

He aquí nuestro programa.

LA REDACCIÓN.

* *

SAVONAROLA

A MANOLO SÁNCHEZ

Cambead'o pobo do Duomo, indino
seus fanatismos embruxado verra
na praza qu'o Palazzo Vecchio cerra,
ant'a forca do frade florentino.

Esquencend'o saqueo de Volterra,
na fogueira qu'encende Ramolino
a-o arroxar o cadavre, é asesino
das libertades da sua propia terra.

O Cristo da Edá Media foi queimado:
a negra intransixencia do Papado
as suas cinzas sobr'o Arno aventa

roubando á humanidá santo tesouro;
mais, seu esprito n-unha frase alenta:
«Cálices de madeira é Bispos d'ouro.»

R. CABANILLAS.

Foto 3

## 4. Arquivo de prensa

Hai boa información sobre a recepción de obras de Cabanillas, como se ve na prensa do 1913 e 1915 relativa a *No desterro* e *Vento mareiro*, na do 1919 sobre a representación d'*A man de Santiña* ou na do 1958 sobre *Samos*, o derradeiro poemario.

O mesmo ocorre con feitos da vida de Cabanillas, como a elección como académico da RAE no 1927 e, sobre todo, a coroación poética en abril do 1958 en Padrón. Hai unha excelente

documentación do falecemento en novembro do 1959[4] e das homenaxes de xaneiro do 1960 do Museo de Pontevedra, da Real Academia Galega (RAG) ou da Universidade de Santiago. Así mesmo, hai un bo arquivo da campaña para construír en Cambados un monumento no paseo da Calzada e a súa inauguración (03/07/1960), que constituíu un acto de afirmación da cultura e do sentimento da Patria Galega no franquismo.

Figura moita documentación dos actos do Día das Letras Galegas do 1976, da inauguración da casa-museo en maio do 1991 e de xeito especial dos moitos actos do 2009 celebrados en Cambados no cincuentenario da morte do poeta.

### 5. Cartas e documentos literarios

Entre as cartas ten un especial simbolismo unha datada na Coruña (08/04/1916), asinada por "un bon gallego" (foto 4), que lle roga ó autor de *Vento mareiro* que poña todo o seu amor por Galicia nun movemento que estaba a agromar e do que cita persoas e colectivos que traballaban no que serían as Irmandades da Fala. Hai cartas de Cabanillas ás fillas, sobre todo a Aurora (nai de Pitusa) e de irmáns galeguistas ó poeta, entre outros, Pedrayo, Fernández del Riego, Paz Andrade e Iglesias Alvariño.

Interesante é a correspondencia de galeguistas co fillo Ramón, despois da morte do poeta, e de autoridades civís e relixiosas polo tema do traslado das cinsas de Fefiñáns a Bonaval; e para a historia cambadesa son de interese as cartas e escritos de abril-maio do 1970 do fillo Ramón co daquela alcalde Joaquín Fole e co mestre Tucho Magariños (secretario da comisión do monumento da Calzada) sobre o intento da alcaldía de trasladar o monumento ós "jardincillos" do recheo marítimo paralelo á Calzada.

Xoias do *Legado* son o caderno manuscrito inédito *Notas sobre os libros, as composicións dispersas e os inéditos* (foto 5) de Cabanillas para Fernández del Riego cando este preparaba a edición da *Obra completa* (Buenos Aires, 1959) e o mecanoscrito de *Samos* con correccións do poeta (foto 6), o seu testamento poético. Hai notas manuscritas para o poemario *Versos de alleas terras e de tempos idos* (1955) e postais e outros breves textos manuscritos do vate cambadés.

### 6. Fotos, cadros e obxectos varios

Hai fotografías do poeta, mesmo da época de Cuba, que foron amplamente reproducidas, do poeta en grupo (entrada na RAG en Mondariz, na sede da RAE) e unha boa mostra da coroación en Padrón. Tamén hai fotos da súa esposa Eudosia, soa ou cos fillos e de parentes e amigos do poeta ou da familia Cabanillas; e un bo quiñón de fotografías e postais de Cambados.

Entre os cadros hainos de Lino Silva representando a Cabanillas, Asorey e Valle; caricaturas do poeta e obxectos seus, entre outros, un crucifixo con inscrustacións de nácar, o gorriño co que o bautizaron, servilletas e toallas coas súas iniciais e un estoxo coas súas lentes.

### 7. Un legado familiar, cambadés e cunqueiriano

O *Legado* é unha excelente colección cun valor semellante á de Cabanillas do Museo de Pontevedra, da Biblioteca Penzol de Vigo e da RAG, que no 2017 incrementou os fondos co manuscrito d'*A man de Santiña.* Con todo, a principal singularidade deste *Legado*, que o fai diferente doutras coleccións, é o carácter familiar; e outra característica esencial é a forte presenza de Cambados, o que é moi importante pois o Concello vai xestionar a súa conservación e divulgación.

Ademais, no *Legado* hai unha boa presenza de Álvaro Cunqueiro en temas sobre Cabanillas, cuxa cadeira ocupou na RAG. Consérvase copia do texto mecanoscrito do discurso de Cunqueiro, que leu Ramón Millán González-Pardo no cemiterio de Fefiñáns o día da inauguración do monumento na Calzada, e libros seus, algúns dedicados a Ramón Cabanillas fillo. Tamén figuran artigos de prensa sobre Cambados e a Festa do Albariño e fotos do Cunqueiro albariñense. Segundo Méndez Ferrín, foi "oficiante supremo da liturxia cambadesa do albariño"; e el e outros poetas e oradores "recuperaron o albariño real e fundaron o mito contemporáneo do albariño coas súas palabras e os seus soños"[5].

Cunqueiro, que dicía que podía darlle unha volta ó país coa cunca do seu apelido na man, tanto amor lle tiña a este viño dourado que na súa honra compuxo un dos caligramas máis famosos da literatura galega, a "Laude

Na Cruña, a 8 de Abril de 1916

Sr. D. Ramon Cabanillas
Poeta Gallego
Cambados.

Meu distinguido señore:

A vostede,-qu'é un dos homes que poden liberdar nosa patria da laxitude e enervacion en que repousa, contribuindo co seu valimento de bon poeta a erguer o esprito da raza; permítome facerlle un rogo: Que poña todo seu interés, que poña todo seu amor por Galicia, na formación das LIGAS ou HIRMANDADES de amadores da nosa terra e da nosa fala.

Canto non pode facer vostede n'este sentido?. Vostede, que c'os seus cantos sabe movel-os corazós das xentes; que nada se adona tanto das almas como o ritmo e a palabra en que fala a boa poesia, porque fai estarrecer as cordas do corazón, pol-o que ten de sonora; esperta sentimentos de piedade e d'amor co-as suas melodias, e, pol-o que ten de expresion de nobres e subrimes pensamentos, pode levar as multitudes pol-as sendas do progreso, arrincandoas das fochancas en que se deixa caer por pregriza e apocamento de esprito.

Vosté que soubo decir:

¡Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lexos; onte agora,
mañan... na vida e na morte! ....

vexa que xa chega o momento de dar realidade a ideia, e " Namentres o sangue vibre - en beizos e corazons..." todos

Foto 4



(1)

Libros pubricados:

| | | 1.ª edic. | 2.ª edic. |
|---|---|---|---|
| 1 | No desterro | 1913. Habana. | 1926 Santiago |
| 2 | Vento mareiro | 1915 Habana | 1921. Madrí |
| 3 | Da terra asoballada | 1917 Arousa. | 1927. Santiago |

Edicións privadas:

4 O bendito San Amaro
5 Na noite estrelecida
6 A man de Santiña
7 A rosa de cen follas

Emprentadas en Mondariz antre os anos 1924 e 1928 e non se puxeron â venda.—

Inéditas:

8 Musas alleas. Para pubricación por "Bibliófilos Gallegos"
9 Samos. Para pubricación pol-os monxes beneditinos.

Pubricadas e â venda:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 10 | Antífona da cantiga | 1.952. | Madrí | "Galaxia" (Vigo) |
| 11 | Camiños no tempo | 1953. | Santiago. | "Bibliófilos gallegos" |
| 12 | Da miña zanfona. | 1954 | Lugo. | Editor: Anxel Johan. |

En xuntanza con Antón Villar Ponte:

13 O Mariscal. (Duas edicións na Cruña)

En xuntanza con Eladio Gonz.ª Rodriz.ª

14 Discursos do ingreso na R. A. Gallega. (A saudade nos poetas gallegos)

Foto 5

## Notas sobre os libros
## da folla anterior.

- Considero esgotadas as obras números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 13 y 14. – As demáis pubricadas xa se indica o punto de venda. "Musas alleas" e un feixe de versións parafrásicas de poetas latinos, gregos, ingleses, alemáns, franceses e italiáns.
- O poema "Samos" leu unhas ilustracións de Agustín Portela, – e está dividido en dez cantos. –
- O discurso de entrada no Seminario de Estudeos Gallegos, un conto en verso; "Unha cea de Xan Quinto"; e outro en prosa, "Aventuras d-un can de palleiro", pódense dar por perdidos.
- Un conto – "A Tradición" – en prosa pubricóuse en "Logos", revista de Pontevedra.
- Na revista "Mondariz" poida que se encontren alguns traballos soltos que non lembro.
- Das poesías castelaáns pubricadas en Cuba ¡nin falar!

do albariño", en forma de copa, a imitación de Panard, poeta francés do século XVIII. Publicouse no *Faro de Vigo* (22/08/1965) (foto 7).

### 8. A exposición de Cabanillas na Casa da Calzada

Nunha entrevista Pitusa opinaba sobre a actual casa-museo de Cabanillas e a clamorosa ausencia dunha placa na casa familiar:

> El museo no me gusta. Hay expuestos objetos que no fueron de mi abuelo, y hay que recordar que él nació allí de casualidad porque la comadrona que iba a ayudar a su madre a dar a luz la llevó allí. Pero luego pasó mucho más tiempo en otras casas y en la que vivo yo ahora, en la calle Real, que es donde más tiempo estuvo, ni siquiera hay una placa que lo recuerde. Por eso yo tengo muchas ganas de hacer un museo de verdad para mi abuelo[6].

A súa arela dun museo diferente para o avó axiña será realidade co proxecto museolóxico e museográfico de Pepe Barro, que o Concello de Cambados vai realizar na Casa da Calzada, a carón do monumento a Cabanillas, e na casa natal do poeta da rúa Novedades de Fefiñáns.

O exemplo da inmensa xenerosidade de Pitusa con Cambados e coa cultura galega xa prendeu. O 1 de xuño do 2018 a familia Pillado Silvoso fixo doazón de libros, cartas e outro material de Cabanillas dedicado ó seu avó Antonio Pillado Otero, xunto con cadros de Joaquín Sánchez Peña, dos que salienta *Vista de Cambados desde Sálvora,* que terá un lugar especial na exposición da Casa da Calzada. Tamén doaron a gravación dunha conferencia sobre Cabanillas de Manuel María e doutra de Méndez Ferrín que impartiron en Cambados en marzo e abril do 1976.

O 26 de decembro do 2019, Sabela e Sara, fillas de Luís Rei, doaron ó Concello cambadés toda a documentación do seu pai sobre o poeta, que clasificou e inventariou Emílio Ínsua. Este legado contén rascuños da biografía *Crónica de desterros e saudades* e materiais hemerográficos para redactala; rascuños da peza teatral *Camiño longo. Entre as roseiras de Cabanillas*; textos orixinais de conferencias de Luís sobre Cambados, Asorey, Cabanillas ou a historia do Salnés e intervencións en actos sobre Cabanillas e outros autores; libros e separatas sobre o vate cambadés



15

e da Fe sacrosanta portando o campanario

conqueridor da Morte, entróu no santuario.

Enlevado e trasposto, loitador destemido
por Cristo e para Cristo foi chamado e escollido.
En rendido namoro da monástica empresa,
sangrantes os pés núos os vales atravesa
e tramontando o Antelo chega ó fondal.

É a hora
en que a grea seus dores en pregarias desfrora.
O fundador esgrevio co-a alma escandecida
fala ó pobo axoellado no sagrado da ermida

Foto 6


22 DE AGOSTO — FARO DE VIGO — 20

# Ouro precioso nas viñas

## LAUDE DO ALBARIÑO

Non podemos atopar sobre a terra
nada coma o vaso tan fermoso.
Do tenre amor o berce,
en ti ledo repousa
o caldo vivo
que nos fai
ledos
¡Que dozura traes
ó corazón do home!
¡Ven!
¡Ven!
¡Ven!
¡Amante albariño,
amigo sempre meu!
¡Ven!
¡Ven!
¡Ven!
Date a min
axiña i-en sazón
Xa se ve nas tuas burbullas
nadar a meirande ledicia, i-as risas

—Un poeta francés do sec. XVIII, Panard, amaba tanto o viño, que os mais dos seus poemas escribíaos medindo os versos de tal xeito que a peza tivese forma de copa, de vaso, de botella. Cando iba a morrer, en forma de xentil copa despediuse dos amigos e do mundo. A sua maneira, vai hoxe iste laude do viño albariño. En galego. I-a seu carón i-en homenaxe ás vellas cepas de Mosela, nais fecundas do albariño precioso, o adeus de Panard, en fala francesa.
ALVARO CUNQUEIRO

## L'ADIEU DE PANARD

Buvons, amis, et buvons à plein verre;
Enivrons-nous de ce jus divin!
Après les Belles, sur la terre,
Rien n'est aimable que le vin:
Cette liqueur est de tout age;
Buvons-en donc. Nargue du sage
Qui, le verre en main
Haussant soudain
Craint, se menage,
Et dit: hola!
Hola!
La!
La!
La! Car
Panard
A pour refrain
Tout plein!
Plein!
Plein!
Plein!
Fétons
Célebrons
Sa mémoire
Et, pour sa gloire,
Rions, chantons, aimons, buvons.

Foto 7

e notas manuscritas de exposicións e xornadas de Cabanillas; un arquivo sonoro e visual de actos celebrados en Cambados, a maioría relacionados co Poeta das Irmandades da Fala; e apuntamentos históricos do Salnés e O Morrazo.

Oxalá no 2019 se poida ver a exposición permanente destas doazóns e consultar tanta documentación na casa-museo habilitada para esa función. Non pode caer no esquecemento unha figura da nación que entregou o mellor da súa vida á causa de Galicia e á dignificación da súa lingua.

NOTAS

1. Os outros poemas musicados son: 3 "Levádeme", de Leiras Pulpeiro; 4 "Chove", de Ramón y Fernández-Oxea; 5 "Morreu un mozo", de Risco; 7 "O gueiteiro", de Curros; 11 "As froliñas dos toxos" de Noriega Varela; 9 "O meu corasón che mando" e 12 "¡Un home, San Antonio!", de Rosalía de Castro.
2. Os textos en prosa son de Pedrayo, Darío Álvarez Blázquez, Blanco Amor, Fernández del Riego, Cunqueiro, Filgueira, Neira Vilas, Paco Martín, Alonso Estravís, Taibo, Ben-Cho-Sey, Fernández Ferreiro, Varela Buxán, Cortezón etc. Os textos poéticos son de Celso Emilio, Paz Andrade, Novoneyra, Pexegueiro, Rábade Paredes, Darío Xohán Cabana etc.
3. As colaboracións artísticas son retratos de Xosé Luís de Dios, Antón Patiño e Lino Silva; caricaturas de Castro Couso, Laxeiro, Torres e Balboa; e colaboracións, entre outras, de Xavier Pousa, Xoaquín Marín, Felipe Criado, Siro, Quessada, Virxilio, De la Fuente e Mª Antonia Dans.
4. Marcos Caamaño Bournacell elaborou un "caderno" con material de prensa (sen indicar data nin xornal) titulado *La poética coronación de D. Ramón Cabanillas*; e tamén unha especie de libro recompilatorio da morte e enterro, con recortes de prensa orixinais, adornado con deseños do recompilador.
5. MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (2017). Morte e resurrección do viño albariño. *Faro de Vigo*, 1 de maio do 2017, p. 13.
6 . Entrevista de Anxo Martínez a Aurora Vidal Cabanillas: "El museo de Cabanillas no me gusta y tengo ganas de hacer uno de verdad", no *Faro de Vigo*. *Edición Arousa*, 9 de novembro do 2013, p. 13.

# PITUSA CABANILLAS

entrevista de Jose Vaamonde

ENTRE os días 17 e 18 de outubro do 2018, Aurora Vidal Cabanillas (Pitusa Cabanillas), tivo a amabilidade de dedicarme unhas horas para esta entrevista, a pesar de ser o primeiro día o seu aniversario, na que nos conta as súas lembranzas do Cambados de cando ela era moza, do seu avó, Ramón Cabanillas, e de como ao longo de moitos anos foi xuntando e conservando o que hoxe é o Legado Ramón Cabanillas.

Eu mesmo vinme nun momento dado diante do laborioso traballo que estaba por facer e que con anterioridade comezara o meu compañeiro de traballo e grande amigo Luís Rei, traballo que se vira truncado pola súa prematura morte. Superado pola tarefa, da cal eu non era nin moito menos especialista, pero tamén polo triste recordo, recolleu a testemuña, como non podía ser doutro modo, alguén á súa altura: o cambadés e académico da lingua galega, e como non, amigo e colaborador de Luís Rei, Francisco Fernández Rei, o cal rematou con éxito a catalogación dos fondos cabanillenses.

Así comeza, pois, esta entrevista.

Comezaremos a entrevista volvendo a vista ao Cambados da súa infancia. Que recorda de Fefiñáns?

Pois recordo moitas cousas… O primeiro que recordo é unha imaxe de horror: estar na casa e escoitar a voz duns nenos dicindo "*teño fame…*". En pleno inverno de Cambados, vestidos cuns "pololos" de tea e descalzos. E iso lévame a pensar na dedicatoria que o meu avó lle fixera a Cambados, e no exacta que era: triste, pobre e soñador… Eu era moi nena, e na miña memoria quedaron esas imaxes de tristeza e pobreza do Cambados daqueles anos.

Outra imaxe que me impactou era ver marchar os coches de Arenaz para Vigo, levando xente, moitos deles mozos moi novos, que ían para América. Saían xusto de diante da miña casa, e sempre me achegaba á fiestra para ver como os ían alí a despedir, algúns con cantos e guitarras, outros con abrazos, pero todos cheos de tristura. E velos como marchaban con aquelas maletas de madeira, que parecía que viviamos moitos séculos atrás, non obstante era a finais dos anos corenta. Eu por entón, aínda que estaba a media pensión en Vilagarcía estudando, vivía en Cambados, e case tódalas imaxes que acabo de contar correspóndense a aquel tempo, cando eu tiña de quince a dezasete anos. Tamén daquel tempo teño o recordo, este máis alegre, dunha tuna que se fixo en Cambados, nun entroido que fora "fóra de serie". A tuna ou *rondalla*, estaba animadísima, pero eu estaba aínda interna no colexio de monxas e non nos deixaron saír, de ningunha maneira. Recordo o que me contaron meus pais. Foi todo un acontecemento naquel momento. Outro dos recordos son as procesións de San Benito, que eran moi solemnes, e tiñamos que ir de veo. Era o día en que se estreaba a roupa e se comezaba a ir á praia. Tamén o mercado en Fefiñáns, e aínda hoxe en día lle sigo chamando as "estiendas", que era como chamabamos aos soportais da praza. Por entón traballábase dunha maneira moi distinta. As oficinas abrían ás cinco ou seis da tarde porque os señores avogados, xuíces, médicos, etc.,



Detalle do escritorio de Cabanillas na casa familiar | JOSE VAAMONDE

comían moi tarde e estaban de sobremesa ata aquelas horas. O casino xa o recordo na casa de Quintanilla, non en Fefiñáns como estaba anteriormente, e cando unha das ceas de Nadal se fixo no Hotel Calixto.

Do seu avó, de Ramón Cabanillas, que lembra? Que relación tiña con el?

A verdade é que de nena non teño moitos recordos del. Si que o recordo na casa de Cambados, e a verdade é que non lle gustaban moito os nenos. Non lle gustaba que falásemos na mesa, así que tiñamos que falar por *señas*. Por entón nós eramos pequenas e el moi pouco agradable, por iso non temos ese recordo máis cariñoso e afable del. Pero si che podo dicir que despois de ler o libro de Luís Rei sobre o avó, descubrín a vida tan triste que tivera, e que por entón descoñeciamos.

El non tiña cartos, pero estaba moi rodeado e amparado por xente que si os tiña. Mentres viviron os pais da miña avoa Eudosia nunca lles faltou nada, xa que tiñan a fonda, co cal vivían moi ben. Pero cando os sogros faleceron comezaron os problemas, xa que por entón apenas se vendían libros e todos os traballos que tiña eran moi precarios. E o avó alternaba moito. Obrigábanlle a alternar: se non era coa Condesa de Creixas, coa cal se dixo moitas veces que tivera amoríos aínda que eu o descoñezo, ou no balneario de Mondaríz… e aínda que gañase por un lado, víase na obriga de manter unha vida social moi activa ou iso é o que me figuro eu.

Pero cando peor o pasou economicamente foi en Madrid. Alí malvivía, aínda que traballaba todos os días na Academia. Non lle quedaba outra, xa que lle pagaban por sesión, co cal non podía perder unha. Ademais, o avó era unha persoa delicada, tiña moito frío. Recórdoo na casa moi amantado sempre.

Mamá dicía que a súa nai sempre tiña algo doce gardado por se viña o avó. Non podería explicarche exactamente o que, pero imaxino que sería azucre, ou un pouco de améndoa, por exemplo. Facíao para que o avó se sentise ben na casa cando viña. Ela estaba moi namorada del, diso non cabe a menor dúbida, pero estou segura de que el tamén a quería. De feito, o recordo máis vivo que teño del é cando faleceu a avoa Eudosia, e el quixo vir persoalmente ata a Estrada, o colexio no que estabamos internadas, a darnos a noticia. Nunca esquecerei cando as monxas nos chamaron ao recibidor do colexio e el estaba alí. Nós non tiñamos un trato moi preto con el xa que non viviamos na mesma casa, pero a min especialmente impresionoume moito esa imaxe do avó de pé e cos ollos cheos de bágoas no momento de dicirnos que falecera. Impresionoume tanto que esa estampa do avó sempre a teño presente.

Realmente quen tivo moito mérito nesta vida foi a avoa Eudosia. Moitísimo. Ela sempre gardou as formas, e na súa casa non habería "un duro", pero na súa mesa sentábase e comíase como "*Dios manda*", todo con moita orde. Dende lavar e pasar o ferro de noite aos pantalóns brancos que por entón levaban os homes, para que ao día seguinte saísen á rúa cos seus pantalóns impecables. Aparentando sempre cara a fóra que aquela era unha casa de alguén importante. Imaxino que o facía polo respecto por el, a pesar de que a súa orixe era moi humilde, aínda que sempre foi considerado ou estivo moi metido con xente importante, coma os Fraga, por exemplo. E non digamos en Madrid.

Á parte diso, sempre foi un home de taberna. Ao avó encantáballe ir á taberna. Sempre tivo moita relación coa xente de Fefiñáns, e cando chegaban as cartas de América para a miña avoa, enseguida algún amigo seu viña a buscalas para ter noticias del e lelas cos amigos.

Niso meu tío Ramón parecíaselle moito. Ramón Cabanillas fillo tamén era moi querido en Cambados. Cando viña revolucionábase a vila por estar con el. Recordo que cando faleceu en Zaragoza, fomos a buscalo e conmoveunos ver o querido que era tamén alí, e iso que apenas estivera dous anos. Incluso recordo que hai anos estiven en Cuenca, e nunha taberna na que entrei atopeime cunha foto do seu enterro. Pregunteille ao dono, e díxome que podía preguntar por toda Cuenca, que en moitos sitios me dirían que era o home máis respectado e escoitado. Dicía que cando comezaba a falar Ramón calaba todo

o mundo. El traballaba na radio. A historia que coñezo del, e que el me contaba, era que comezara a traballar na Radio Nacional, pero coa Guerra Civil tivera que escapar a Francia a un campo de refuxiados. Debido ao nome e o gran parecido, confundírono con Ramón Cabanillas, seu pai. E déronlle a elixir Inglaterra ou México. Escolleu México e así puido salvar a vida, aínda que pasándoo moi mal durante os primeiros anos.

Cando comeza a recuperar e gardar eses documentos que hoxe conforman o legado Cabanillas? Foi despois da súa morte?

Pois a verdade é que eu sempre fun moito de gardar as cousas que me parecían interesantes. Non recordo se foi antes ou despois da súa morte, penso que sempre fun así, de feito xa levo sesenta anos gardando cousas. Dende logo non foi coa idea de que se chegase a facer nada con iso, e menos pensando facelo público dalgunha maneira. Simplemente me gustaba de vez en cando coller un dos seus papeis e lelo, recordalo.

E Marcos Caamaño que papel xogou en todo iso?

Marcos estaba casado coa tía Luisa. Casaron moi maiores porque ela non quería deixar a súa nai. El era un home moi curioso, e iso foi moi importante. Ninguén sabe certamente por que Luisa tiña tantos libros dedicados do avó e as demais fillas ningún, e eu penso que Marcos tivo algo que ver en todo iso.

A miña conclusión é que o avó, que todo o que escribía o regalaba, gardou algunha destas cousas para el. É posible que as tivese en Madrid metidas nalgunha caixa, co cal seguramente moitas se foron perdendo nos traslados dun hotel a outro. Cando decide ir a Baracaldo con Luisa, debeu metelo todo nunha maleta e levalo con el. E ao chegar alí, Luisa e Marcos viron todas aquelas primeiras edicións



Ana, Churrusca e Pitusa Cabanillas durante a Festa do Albariño de Cambados | FAMILIA CABANILLAS

e seguramente foi Marcos o que lle suxeriu que llas dedicase, porque o avó non tiña costume de darlle ou dedicarlle as obras aos fillos.

Moitos deses libros estaban danadísimos e Marcos, que como dixen era moi curioso, quitáballe a parte danada e encadernábaos. De feito, eu teño unha edición de *Vento Mareiro* encadernada por el, porque todo o conservaba e gardaba. E os recortes de prensa do periódico *La Noche* pediunos tamén el a varias persoas para que llos mandasen por correo e despois encadernounos. Esa foi a gran labor de Marcos, e despois todo iso deumo a min.

Foi entón un traballo de toda unha vida... Cando comeza a facer este labor de maneira consciente, é dicir, coñecendo a importancia que tiña conservar estes libros e documentación?

A verdade é que en ningún momento gardei esas cousas polo valor que podían ter, senón que as gardaba para min. Si que máis tarde comecei a pensar que sería importante darlle certa orde. E recentemente, a verdade é que foi máis ben unha proposta que me fixeron que unha idea miña.

Imaxino que niso foi moi importante Luís Rei, non si?

Efectivamente. Cando Luís estaba na biblioteca pequena, presentouse un día na miña casa e contoume a súa intención de escribir un libro sobre o avó. Eu díxenlle que por suposto contase comigo, que lle deixaría fotografías ou o que precisase para escribilo, e comezamos a reunirnos varias veces na biblioteca ou na miña casa. Alí foi cando comecei a decatarme de que había certas cousas que podían ser importantes e de interese, pero non como legado en si.

Miña tía Luísa deixoume este legado a min, porque sabía que me interesaba e que o coidaría. A miña preocupación era por entón, e segue sendo a día de hoxe, que se eu falto todo isto se perda. Non vexo que haxa un interese real e verdadeiro por traballar para conservalo.

Pero quen realmente comeza e lle da forma a este traballo foi Luís Rei, rematado agora por Paco Fernández Rei.

Si, sen dúbida foi Luís. A el xa o coñecía dende había moitos anos, polo menos vinte anos dende que comezara coa idea de escribir o libro. A Paco Fernández Rei coñecino cando ingresou na Real Academia Galega. Porque por entón eu non tiña moita relación co mundo galeguista, excepto polo grupo O Facho da Coruña cos que tiña máis contacto.

Cre que Cabanillas e outros moitos da súa xeración, están hoxe en día o suficientemente valorados?

Eu penso que en Galicia sempre estiveron valorados Rosalía de Castro e despois Castelao e pouco máis. O resto, a gran maioría da xente descoñéceos por completo. En Cambados si se sabe quen era Cabanillas, pero fóra non era coñecido. Si é verdade que agora, despois do 2009 e de todas as actividades culturais que se levaron a cabo polo 50 aniversario do falecemento, comezou a darse máis a coñecer.

E en canto os faladoiros, ás "tertulias" nas que a xeración do seu avó se reunía, recorda algo?

Recordo o que me teñen comentado, pero non por estar eu en ningunha delas. As *tertulias* que se facían en Santiago eran na casa de Domingo García Sabell, e viñan a buscar o avó, que por entón xa estaba moi maior. Foron durante os meses que estivo vivindo en Santiago antes de vir para aquí. Ás veces ía Ramón Piñeiro a buscalo, de aí o coñezo eu. Anos despois volvemos coincidir en Galaxia, cando el estaba como director. Tamén outras veces ía buscalo Luís Iglesias.

E hoxe en día mantedes algún contacto coa familia dos persoeiros máis destacados daquela xeración ou do nacionalismo actual?

Non… Ramón Piñeiro non tiña fillos. Otero Pedrayo, a quen tratei cando eu era moi noviña en Santiago, pero máis por coincidencias de atoparnos e por comentarlle alguén que eu era neta de Cabanillas que por unha relación de amizade. A Beiras coñecino durante unha temporada, que con 18 anos dirixía o Orfeón

da Universidade, e non hai moito nos volvemos atopar aquí no Auditorio da Xuventude de Cambados, e acordábase perfectamente de nós. Pero o que é unha relación máis persoal con ese ambiente nacionalista non mantemos.

O que si che podo dicir é que eu bailei con todos! Bailei coas borracheiras de Castroviejo, aguantei tocando as cunchas de vieira a Celso Emilio Ferreiro cando me chamaba e me paraba na Calzada, e con outros moitos, porque eu por entón dirixía o grupo de danza que bailaba no Albariño, e antes xa estivera dirixindo o de Santiago. Recordo que cando eran os primeiros anos da Festa do Albariño abrían a parte de abaixo do Pazo Torrado para ir á horta e alí facíase unha gran festa á que ía todo o mundo. E sempre querían alguén que soubese bailar e tocábame a min!

Falando con Lino Silva, comentoume unha vez que un dos momentos máis decisivos da súa infancia foi ver pasar o enterro de Ramón Cabanillas. Como o lembras?

Si, perfectamente. Recordo unha columna de nardos moi alta que lle mandaron os Beiras de Vigo, que me chamou moito a atención por como ulía e o bonita que era. Pero non fomos ao enterro, porque naquel tempo só ían os homes. Era moi raro que as mulleres fosen aos enterros. Mamá si foi. Ela era moi decidida, e se ela dicía que quería ir, ía. Pero nós non fomos, vímolo saír de casa da tía Ramona, onde faleceu. Eu por entón xa tiña 25 anos. De feito, cando se puxo mal o avó, miña nai mandoume para Cambados, á casa de José Padín, para que a mantivese ao corrente de todo o que pasaba, e lle avisase se se poñía peor. Á casa de José Padín chamaban todos os días para preguntar como estaba do Centro Galego de Bos Aires e da Real Academia de Madrid. Xa cando se puxo mal de todo, avisei a mamá e veu no tren con miñas irmás e con Asorey, que viña con elas.

A Asorey, que faleceu dous anos despois, chegaches a coñecelo?

O avó cando estaba en Santiago non tiña relación con ninguén, estaba moi velliño. Ía a aquelas reunións porque o viñan buscar e logo o traían. Entón de Asorey eu non sabía moito.



Enterro de Ramón Cabanillas

Si sabía dos fillos que vivían na rúa da Hortas onde viviamos nós. Coñeciamos a Asorey e á muller, aínda que non os tratei. Iso si, cando viñeron aquí polo monumento *(Monumento a Cabanillas)* estivo aquí, estivo con tío Ramón e todo iso… Estiven en presenza del, en conversas que pescaba algunha cousa, pero eu non me metía en nada, por suposto.

É curioso que en Cambados xurdiran con poucos anos de diferenza dúas persoas tan representativas para o mundo da literatura e da arte en Galicia.

Cambados é unha cousa impresionante: Leiro é unha figura mundial, Manolo Paz tamén... E Lino, Lino non porque non quere. Lino sobrepasa a fantasía, é case unha figura cinematográfica… Ata a caída pola fiestra é incrible. De Lino podes esperar calquera cousa. A min encántanme as súas esculturas, ademais das pinturas, claro.

Ben, e xa para rematar, como ves o futuro do legado? Dáche medo o que poida pasar?

Dame medo non ter todo isto nun sitio seguro para que o poidan gozar aqueles que lles interese. Penso que si eu me vou, esta casa péchase. E logo outra cousa: Pepe Barro o que dixo en xeral gustoume pero a miña avoa Eudosia merece estar ao lado do seu marido nun museo. Porque hai que ver todo o que aguantou. O avó fixo o que fixo e moito llo debe á avoa Eudosia. Educou os seus fillos, que sempre houbo nesa casa un respecto polo seu marido, unha cousa incrible. Á avoa Eudosia había que poñela nun altar. Chegou a ter oito!



# *Papeis de Torrado*

## Dez anos de Pazo Torrado (2009-2019)

Jose Vaamonde

## Versos Soltos

Vari Caramés

Presentación de Jose Vaamonde

## Francisco Leiro

Entrevista de Héctor Quintela

# 10 ANOS DE "PAZO TORRADO" (2009 - 2019)

Jose Vaamonde

A piques de cumprirse o décimo aniversario do espazo expositivo cambadés, aventúrome prematuramente a facer memoria, a pasar e repasar a grandes rasgos a vida, curta ou longa según se mire, deste espazo. De finais do século XVIII, o Pazo Torrado de Cambados convence a artistas, comisarios e público da súa gran singularidade e versatilidade. Coas súas habitacións, hoxe convertidas en espazos expositivos, crean múltiples conexións, nexos que axudan ao discurso, diferenciando épocas, artistas ou estilos, facendo que o percorrido sexa tan distinto como suxerinte.

Dotar a esta pequena vila de apenas catorce mil habitantes dunha sala de exposicións temporais, onde o público local e, cada vez máis, o foráneo, pode coñecer e desfrutar dunha oferta expositiva tan variada como de calidade, é todo un luxo. E é que co tempo e con gran esforzo, podemos falar dun lugar de referencia, penso, para a comarca, a provincia e, se me deixan, para Galicia.

Temos que agradecer que durante todos estes anos houbese unha intención, unha perseverancia e un apoio incondicional por parte do Concello de Cambados. Iso si, ata onde o presuposto deixa. E digo isto sabedor de que sendo unha dependencia municipal é obvia esta reflexión. Pero podería non ser así. Podería ser peor.

Noutras localidades algúns gobernos nos últimos tempos, cunha finalidade populista, avogan por un intrusismo na programación ou na dirección, ao que hai que sumarlle unhas dotacións presupostarias insignificantes ou nulas, volvéndose así inviable o bo funcionamento de museos, fundacións e salas expositivas, non carentes dalgún que outro polémico cese ou sonora dimisión.

Por outra banda, o mercado artístico está agonizante pola temible crise e as heroicas galerías sobreviven unhas mentres que outras están abocadas á desaparición despois de intentar aplicar novos modelos de sostenibilidade na procura dun público-cliente fiel.

A aparición dun novo e apaixoado inversor-coleccionista é anecdótica, quizais polo baixo poder adquisitivo, quizais polo viramento cara novas inversións, máis efémeras e globalizadas.

Os artistas vense na obriga de arriscarse, ás veces, en apostas suicidas, reinventarse e reciclarse cara unha vía máis docente ou económica, resistir no día a día ou, no último caso, desistir.

A realidade nestes momentos tan difíciles para a endeble estructura cultural de Galicia, e máis no tocante ao micro-universo artístico, é un tanto deprimente.

Aínda que sabemos que podería ser peor e existen focos de resistencia na xeografía galega. Nunca antes houbo tantos profesionais do sector: artistas, galeristas, historiadores, restauradores, conservadores, filósofos e críticos, escolas, academias e facultades de arte, museos, fundacións e salas de exposicións, bolsas e axudas. Sinerxias que deberían abrir camiños. Teñamos fe, pois.

## 1. Pista de despegue. O comezo. Unha casualidade. 2009

O 24 de xullo do 2009 inaugurábase en Cambados a máis importante exposición en torno á figura do bardo de Fefiñáns, don Ramón Cabanillas. Nese ano cumpríase o 50 aniversario da súa morte e Cambados encheuse de actos, actividades, exposicións e concertos que o benquerido e tristemente desaparecido bibliotecario, biógrafo do poeta da raza, Luís Rei,

organizara en grande medida.

Esta exposición, "Cabanillas e os artistas galegos do seu tempo", foi organizada polo Museo de Pontevedra, co seu director Carlos Valle facendo a labor de comisariado, en colaboración co concello cambadés, estando Luís Aragunde como alcalde e a Deputación de Pontevedra, con Rafael Louzán como presidente.

O lugar elixido foi o Pazo Torrado que naquela época funcionaba como Museo das Rutas do Viño pertencente á Rede de Museos do Concello de Cambados. Non vou entrar en razóns ou porqués desta decisión, mais coa perspectiva que o paso do tempo nos dá, penso que foi unha das mellores decisións tomadas no ámbito cultural cambadés por parte do goberno do momento. Acertada e valente decisión.

Naquela inauguración déronme a noticia de que eu ía estar nesa exposición atendendo ao visitante durante nove horas ao día e realizando dúas visitas guiadas, ás 12 e ás 20h, durante sete días á semana e ata a fin da mesma. É dicir, ata o 20 de setembro.

A pesar de ter que facer ese horario tiña unha sorte inmensa. Nesa exposición había obras dos escultores Uxío Souto, Camilo Díaz Baliño, pai de Isaac Díaz Pardo, Francisco Asorey e Narciso Pérez[1], cambadeses os dous, do "renacentista" rianxeiro Castelao, amigo e asiduo colaborador do cambadés, do arquitecto Antonio Palacios, dos pintores Francisco Lloréns e Luís Seoane, etc. E eu estaba alí para disfrutalas.

Logo a exposición levaríase ao Museo Provincial onde si había catálogo. Foi esta unha mostra con gran éxito de crítica e público. Seis mil persoas pasaron por Torrado.

Pero non todas podían ter estas características. Sobretodo por unha carencia na xestión. As cousas, ben ou mal, vanse facendo. Para o que quedaba de ano programáronse dúas exposicións ben distintas.

A través da Deputación pontevedresa chegan ao pazo unhas reproduccións dos 82 gravados que Goya realizou durante a invasión napoleónica e que titulou "Los desastres de la guerra". Estivo durante vinte días de outubro.

E rematou o ano cunha exposición de periodistas gráficos da prensa comarcal, que se veu en chamar "9 olladas". Fotografías de Martina Miser, Mónica Irago, José Luiz Oubiña, Gonzalo Salgado, Emilio Moldes, Yael Domínguez, Eduardo Apariz, Iñaki Abella e Vítor Nieves colgáronse nas 9 salas do espazo expositivo.

## 2. Equipaxe a bordo. 2010

E unha vez chegados a este punto, e eu limitándome ás visitas guiadas e recepción de visitantes, hai que darlle continuidade, buscando mostras que poidan encaixar.

Despois dun parón de case tres meses, reiníciase a programación coa exposición "Caricaturas de Valle-Inclán ao longo dun século", organizada de novo pola Deputación Provincial de Pontevedra. Logo, outro escritor. Aproveitando o ano en que as Letras Galegas estaban adicadas ao poeta do Caurel, Uxío Novoneyra, a Asociación Candea realiza unha exposición fotográfica co fotógrafo Carlos Puga e a polifacética activista cultural Adela Leiro.

Comeza entón unha interesante vía aberta de colaboración entre o Concello de Cambados e a Facultade de Belas Artes de Pontevedra a través da Universidade de Vigo mediante convenio: "15 proyectos de espacio para 1 espacio | I Mostra de Arte Contemporáneo de Cambados". Grazas ao interese do profesor da Facultade de Belas Artes de Pontevedra e artista, Javier Tudela, os alumnos e profesores presentan as diferentes disciplinas artísticas do século XX- XXI tendo como temática a utilización do espazo en sí e a súa modificación por medio de diferentes medios. Contará con catro edicións en total.

Chega logo, no mes de agosto, unha exposición tan interesante como importante a través do Centro Galego de Arte Contemporáneo, estando o portugués Miguel von Hafe como director. Co título de "Xeografías contemporáneas | Fondos da Colección CGAC", a comisaria Christina Ferreira articula sabiamente obras de Virxilio Viéitez, Ana Fernández, Francisco Leiro, Manolo Paz, Álvaro Negro, Jorge Barbi, Ignacio Pérez-Jofre, Berta A. Cáccamo, Carlos Maciá, Xoán Anleo, Tono Carbajo, Vari Caramés ou Mónica Alonso, nas paredes do pazo. A dificultade era tremenda. A colección do CGAC está pensada para espazos acordes coa liña contemporánea, non, como diría von Hafe, para unha casiña. Ferreira empéñase en poñerme como coordinador da exposición, cousa que agradecerei sempre. É aquí onde coñezo



Lino Silva no salón da súa casa | JOSE VAAMONDE

como traballa o equipo de montaxe do CGAC, con Carlos Fernández á fronte e o meu amigo e compañeiro de facultade David Garabal. Comezo a aprender dos mellores.

Chega o outono. Seis meses antes encargáranme desde o concello que fixera ou buscara unha exposición e, sen pensalo moito, comenteilles a posibilidade de facer unha retrospectiva de Lino Silva, pintor cambadés. Sen dúbida o máis importante. E seis meses levoume recopilar información, cadros, propietarios. Quen coñeza a Lino sabe do particularmente complicado que é. E ainda así, pasado o tempo, e seguindo a buscar, dinme conta de que a súa obra está espallada por toda a xeografía galega, que hai distintos perfiles de propietarios, tantos como estilos cultivou e que aquela antolóxica era só a punta do iceberg. Nace así "Lino Silva | Antoloxía pictórica dun bohemio", que a pesar de estar só o mes de outubro chegou a ter tres mil visitantes. Foi a primeira exposición que "comisariei". Termo ambiguo e utilizado ás veces de maneira pouco estricta. Coñecín comisarios que só viñan o día da inauguración. Pero iso é outro tema.

Logo viñeron "Novos Valores 2010", exposición colectiva de artistas seleccionados para acadar unha bolsa de axuda da Deputación de Pontevedra e a colección de obras de Laxeiro do Museo Municipal Ramón María Aller de Lalín.

### 3. Autorización para despegar. E agora que? 2011

Comeza o ano tardiamente cunha exposición benéfica para a Asociación Esperanza Salnés co tardío pintor cambadés Miguel Anxo Suárez "Chiño", de tendencia costumista e naturalista, seguida da "II Mostra de Arte Contemporáneo | Facultade de Belas Artes de Pontevedra".

E nos meses de agosto e setembro unha grande exposición: "Asorey | 50 Aniversario da súa morte", comisariada polo veterano e prestixioso Miguel Fernández-Cid, o que fora director do CGAC e actualmente da Fundación Torrente Ballester. Na mostra atopábanse pezas como a "Nai de Door", "Cabaleiros negros", "Picariña", "A ofrenda de San Ramón" ou "Filliña", así como fotografías das súas pezas monumentais. Unha exposición coidada con maestría e ímpetu que acercou un pouco máis a Cambados o talento e o traballo do "escultor da



O *San Cristóbal* de Asorey no Pazo Torrado. Abaixo, obra do escultor cambadés Manolo Paz | IÑAKI ABELLA

raza". Outra desas exposicións para lembrar.

E en outono dúas de fotografía a través de Carlos Puga. Na primeira como coordinador e autor e na segunda como autor. "Animais", comisariada por Fotoxoguete (Carlos Puga e Xavier Fernández), na que dez fotógrafos amosaron a súa particular visión sobre a vida animal: Luís Barreiro, Xabier Fernández, Nacho Gómez, Marcos Míguez, Carlos Puga, Eutropio Rodríguez, José Romay, Mónica Vila, Bernardo Villanueva e Xaquín Rosales; e "Golfo de Fonseca", na que se documentaron os proxectos levados a cabo por Amigos da Terra no Golfo de Fonseca, realizado polos membros de AGARESO en setembro do 2009.

## 4. Collendo altura. 2012

En marzo comeza a segunda exposición que organizo, ou coordino. Ou comisarío. Como prefiran. Emérita Méndez, pintora afincada en Cambados dende nena, é unha artista que bebe de múltiples fontes (cine, música, literatura) creando a través dos seus debuxos, gravados e pinturas un mundo estético e temático moi persoal.

E comeza aquí unha desas colaboracións que saen da amizade e da profesionalidade. A proposta de Fernando Arenaz, un amigo e artista, profesor naquel tempo do Instituto Ramón Cabanillas, propón unha colaboración entre Pazo Torrado, mestres e alumnos do instituto, e artistas e





"MARaVIÑAS", de Quintana Martelo, no Pazo Torrado | IÑAKI ABELLA

escritores da comarca. O ano anterior fixérase no centro e logo do bo resultado a cousa creceu. O proxecto chamábase *ArtefactoSalnés*. Cada ano tratábase un tema que os alumnos traballaban. Un traballo multidisciplinar e colectivo, onde pasaron artistas e escritores en distintas edicións como Manolo Paz, Francisco Leiro, Xaquín Chaves, Uxío López, Lino Silva, Vítor Mejuto, Emérita Méndez, Enrique Conde, Manolo Chazo, Eva Soto Conde, Antonio Seijas, Iria Ribadomar, Xulio Gayoso, Fernando Arenaz, Ramón Caride, Manuel Seixas e outros, compartindo espazo cos alumnos. E ese ano o tema a tratar era o cine e a súa relación coas artes. Chamouse "Do encadre ao cadro".

No verán, o Pazo Torrado volveuse a encher de artistas recoñecidos. Para a "III Mostra de Arte Contemporáneo | 3 proxectos para un espacio", Javier Tudela convidou a tres profesores da Facultade de Belas Artes de Pontevedra de renome: Fernando Casás, Juan Fernando de Laiglesia e Manuel Moldes, tristemente falecido no outono do 2017. Unha gran exposición para este espazo.

E de seguido, e para a miña sorpresa, un dos artistas que máis admiro: Manuel Quintana Martelo, cun proxecto no que estaba traballando para o Museo do Pobo Galego, "MARaVIÑAS", estudos de escultura, debuxo, pintura e gravado arredor dun mariñeiro de Poio chamado Viñas, quen lle impactou. Manuel Quintana Martelo, actual presidente da Academia de Belas Artes de Galicia é unha das figuras máis recoñecidas do arte galego.

"Delicatessen" leva por título esta exposición na que se recolle o traballo enmarcado no expresionismo abstracto do recoñecido artista comarcal afincado en Vilagarcía, Uxío López.

Víctor Nieves trae a Cambados dúas exposicións ben distintas a través do recentemente desaparecido Outono Fotográfico. A primeira, de Carolina Martínez, "Habitacións reflexas", de corte máis persoal e contemporáneo; e "Prisións sen presos. Presos sen prisión", de Ángel Cordero e Nacho Romero, de carácter documental.

E para rematar o ano o Museo de Pontevedra trae a obra José Bellver Álvarez, xuíz de primeira instancia, exerceu a súa profesión en diversas localidades galegas, entre elas Cambados, entre os anos 20 e 30 do século XX. Fotógrafo e camarógrafo de formación autodidacta sen pretensións artísticas pero que se atreveu tanto coa fotografía como co cine documental e o de ficción.

## 5. Estabilizando o voo. 2013

Comeza o ano con dúas exposicións que eu programo, transporto e monto. Empézolle a

coller o xeito e gústame asumir o risco de todo o proceso. "Confesións" foi unha mostra na que o espectador puido achegarse ao traballo figurativo con influencias clásicas en canto á temática, fauvista, naïfs e simbolista no tocante a estética, realizado por José Ramón García "Almuíña"; e a pontevedresa Rosa Úbeda que nos amosou o seu "Extraño romance", moi na liña do expresionismo máis gamberro no que a súa propia figura tiña un papel protagonista.

Segunda edición do proxecto *ArtefactoSalnés*, chamado "Píntao de rock", un traballo multidisciplinar e colectivo onde traballan nesta ocasión sobre a relación entre a música rock e a arte.

"IV Mostra de Arte Contemporáneo | 6 proxectos para 1 espacio", no que esta vez participan ex-alumnos da Facultade de Belas Artes. Alexandre A. R. Costa, Jesús de la Iglesia, Joan Moreira Arbones, Lucía Romaní, Carlota Salgado e Carlos Suárez.

Logo viñeron tres exposicións fotográficas. Dúas colectivas e unha individual. A primeira internacional, a segunda de fotógrafos galegos e a terceira sobre o mundo das mariscadoras cambadesas.

Despois de seis edicións celebrándose na vila veciña de Vilagarcía de Arousa, recae en Cambados o Festival Proxecta, con exposicións e proxeccións na rúa e o "Premio Fotojornalismo 2012 Estação Imagen Mora" no Pazo Torrado. Unha exposición itinerante polo país veciño que engloba aos premiados en distintas categorías do fotoxornalismo nos países lusófonos e Galicia. Este festival organizado por Jose Luiz Oubiña e Miguel Riopa seguiría catro edicións máis na vila cambadesa.

Da man outra vez de Carlos Puga, quen a través do colectivo *Lo más mínimo* no que tamén está o fotógrafo Xaquín Rosales, chega "Mobilfotocrea". Dentro do xa citado "Outono fotográfico", exposición que recordo con grande cariño, reuniu a 31 fotógrafos e setecentas fotos, todas elas realizadas co móbil, e que contou cun sen fin de posibilidades expositivas, dende polaroid, visores de diapositivas, transparencias ou foto-libros. Participaron na mostra Alba Sotelo Leal, Alejandro Novoa, Alicia Seoane, Alicia Valiño, Ana Fresco, Ana Rello, Carlos Puga, Chou Pesqueira, Cristina Brea, Elisa Pereira, Gonzalo Matalobos, Jose Chazo, José Moldes, Luís Díaz, Marcos Míguez, Miguel Vidal, Mónica Alonso, Mónica Irago, Nena Diamon, Nuria Figueirido, Paula Pez, Rafa Fariña, Ramón Varquero, Raquel Calviño, Rita Ibarretxe, Rosa Neutro, Rubén Rodríguez, Sandra Oubiña, Santiago R. Gavín, Xabier Fernández e Xaquín Rosales.

"Sereas" de Mar Cuervo pechaba o ano cun traballo entre a fotografía contemporánea e a etnográfica. Este proxecto fotográfico levado a cabo entre os anos 2012 e 2013 amosa a través das mariscadoras cambadesas o traballo destas mulleres. Logo esta exposición estaría presente en PHotoEspaña.

## 6. Mirando a paisaxe. 2014

O pintor e ilustrador afincado en Cambados Eduardo Baamonde presenta baixo o título "Illas, fatos e varados", medio centenar de pinturas acrílicas e acuarelas vinculadas con esta temática, ademais de cadernos, bosquexos e apuntes cunha estética moi persoal vinculada ao mundo da ilustración e cunha pincelada do seu mundo onírico.

Despois de varios cambio de datas, chega Vítor Mejuto para sacudir un pouco o cotarro e dar sempre ánimos e aire fresco, coa súa peculiar homenaxe a Cambados, ao Salnés e aos seus inicios como pintor na comarca e, como non, ao seu amado e admirado Bob Dylan do que colle o título "Bringing it all back home" dun disco do cantautor. A exposición recollía o traballo dos cinco anos previos, sempre fiel á pintura xeométrica.

O mozo cambadés Benito Montero, que loitou durante anos nunha guerra contra unha enfermidade que finalmente perdeu tamén tivo o seu espazo nesta sala. Autodidacta no debuxo e fillo de fotógrafo, presentou dignamente unha exposición que chamou "Dedicado a ti" e que cautivou ao público cambadés.

Co título "Son de Cambados" chegaba a terceira edición do *ArtefactoSalnés*, nesta ocasión, os traballos expostos polos alumnos e alumnas e as obras dos artistas que colaboran xiran en torno a Cambados e a súa cultura.

O veterano e prestixioso pintor vilagarcián Xaquín Chaves toma o relevo con "Unha biografía visual", na liña do expresionismo abstracto, coma



Jose Vaamonde e Xaquín Chaves na exposición "Unha biografía visual"

Rothko ou a influencia da arte chino-xaponesa, a súa arte destaca polo seu lirismo e o delicado intimismo.

No verán "O Asorey descoñecido" mostra a colección da familia do escultor cambadés e outras obras traídas para a exposición. Organiza a Asociación Francisco Asorey, coa súa neta como comisaria e onde Xunta, Deputación e Concello participarían. Quedou unha exposición medianamente digna que máis tarde viaxaría ao Pazo de Fonseca de Santiago onde, outra vez, alí si habería un pequeno catálogo. Outra vez Cambados se queda sen el.

E logo VII Festival Proxecta co premio "Estação Imagen Mora 2013", segunda edición do festival en Cambados, onde fotoxornalistas como Bruno Simôes Castanheira, Pedro Nunes, Pedro Armestre, António Pedro Santos, Augusto Brázio, Pedro Elias, Bruno Simâo, Paulo Pimenta, Octávio Passos, Joâo Carvalho Pina, Nelson Garrido, Patrícia de Melo Moreira, Daniel Rocha, Mário Macilau, Alfredo Cunha, Daniel Rodríguez e o galego Gabriel Tizón estaban presentes.

Paula Cabaleiro comisaría "(Re)nacer", primeira exposición da cambadesa Dolores Crespo co pseudónimo de Dores D'Allegro.

Naqueles anos eu programaba parte das exposicións nas datas que quedaban libres, tendo en múltiples ocasións que cambiar ou facer ocos para poder meter "algo máis". Pero xa se comeza a encher todo o ano e a comprometer ao espazo, ao concello e á miña persoa.

Son moitos os pintores vinculados co Salnés ou máis concretamente con Vilagarcía e Cambados. Poderíamos falar dun grupo, sen manifesto e sen estética comúns pero si coa camaradería en moitos casos, ou coa vinculación de vivir o arte e para o arte. Vivir do arte son palabras maiores que non todos acadaron ou acadarán. Falo dos cambadeses xa citados como Lino Silva, digamos que o gran gurú entorno ao cal nacen e crecen outros, Francisco Leiro e Manolo Paz, dos cales falarei máis adiante, Emérita Méndez ou Fernando Arenaz; e dos vilagarciáns, naturais ou adoptados, como Xaquín Chaves, Uxío López, Vítor Mejuto, Manolo Chazo, Enrique Conde, Carlos Maño, Jorge Agra, Anxo Pastor, Guillermo Pedrosa, Platis, Marcela Santorun, Xurxo Alonso ou Juan Moreno Badía. E seguro que aínda me quedan moitos. Pero estes teñen unha relación entre eles de amizade ou de todo o contrario, de camaradería de furancho, taberna, bar ou pub, de inauguracións e de proxectos comúns, que os unen uns e que se distancian outros, queiran ou non, na historia e na memoria. Algúns deles xa pasaron por Torrado e outros pasarán. Xa sabemos que unhas cousas levan a outras.

E así é como chega Juan Moreno Badía ao Pazo Torrado. Pintor realista, amigo de moitos, arquitécto técnico xubilado e amante de todo saber, trae dende Teo, onde vive, a súa obra. Paisaxe en formato pequeno. En "Arredor da paisaxe" mostra o seu virtuosismo pictórico á hora de recrear os camiños, recunchos, ríos e rías, que tanto visitou, en ocasións acompañado doutro xoven pintor, Juan Rivas, do cal xa falarei. Esta obra caracterízase principalmente por reproducir con gran lirismo e coñecemento os espazos naturais da xeografía galega.

A mediados de decembro de 2014, Fernando Arenaz, despois de sete anos sen expoñer, presenta outro tipo de "paisaxes". "Paisaxes eléctricas" é unha selección de 50 pezas realizada polo autor do seu traballo pictórico e obxectual, na que participamos con textos que acompañaban as salas Anxo Pastor, Manuel Seixas, Augusto Chaves, Daniel Salgado, Héctor Quintela e eu mesmo. En palabras do propio Fernando Arenaz: "a miña é unha pintura poliédrica que ten moitas caras. Gústame dicir que é unha pintura mutante na que se fai unha invitación ao público para que vexa a obra cunha mirada moi diversa".

## 7. Turbulencias. 2015

Ábrese o ano con "Diversa. Arqueoloxía dende

o incipit alén Europa". Exposición composta por 60 fotografías que ilustran seis proxectos de investigación arqueolóxica e etnoarqueolóxica realizados polo Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) en Mongolia, Chile, Uruguai, Guinea Ecuatorial, Costa Rica, Perú, Xordania, Turquía e Etiopía. Unha colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o CSIC.

O *ArtefactoSalnés* xa era unha exposición ben afianzada e redonda. De gran calidade e valor pedagóxico. Ese ano levaba por título "Literatura mailo resto", que xa nos fala da temática. Pintura, escultura, fotografía, curtametraxe, vídeo-arte... Todo ten cabida se está ben dirixido.

Prodúcese aquí un cambio de goberno. Dun só partido a un cuatripartito. As turbulencias teñen a súa parte boa. A posteriori. O novo concelleiro Víctor Caamaño decide continuar co proxecto de exposicións en Torrado e darme plena liberdade de programación anual, publicándoa, e a parte doutras pequenas publicacións que serven de publicidade e difusión. Comezo tamén a realizar un folleto cos textos de sala e fotos. Grazas a esta confianza e a ter un programa anual, Torrado comeza a ser máis recoñecido máis alá do ámbito comarcal. Aínda non hai presuposto para un catálogo pero espero que co tempo o poidamos conseguir.

No mes de febreiro daquel ano acercouse por Cambados Suso Blanco, dono de *Mundo Creativo*, de Rianxo e pai de artistas, Olmo e Haya. E propúxome a que sería unha das exposicións máis especiais e peculiares. Tiña en depósito a colección Alcalde-Varela do pintor lalinense José Otero Abeledo "Laxeiro" e propúxome expoñelo en Cambados, no Pazo Torrado. Xa escoitara falar da sala e eu encantado. Era unha colección peculiar, raramente exposta e numerosa, realizada entre os anos 50 e 80 do século XX durante a estancia do pintor en Bos Aires. Debuxos e estudos realizados a lapis, tinta, plumilla ou carbón, aínda que tamén coa presenza dalgún óleo e acuarela. Tituleina "Laxeiro debuxante". E tiven a sorte de, cando evidentemente convidei a Antón Castro (crítico, historiador e coleccionista de arte, a parte de ser un dos máis entendidos na obra do dezán, en parte por vivir e convivir co pintor) e a Javier Pérez Buján (director da Fundación Laxeiro), que aceptaran a pesar do tardío convite e mesmo falaran profundamente do pintor exposto. Un pracer traballar así.

Pedro Armestre, Mário Cruz, Brumo Simôes Castanheira, Tommaso Rada, Rodrigo Cabrita, José Ferreira, Sérgio Rolando, Agata Xavier, Artur Machado, Octávio Passos e a nosa querida Mónica Vila Ferreirós eran os integrantes ese ano do "Estação Imagen 2014".

"Superficies do tempo" do artista arousán Guillermo Pedrosa preséntase no Pazo Torrado cunha trintena de obras nas que amosa a súa técnica pictórica imitando materiais propios da escultura, como o aceiro corten, e reflexiona sobre o límite entre as dúas disciplinas artísticas, xogando con volumes e espazo.

Aquí teño que desculparme, ou explicar a miña ausencia a metade de exposición e a montaxe, inauguración e peche da seguinte, pero ás veces o corpo necesita algunha que outra reparación, e o meu chegou a asustarme un pouco.

Así chegou outra exposición benéfica do cambadés Miguel Anxo Suárez "Chiño", esta vez a favor da Asociación Contra o Cancro, e eu apartado forzosamente do traballo.

Unha vez reposto chega en decembro "Luz y silencio" de Neves Seara. Foi unha exposición



Vista de "Reload", exposición de Carlos Maño | IÑAKI ABELLA

na que a artista compostelá fusiona as súas creacións artísticas cos diferentes espazos do pazo. En palabras da propia Neves Seara, a proposta buscaba "crear atmosferas grazas á iluminación e á disposición de instalacións e cadros, creando emocións e sensacións que poidan estar dentro dese abano entre a luz e o silencio".

### 8. Algún piloto a bordo? 2016

E é neste intre cando me dan o mando total da nave para continuar a travesía. Por fin podo facer un programa anual coherente e nunha soa liña. Xa teño un coñecemento de todo o proceso: dende a selección, programación, transporte, distribución, montaxe, deseño, textos, visitas guiadas, etc. Tamén sei que conto cun espazo especial. Con moitas limitacións pero coñecéndoo, pode ser de gran versatilidade. Agora coñezo e coñécenme un pouco máis. Hai confianza. Pero tamén a responsabilidade que teño é maior. Sigo sendo auxiliar de cultura e facendo outros moitos servizos e tarefas que non vou a explicar aquí.

Este será un gran ano que marcará a singradura dos que veñen despois. Dito isto, prosigamos.

Vou en varias ocasións ao estudio de Carlos Maño en Vilagarcía para ver a obra e charlar con el. É unha pintura que me atrapa e me fascina. Coma el. Nunha vella furgoneta fago o transporte. Inclúe unha Vespa customizada que albergarei na lareira. "A moto levámola, Carlos. Xa veremos como." El chegou montada nela e subímola á primeira planta do pazo entre seis. Pesaba un pouco pero pagou a pena. Así comeza "Reload". Unha retrospectiva do seu traballo pictórico vinculado ao *pop art* cheo de iconas da historia do cine, da música, da fotografía e da pintura. Algo que nos valerá para facer unhas visitas guiadas con unidades didácticas moi enriquecedoras. A parte do meu texto, convenzo a Javier Montero para que faga o propio. Non me custou moito, coñecendo o gusto e coñecemento que ten da pintura de Maño (e da arte en xeral). Únese ao equipo desde o principio da preparación desta exposición Bea Laya, quen demostrará grandes coñecementos e experiencia, e comezará aquí unha colaboración desinteresada con múltiples textos nas seguintes exposicións. Unha peza deste quebracabezas.

"Luz que nunca se apaga" é unha mostra que engloba tres series ou etapas máis recentes do pintor e profesor pontevedrés Juan Rivas. "Fotografías no lugar", na que o pintor expón unha fotografía da acción de pintar a paisaxe na mesma paisaxe, é dicir, utilizando como soporte, habitualmente, os terribles postes, ás veces de madeira e outras de formigón, que permanecen sementados ao carón das estradas, pistas e camiños da nosa paisaxe. "Paisaxes tuneadas", uns óleos en pequeno formato da paisaxe inventada ou recreada, nunha procura da beleza do "feísmo". E "Paisaxes Nocturnas", serie de lenzos que lle da o título á exposición na que aparecen diversas paisaxes nocturnas iluminadas por esa luz que nunca se apaga, pola iluminación dos camiños, nun ambiente inquietante.

Chega, coma viña sendo habitual en maio, a sexta edición e última mostra colectiva *ArtefactoSalnés* na que, baixo o título "Cancioneiro", as pezas presentadas reflexionan sobre os vínculos existentes entre a arte e a música, a través da escrita, a pintura, a escultura, a ilustración, o deseño e a moda. Ao meu amigo, colaborador, profesor e coordinador dos traballos dos alumnos do instituto, Fernando Arenaz, destínano a unha pequena vila ourensá, botando por terra todo aquel proxecto.

A pintora arxentina afincada en Vilagarcía, Marcela Santorun, presentou no Pazo Torrado baixo o título de "Abismos", unha serie de lenzos de recente creación onde afonda sobre os nosos recordos e medos, os nosos abismos interiores.

Contactar con Manuel Vilariño e que accedese a expoñer en Cambados foi un deses momentos especiais que este traballo me fixo vivir. O Premio Nacional de Fotografía, representante de España na Bienal de Venecia do 2007, aclamado internacionalmente e expoñendo en contadas ocasións no territorio galego, non só accede a expoñer, se non que pon todo o seu empeño para realizar unha exposición de altísimo nivel. Entrar no seu mundo, na súa casa deseñada polo seu amigo e arquitecto Manolo Gallego, nos seus almacéns, na intimidade da súa extensa biblioteca, charlar sobre a vida e a arte naquel xardín desfrutando dunha cervexa fría, despois dun longo día de bo traballo, falando de Rilke e de Islandia, da música e da vida, que case cun espírito eremita, afronta. Así nace "La Rama Dorada", e todo o que hai detrás deste enigmático título. A que lle serve a Eneas e á Sibila de Cumas para pagar a Caronte, o barqueiro do Hades, tantas veces representado



Manuel Vilariño na inauguración da exposición "La Rama Dorada" | JOSE VAAMONDE

por pintores como Turner ou dando título a aquel ensaio sobre maxia e relixión de J. G. Frazer.

En setembro seguía a fotografía nas paredes de Torrado. Outro tipo de fotografía. Pasabamos da foto artística á xornalística. Volvía o *Festival Proxecta* con "Estação Imagen 2015". Quedara reducido a esta exposición por problemas dos organizadores do festival. A inercia levará a cousa ao estatismo. Tanto transporte coma montaxe corrían pola miña conta. A parte de que sempre nos cedían o premio do ano anterior. Iamos con retraso e iso non me gustaba. Ese foi o principio do fin.

"Sete habitacións" de Juan Fernando de Laiglesia, foi unha exposición onde a instalación interactiva e efectista por un lado, e a profunda carga conceptual das pezas por outro, tomaban as sete habitacións do pazo cambadés. Artista afincado en Vilanova, decano naquel tempo, hoxe profesor emérito da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, expuxera xa naquela III Mostra de Arte Contemporánea con Manolo Moldes e Fernando Casás alá polo 2012.

O escultor Miguel Ángel Vigo Baleirón, de gran talento e calidade artística a pesar da súa curta idade, presentaba aquel novembro "Extramundi", unha serie de pezas de corte hiperrealista, cabezas e caras con gran carga expresiva albergaban as estancias do vello pazo.

E chega o Nadal. Durante meses estiveramos traballando Héctor Quintela e máis eu sobre o FOGA (Fato Onirista Galego), grupo artístico que nacera en Santiago alá polo ano 1975, das mans, ou cabezas, de J. Méndez, Kukas, Yayo Cabezas e un malogrado Garrido. De surrealistas tiñan a intención e os costumes, moitos a estética, pero en canto a isto último eran menos ortodoxos, xa que había tendencias expresionistas latentes. A raíz dun intento de biografía que tentamos elaborar do pintor cambadés Lino Silva, e dunha exposición que houbera no Pazo de Fonseca en Compostela sobre o grupo organizado por eles mesmos, nace "Cambados e FOGA". Unha exposición que intentaba explicar ou expoñer que foi e que supuxo para a arte galega, e a forte e moi importante presencia cambadesa no grupo. Ademais dos xa citados, estaban Luís Fega, Anselmo Lamela, Doro, Jose Luís Seara e os cambadeses Carlos O.

Oubiña, un moi novo Francisco Leiro, e xa no ocaso do grupo, Manolo Paz.

## 9. Conectando o piloto automático. 2017

Comezamos un 24 de febreiro o ano cunha exposición dun artista ben querido en Cambados, Saúl Otero, que titulada "Chispas e virutas". Esta é unha selección das diferentes épocas e teimas, debuxos, pinturas e artefactos que foi realizando ao longo destes anos. En palabras da comisaria, Paula Tilve, esta é unha exposición "Formulada coma estratos da súa diversidade artística, móstrasenos articulada en pequenos ocos onde atoparemos ao Saúl construtor de espazos, de arquitecturas, de seres híbridos, de persoeiros de augada, de ensamblaxes *ecomáxicos*"

Sempre lembrarei como fotogramas dunha película ou recordos fugaces dun soño estes momentos tan vitais para min. Chegar ao estudio dun artista ten moito con sentirse espectador ou *voyeur*. Descubrir de onde saen as pezas, dos seus gustos, da súa forma de traballar e de vivir. Empaparse do ambiente é esencial. Creo que para escribir sobre calquera cousa hai que vivila antes. Se non seriamos impostores. Cando non ególatras que falan de si mesmos nomeando a outros. Se illamos a obra do autor, e do que lle levou ata ese punto, estámonos a perder gran parte da súa historia.

E sempre lembrarei aquel luns chuvioso cando cheguei ao taller do escultor Francisco Pazos. A pesar da grande cantidade e variedade de obra que alí había (unha gran finca, un obradoiro exterior e unha gran casa de pedra que cría vivenda pero que servía de almacén expositivo, coas súas tres plantas repletas de pezas) foime relativamente sinxelo escoller as pezas que irían para a mostra. Ás veces o autor xa as ten escollidas, outras confían no meu criterio. Eu estou contento coas dúas opcións. Por suposto, eles saben máis ca min da súa propia obra e eu coñezo o lugar a onde van. O título da exposición, "Diversidades homoxéneas", responde a esa variedade de materiais e estilos que presenta un 31 de marzo no Pazo Torrado.

A seguinte. Unha pintora afincada na cidade da Coruña, Yolanda Dorda, presenta os seus "Segredos". Unha serie de lenzos de gran formato e collage dixitais, de forte pegada expresiva todos eles, que mostran a figura humana, rostros e corpos femininos na maioría dos casos, nas distintas etapas da vida e cunha carga en maior ou menor medida erotizante.

E chegou o verán e con el os "Versos soltos" do fotógrafo coruñés Vari Caramés, outro mestre da fotografía, con obra en multitude de coleccións e exposicións nos museos e galerías máis importantes da península. *Versos soltos* son iso, fotografías de distintas series que acompañaron ao fotógrafo e que nas estancias do pazo toman outro significado. En palabras de Bea Laya "Versos Soltos non amosa historias nin acontecementos concretos, senón o propio recordo do evocado, do paraíso perdido recuperado a través das imaxes, coma as pegadas que quedan en nós tempo despois dun soño." E neste caso si que é vital saber como é Vari para entender o que fai. Home de gran corazón, urbanita, amante da fotografía e do jazz, dos pequenos instantes das conversas profundas, das risas e dos amigos.

Logo veu unha exposición a dúas mans: "Pretextos inesperados". A obra de dous artistas que entre eles non se coñecían pero nos que eu vin un nexo en común. Dúas linguaxes herdeiras das vangardas históricas máis tardías: o dadaísmo e o surrealismo, mesturadas cunha cola especial para literatos e lectores empedernidos. Os colaxes que como ilustrador Fausto Isorna traballa e os obxectos literarios ou poemas visuais que o escritor e artista Pepe Cáccamo (Xosé María Álvarez Cáccamo) compón, fixeron as delicias dos asistentes á mostra.

E seguimos de novo, esta vez cun pintor que, creo, aínda non está de todo considerado a pesar da súa longa carreira e a súa presencia na pintura galega. A pintura de Morquecho é inconfundible. As súas paisaxes fainas del, cunhas cores e unha pincelada totalmente recoñecibles, ás veces rozando unha abstracción contida, e todas respirando o aire fresco da liberdade. Vermont, uns lagos en Finlandia, o Danubio ao seu paso polo sueste bávaro, tintas de Berlín, o Ulla ou as montañas galegas pasaron polas estancias no Nadal do 2017. Xa o coñecía dos meu anos en Santiago e tiña esa débeda. Así recordo eses "Silencios naturais" que deron título á exposición. Alejandro de la Sota diría da súa pintura: "O descubrimento dunha nova paisaxe engadida ás xa existentes nun sitio apóiase nunha ferramenta humana: a sensibilidade."



Soledad Penalta na súa exposición "Cal é a carga precisa da pregunta?" | JOSE VAAMONDE

### 10. Desfruten da viaxe – 2018

Unha colectiva para comezar o ano nunca está mal. Tampouco para terminalo. Entre elas, catro exposicións individuais con mulleres como protagonistas. Dúas artistas clave para a historia da arte galega, escultora unha e pintora a outra; unha artista cambadesa á altura da programación; e outra, unha arriscada aposta por unha nova promesa. No medio un triste suceso que afectou á arte galega e, como consecuencia, un inevitable cambio na programación. Casualmente dúas das artistas programadas para este ano en Cambados son as elixidas como membros da Real Academia Galega de Belas Artes. Todas as disciplinas presentes.

Pazo Torrado abre o ano cunha mostra colectiva comisariada por Ana Cancela. Co nome de "Conversas inesperadas", as artistas Yolanda Ríos, Iria Cortizo, Víctor Tomé, Joanna Soto, Malú Feijóo, Laura Álvarez, Encarna Salas, Servando Barreiro e a propia Ana Cancela presentan unha exposición multidisciplinar onde se aborda o concepto artístico dende ángulos moi diferentes e persoais, levando ao espectador por unha viaxe de múltiples lecturas e estéticas.

A escultora noiesa Soledad Penalta é a elixida para expoñer entre abril e xuño co título "Cal é a carga precisa da pregunta?". Aínda que comezou coa cerámica enseguida entra en contacto co metal, chegando a realizar traballos dunha complexidade e beleza asombrosa. Escribir no metal, escribir poemas do persa Omar Khayyan en trinta e sete cilindros de aceiro inoxidable que



Menchu Lamas na inauguración de "Vieiros da cor"

penduran do ceo (teito) cunha pistola de plasma feita so para cortar metal contén un mérito e un talento innegable. E creo que nunca me levou tanto tempo montar unha peza. E se sabemos un pouco da súa longa carreira entendemos por que é seleccionada para expoñer no Salón de Outono dos Campos Elíseos de París ou levar a súa obra a Florencia.

Cos "Puntos de fuga" de Emérita Méndez entramos no seu cosmos. É a segunda vez que expón en Torrado. Unha serie de pequenos debuxos, tintas e pinturas onde amosa un mundo moi persoal cheo de xogos de palabras e de vivencias persoais que transforma cun código enigmático e hermético que só a artista revelará.

E chegamos ao verán. E como adiantaba ao comezo deste capítulo ocorría algo inesperado meses antes. Coñecera a Berta Cáccamo un ano antes durante a exposición do seu irmán Pepe Cáccamo e, logo de ter falado, aceptou a invitación de expoñer este ano en Cambados. Pero ás veces a vida colle rumbos impensables. Logo de comunicarme o seu problema de saúde quedei en retomar o traballo para a exposición ao ano seguinte. No 2019. Mentres, xa pensara en quen podería chamar para ocupar as datas dunha artista tan importante coma Berta. Só me viña á cabeza Menchu Lamas. Non tiña ningún contacto directo. Só as redes sociais. Aceptou sen dubidalo despois de explicarlle o problema. Á semana logo de falar por última vez con Berta chegoume a triste noticia. Sorpresa e conmoción.

Así, chegada a data, un tanto consternados, tomo o contacto con Menchu Lamas. Logo de vir

a Cambados en varias ocasións e coñecer o espazo nace a exposición "Vieiros da cor". Unha selección da obra que ten no taller de Vigo onde pasa o verán. Ela vive en Madrid, onde traballa o resto do ano. A miña preocupación, coñecendo a obra da pintora, era como vou meter os cadros no pazo e en que paredes. Por sorte trouxo a obra pequena. 200x250 cm. Unha das pintoras que conformaron aquel grupo chamado *Atlántica*, do que o noso Francisco Leiro formou parte, que fixo que a arte galega saíse das fronteiras nacionais e cruzase o charco, e tamén seleccionada para a Bienal de Sau Paulo ou para exposición *Five Spanish Artists* de Nova York, xunto a nomes como Miquel Barceló.

Este mesmo ano, en meses diferentes, Soledad Penalta e Menchu Lamas pasaron a formar parte da Real Academia Galega de Belas Artes, nas seccións de escultura e pintura, respectivamente. Toda unha alegría e unha sorte contar con elas precisamente este ano.

A continuación unha artista emerxente toma as salas do pazo. Julia Huete colga das paredes os seus bordados abstractos, cunha estética *minimal*, sobria e arriscada baixo o título de "Caballos combos sobre el verde rápido". Un enigmático título extraído dun dos poemas da estadounidense Sylvia Plath. Días despois da inauguración viaxou cunha bolsa da Real Academia Española en Roma para a súa estancia durante este curso.

E en decembro desembarca o colectivo PATAKA, que baixo este curioso nome, tomado dun bar santiagués, atopamos artistas como J. Méndez, Ramón Conde, Jorge Agra, Camilo Seira, Carita Dubrovin, Pilar Feas, Pilas Sampedro, Andreas Ruíz Dubrovin, Vicente Ruíz, e A. Rivero de Aguilar. Pintura, escultura, fotografía, téxtil cada un cunha personalidade propia, cunha forma de ver a arte con liberdade, personalidade e á marxe de tendencias. Unha exposición vistosa, variada, divertida e de calidade, cheos de ilusión e profesionalidade.

## 11. Chegando ao destino.

E chegou o 2019 cumpríndose os dez anos da sala municipal. Comezamos con *Prace*. *Grupo de Investigación da Facultade de Belas Artes*, onde atopamos a Roi Domínguez, Alba Fandiño, Iria Cortizo, Yolanda Ríos, Julia Huete, Ventura Pérez, Chelo Matesanz, Juan Carlos Román, Mónica Ortuzar e Javier Tudela, na exposición chamada "Provisionalidade permanente".

Logo virá María X. Fernández con "Río", Xurxo Alonso con "En luz escrita", Antón Patiño con "Habitar o labirinto", Berta Cáccamo en "Pensar en Berta" e terminaremos con Fernando Arenaz en "Coa música a outra parte".

E intentarei celebrar que seguimos en pé, intentando facer algo distinto e de calidade a longo prazo, para esta pequena vila que é Cambados, sempre que o tempo mo permita.

NOTAS

1. Narciso Pérez Rey (1904 - 1930). O escultor cambadés é autor do "San Ero da Armenteira" (1927) e do "Guerreiro celta" (1928). Falecido a raíz dun accidente de automóbil cando se dirixía a París cunha beca de estudos.



Jose Vaamonde durante a montaxe da exposición de Francisco Pazos | IÑAKI ABELLA

# VERSOS SOLTOS

## Vari Caramés

Presentación de Jose Vaamonde

DURANTE o verán do 2018 Vari Caramés estivo expoñendo no Pazo Torrado unha serie de obras agrupadas baixo o título *Versos Soltos*. Con motivo daquela exposición, puidemos desfrutar dunha conferencia na que repasou a súa traxectoria artística e nos desvelou as súas motivacións á hora de fotografar.

Vari Caramés* naceu en Ferrol no 1953, aínda que a súa vida e traballo transcorrerá dende os 10 anos na Coruña. Fotógrafo de formación autodidacta, comeza no 1980 coa súa primeira exposición no bar Patacón, pasando a percorrer en poucos anos coa súa obra institucións públicas e privadas por todo o mundo: Ferrol, Vigo, A Coruña, Bilbao, Valencia, Madrid, Barcelona, Lisboa, Coimbra, Istambul, Chicago, Lima ou, como non, Cambados.

Entre as series máis coñecidas do seu traballo destacan *A movida viguesa, Coruña by night, Castelos de Galicia, Compostela, Nadar, Miraxes, Pasatempo, Visión Animal, As Meninas de Vari...* entre moitas outras. Entre todas estas series creamos estes *Versos Soltos*, exposición na que se amosan algunhas das obras pertencentes a estas series e que Vari Caramés seleccionou para esta mostra no Pazo Torrado.

Conta con varios premios no seu haber, entre os que se atopan a *Bienal Internacional de Fotografía Contemporánea Pilar Citoler* no 2013, finalista e accésit no 2011 en *Caminos de Hierro* da Fundación de Ferrocarriles Españoles, gañador e varias veces finalista do premio Luís Ksado, mención honorífica no III Salón Internacional de Fotografía de Corea, e finalista e accésit no Premio Hoffman de Fotografía en Valencia.

A súa obra está repartida por numerosas colecciónsprivadas e públicas, como na Fundación Barrié, Fundación Pilar Citoler, Museo Centro de Arte Reina Sofía, Círculo de Belas Artes de Madrid, CGAC, Centro de Estudios Fotográficos de Braga, Museo Marugame en Xapón, Galería Trinta, MACUF...

As súas grandes influencias son a literatura e a música, especialmente o jazz, a súa gran paixón. Tamén o cine. Pero, sobre todas, unha influencia: a da vida. Vari Caramés é un fotógrafo urbano, inmediato, cazador do azar. Non busca as imaxes senón que as atopa.

Para rematar, gustaríame apuntar un texto de Miguel Fernández-Cid que describe moi ben a forma de ser de Vari:

> Vari Caramés lleva la fotografía dentro del ojo, por eso importa poco la calidad de la cámara que utilice. Quién le observe trabajar es probable que no repare con justicia en cómo marca los tiempos, en el reparto que de ellos hace. Pasea y ronronea en torno a su pieza cuando la siente próxima. Mira como si no lo hiciese, coqueteando con el objetivo. Quizá para que se relaje, o se relajen ambos, que todo es posible. Casi de improviso, saca del bolsillo su mano y la acerca al ojo. Entonces descubrimos la cámara, pero es tarde. El disparo está hecho[1].

* Para coñecer a biografía e a obra de Vari Caramés, é útil a consulta da súa páxina persoal: http://varicarames.com




Vari Caramés durante a conferencia no Pazo Torrado a raíz da exposición "Versos soltos" | JOSE VAAMONDE

## "VERSOS SOLTOS" DE VARI CARAMÉS

AS dúas primeiras veces que tiven a oportunidade de expoñer en Torrado, non quixen facelo por diferentes motivos, pero xa a terceira vez, ante tanto cariño, tanta intención, insistencia e complicidade, foime imposible dicir que non a Jose Vaamonde. E xa cando vin a Sala Torrado a aceptación foi definitiva. Para que eu expoña nun sitio, ten que haber algo máis que un mero espazo expositivo. Ten que haber algo que me motive e seduza. Expoñer é expoñerse tamén, e hai que afinar moito e ser moi coidadoso para que a exposición resulte e estea acorde co que queremos.

A historia que naceu desta complicidade con Jose Vaamonde foi moi bonita, xa que foi enfiándose pouco a pouco. Ao principio manexábamos dous títulos para esta exposición: *Versos Soltos* e Álbum. Nun proxecto fotográfico para min todo é moi importante: dende o título ata a presentación, pasando pola edición que sen dúbida é a parte máis importante. Ten que estar todo moi ben encaixado e que sexa coherente.

Cando cheguei á Sala Torrado, cando a percorrín, algo me enganchou porque vin unha conexión co meu traballo. Gústame ese movemento con ritmo no que van sucedendo as cousas de forma natural. E aquí no Pazo Torrado o percorrido pareceume moi bonito, dando xogo para expor unha relectura das miñas obras. Agora mesmo atópome nunha etapa moi re: repensar, reler, reconstruír, resistir... Por iso este xogo de repensar e reler que ofrecía este espazo pareceume moi interesante. E esa revisión de sacar de novo moitas imaxes pertencentes a diferentes momentos fíxome graza.

En canto á forma de situalas e deseñar a exposición foi moi divertida. O divertimento, pasalo ben co meu traballo é unha parte fundamental. Para min isto non é un sufrimento. O sufrimento xa é a vida mesma, a fotografía para min é un pracer. Dende que proxecto un traballo, vouno pensando, collendo cousas, editando e seleccionando, e durante todo ese proceso estou contento, motivado. Estou feliz. Pásoo ben incluso montando a exposición ou durante a edición



Vari Caramés e Víctor Caamaño na inauguración de "Versos soltos" | JOSE VAAMONDE

dun libro. Todo aquelo que teña que ver co meu traballo resúltame divertido. Ten que resultarme divertido, se non, se me aburre, non me interesa.

De cara a esta conferencia, ocorréuseme facer unha pequena homenaxe á miña primeira publicación. *Álbum* foi o meu primeiro libro, publicado no 1989, e ao cal lle teño moito cariño. Para min é moi importante, xa que é o libro que me deu a coñecer. Grazas ao Centro de Estudos Fotográficos de Vigo, e a Xosé Luís Canal e Manuel Sendón, creadores da Fotobienal de Vigo, aos cales lle debo que apostasen por min e que confiasen no meu traballo. Curiosamente, se o comparamos cunha das miñas últimas publicacións, *Vari Caramés* -da Colección *El ojo que ves*-, resulta unha metáfora de como as cousas se van engadindo, as vivencias se van xuntando para crear esta obra. Case como se fose un tren, no que cada vagón se vai xuntando con outro. No meu traballo, eses vagóns xamais son compartimentos estancos. Sempre se pode pasar dun vagón ao outro, dunha serie a outra, indistintamente, xa que nunca son historias pechadas.

Falando do recorrido circular, gustaríame apuntar que co paso do tempo vexo, por exemplo, certas fotografías ás que lle teño moito cariño. Algunhas atópanse expostas no Pazo Torrado, as cales quixen traer expresamente. En todas elas vese unha das miñas moitas obsesións, e é que o presente, a actualidade, nunca me interesou e segue sen interesarme. Sempre intentei que as fotos non parecesen que eran actuais. O que representan, ese presente da fotografía, non existe para min. O presente é unha fronteira entre o pasado e o futuro. Ese é o campo no que a fotografía, os fotógrafos, temos que crear. Ese é o noso traballo: crear unha nova realidade, inventar un novo presente. A realidade é a que eu creo, a que me relaxa e equilibra, fronte a unha realidade que a todos nos excede dalgunha maneira. Entón, eu o que intento é crear o meu oasis emocional, ese lugar a onde eu vou: a fotografía. Por iso para min resulta pracenteiro, xa que é o deserto no que me mergullo para desfrutar deses momentos.

### Pasatempo

Unha das fotografías que máis quixen destacar nesta exposición, pertence á serie *Pasatempo*. Unha fotografía que representa a esencia desta exposición, ese verso solto que tan ben escenifica esta imaxe. O lugar da carencia, da fraxilidade, do

romanticismo. A partir desta serie, un dos meus traballos máis recentes, irei comentando un pouco o meu traballo máis recente e retrocedendo cara os máis antigos.

*Pasatempo* naceu hai tres anos, nun momento no que eu me atopaba física e psicoloxicamente un pouco baixo. O paso do tempo a todos nos afecta, e no meu caso, sendo o meu traballo totalmente autobiográfico, este traballo vai ligado a ese momento. O que facemos reflexa o que somos, e coa fotografía ocorre o mesmo: forma parte de todo aquelo que somos e que facemos, forma parte das nosas vivencias. O noso mundo, no fondo, componse de millóns de partículas que ao final teñen o seu propio ADN, e que levan a nosa firma.

Eu sempre tiven moita fe en min mesmo e no meu traballo. Isto é fundamental, xa que se non fose así, posiblemente me estaría dedicando a outro tipo de fotografía máis corrente. Con isto non quero dicir que non me guste facer encargos. Ao contrario, encántame. Fascínanme e parécenme un reto marabilloso, xa que tes unhas liñas, o teu traballo está pechado en certos aspectos, e no fondo é divertido traballar baixo esa presión temporal que está asociada á finalización dun encargo.

Esta serie *Pasatempo* componse de 11 fotografías a modo de homenaxe a ese lugar que dende neno me fascinou, e que eu tiña gravada na miña memoria coma unha película de super-8. De feito, primeiro gravei en este formato xa que me gustaba a súa textura, así permitíame evocar esa imaxe tan *naif* de cando eu tiña doce anos, a primeira vez que meus pais me levaron a velo.

Naquel momento eu atravesaba unha etapa de barbeito, na que buscaba novos proxectos sobre os que traballar, ata que de súpeto, un día decateime de que este era o proxecto que estaba buscando, e que ese proxecto se atopaba dentro de min. A serie nace coma unha homenaxe a este espazo, pero tamén ao recordo del, e ao mesmo tempo con esa tintura autobiográfica na que o momento da miña vida estaba moi conectado con ese aspecto de fraxilidade e decadencia.

Esta serie componse de 11 imaxes porque sempre que expoño o meu traballo gústame pensar na súa adaptación ao espazo e crear nel unha historia. Nesta ocasión, a exposición era na Galería Trinta, que como sabedes é un espazo pequeno. Por iso ocorréuseme que este traballo sería en formato máis pequeno. Son imaxes que falan da decadencia, da fraxilidade, do paso do tempo, do que se rompe, da falta de mimo e cariño. E tamén fala dun mundo evocador, do mundo que os irmáns García Naveira crearon como postais históricas. Eles puideron permitirse o luxo de viaxar naqueles tempos, e quixeron que a xente tamén puidese ver as cousas que eles viran nesas viaxes: as pirámides de Exipto, a canle de Suez... A miña intención con este traballo era render esa homenaxe do paraíso perdido que sempre está presente no meu subconsciente, e no que todo aquelo que é fantasía parece que se vai estragando: a maleza vai chegando, as pezas deterióranse... o paso do tempo é así.

Este é o mundo do pasatempo que sempre está presente no meu traballo: o xogo da fantasía, da ilusión, de ir máis alá da man da imaxinación e da evocación. Coma o *Buzo* totalmente fantasioso, ou o *León* que todo o contempla dende a súa atalaia.

O meu traballo sempre me gusta que sexa unha sorpresa. Podo adiantar un título, un tema, pero nunca amoso nada ata que o remato. Non me gusta ensinalo antes xa que para min o factor sorpresa é moi fermoso, ademais de moi interesante. Sen embargo, non me importa adiantarvos por onde vai a ir: a idea é un pouco continuar coa estética amosada na serie *Pasatempo*, buscando lugares de fantasía, de evocación. Lugares.

Agora vou ir un pouco máis atrás no meu traballo. Sempre me gustou a unión entre música e imaxe, xa dende moi novo buscaba esas diapositivas que acompañasen a música en proxeccións. Aínda agora o sigo facendo con pinceladas de diferentes series, como follas soltas nas que están presentes tamén todos aqueles temas que me obsesionan: a noite, o misterio, o indefinido, o estraño, o insólito, a maxia das cousas ou a súa historia, o cotiá. E logo tamén hai algo que me interesa moito, e que sempre procuro subliñar: sintetizar, buscar que algunhas imaxes cheguen a ser case coma debuxos.

Obviamente, hai moitas imaxes que teñen unha vida privada. Sempre me apeteceu escribir un pequeno libro sobre a vida privada das fotografías, anécdotas íntimas que nun momento determinado me podería interesar contar. Para min non é importante de onde sacamos as cousas, senón a onde as levamos, onde as proxectamos. É entón cando nos enriquecemos cas cousas, á




Retratos de Vari Caramés e anotacións da conferencia no caderno do pintor Juan Rivas

hora de recitalas a través de nós. Ese exercicio de argumentalo e trasladalo a algo que sexa sedutor para o espectador.

Na fotografía é importante non seguir modas, xa que estas acaban por pasar. Faime gracia como o tempo pon as cousas no seu sitio. Eu mesmo fun moi criticado pola miña técnica, e agora faino todo o mundo. E eu alégrome, estou encantado, e dende logo vou a seguir facendo o que sei e porque me apetece, non vou a cambiar porque algo agora estea de moda. Fago o que considero que debo facer en cada momento. Aínda que sempre me gustou ir un pouco na contra. Pero sempre hai que evitar repetirnos, non caer nos nosos propios tics.

### Nadar

Referente aos temas que me interesan, destaco a intención de meterme dentro da chuvia, da bruma. Gústame máis evocar que evidenciar. Suxerir. O mundo da imaxinación, facendo cómplice ao espectador, dialogando con el. A serie *Nadar* quizais sexa a que mellor me define: é unha serie para o meu gusto moi compacta, de fotografías realizadas a finais dos oitenta. Sen embargo, como serie completa expúxose no ano 2010 e 2011.  Xa vedes que o tempo para min é importante: co seu transcurso decidín repensar, reconstruír esta historia de imaxes inéditas, e darlle así unha forma definitiva. Gustoume moito facer isto, recuperala, xa que existía un libro sobre a serie que hoxe en día é case imposible conseguir.

Ser fotógrafo é facer que a xente mire o que eu quero que mire. Quero que vexan algo concreto, e para iso hai que ser moi certeiro. Quero que vexan algo e que ao mesmo tempo lle fale de min. A auga é un mundo que me interesa especialmente, porque é moi plástico. Sempre busco ver a través de algo: dunha ventá, da auga... de dentro a fóra, e de fóra a dentro. Vou contando cousas que vivín ou soñei, e agora quizais vou máis cara a imaxinación, o desexo, a intuición... Tamén a forma de mirar cambia coa idade, e as fotografías cambian con ela.

Foi no ano 1999 e 2000 cando fixen o cambio á cor, un tránsito asumido como un reto persoal, aínda que xamais abandonarei o branco e negro xa

que é parte do meu traballo. O meu lema é: fai o que poidas co que teñas, esteas onde esteas. Nunca tiven demasiados obxectivos ou cámaras. A fotografía é algo que non precisa tanta técnica, senón unha ferramenta fundamental para trasladar o mundo interior ás imaxes. O máximo que cheguei a ter foi un 200 mm, e poucas veces o empreguei, porque a miña forma de ver as cousas é máis próxima. A cámara non é o máis importante para min. O reto de poder facer cousas sexa coa ferramenta que sexa é o que me interesa. Non podemos ser cuadriculados, debemos de deixarnos divagar un pouco, ver por onde imos. O mundo da creación é o que me fascina, porque é coma o jazz. Empezas cunhas notas para logo ir improvisando, e sobre a marcha vas facendo cousas, ata dar con ese punto no que un se atopa a gusto. O importante é a decisión, a determinación de cada un á hora de expor un proxecto. Tomar decisións, que aínda que é moi doloroso e sacrificado, hai que elixir e montar un mundo en décimas de segundo. Ter a determinación de facelo rápido, e saber elixir unha toma ou fotografía no momento preciso é o que nos define aos fotógrafos. Aprender a mirar para chegar a ver lévanos toda a vida. É un exercicio constante.

### Recreo

A serie *Recreo* quizais sexa a máis abstracta, case coma un pequeno homenaxe á infancia. Aquí repítese esa textura que tanto me gusta, do indefinido e do imperfecto que para min é perfecto. Ese insinuante rexistro de calidades e tons axúdame a contar o que quero. É como ver cos ollos entornados, e se os vas abrindo pouco a pouco vas vendo o que hai, sen ensinalo todo. Este é o meu mundo: unha fantasía, unha exploración. Nesta serie xa me deixei ir totalmente, case como tirándome polo tobogán. Non podemos deixar de ser nenos, porque senón estaremos perdidos. Oxalá nunca deixemos de selo, de intentalo, de xogar e fantasiar. Funcionou moi ben economicamente nas galerías, algo que un non pode previr, e non chegas a saber porqué.

Busco sempre ese mundo histórico, que case deixa de ser fotográfico para quedar na fronteira da pintura, da acuarela. As cores alteradas, contrastadas. Outra forma de ollar, de compoñer. Unha das fotografías da serie *Recreo* gañou un concurso de artes plásticas, do cal estou moi orgulloso, xa que o soporte é o de menos. No fondo é unha pintura, e gustoume moito que me desen ese premio. Son unha persoa persistente, insistente, moitos dos premios que teño os gañei despois de presentarme varias veces. Porque pensaba que podía gañalo, e unido á miña insistencia, conseguino. Por iso sempre hai que arriscar e dalo todo.

### Miraxes

Unha das primeiras series que fixen foi *Miraxes*. Miraxes é unha palabra que me encanta, por iso lle puxen este nome, xa que aínda que non se emprega moito no galego, no portugués significa espellismos. É unha das primeiras series nas que pasei do branco e negro á cor. Intentei que o tránsito non fose abrupto ou crispado, senón que fose suave. Foi unha experiencia moi interesante e beneficiosa para min, xa que unha vez que superei esta proba sentinme máis seguro, máis forte.

Non creo nunha forma única, o que nos singulariza aos fotógrafos é a forma de intervir, das decisións que se toman durante o traballo. Unha parte moi dura é a selección. Eu dende que empezo un tema ata que o termino, nunca sei o que vai a suceder. Penso primeiro na tea e despois busco o xastre. Unha vez que tes o traxe xa buscas os complementos. Todo ten que estar perfecto e impecable. Porqué un determinado tamaño, unha textura.. esas dúbidas e reflexións levan moito tempo, xa que a mestura é complicada. Tódolos detalles, ata os máis pequenos, son moi importantes. Cada elección é fundamental, xa que a personalidade do autor ten que estar presente, ten que amosarse. Teño que estar moi contento e seguro de que un traballo meu estea ben argumentado e traballado. Unha das miñas manías, daquelas que nos fan ser como somos.

### Escenarios

A exposición de *Escenarios*, a cal lle teño moitísimo cariño, está pensado dunha forma descaradamente pictórica. Aquí as fotos mandeinas imprimir en lenzo para recalcar aínda máis ese carácter pictórico. Foi unha boa experiencia. Atopei á persoa coa que tiven seguridade, complicidade para facer estas copias e

fíxenas así nese momento. Non as volvín a facer en lenzo porque confeso que sae caro, é complicado. Logo dese mírame pero non me toques á hora de manipulalas, de montalas e de recortalas, quedan moi ben nas paredes da casa, pero un non sempre acerta.

Como dicía Woody Allen, "Sempre fago a mesma película. O importante é contala dunha forma diferente". Tamén dicía que "a realidade é o único sitio que coñezo onde se pode comer un bo chuletón" -risas.

Queríavos contar unha anécdota. Fai catro ou cinco anos, expuxen unha retrospectiva na Sala Rekalde de Bilbao e pasoume unha cousa moi curiosa. E é que unha señora fixo unha denuncia en toda regra á Deputación Foral de Guipúscoa porque a Deputación gastaba unha "pasta" en facer unha exposición dun fotógrafo incompetente totalmente: borroso, desenfocado... e aquilo xerou unha reacción institucional. Puxéronse en contacto comigo desculpándose... A min iso fíxome reflexionar. Ao mellor esta señora ten algo de razón. Porque eu chego co meu "tenderete" coa miña forma de ver a vida e á señora non lle gustou e protestou. E fixo ben. Ben, non tanto como para denunciar. E fíxome reflexionar, fíxome pensar, pero ao final considerei que isto é o que tiña que facer e sigo pensando o mesmo. Axudoume a pararme a pensar en que ao mellor podemos estar equivocados. Non pasa nada por ver outro camiño, probar cousas novas, pero ao final cheguei á conclusión honestamente de que fixen e fago o que teño que facer e sígoo facendo. E lembrei un consello que me daba meu pai quen, por certo, sempre me daba bos consellos, que dicía: "Escoita a todo o mundo pero non lle fagas caso a ninguén". É un gran consello, porque escoitar hai que escoitar sempre, pero ao final quen ten que decidir é un mesmo. Eu fágolle caso a todo o mundo, iso si, a determinación, a decisión última é persoal. Cheguei á conclusión de que eu quero seguir camiñando, como a portada do meu libro[2], explorando un camiño entre a néboa e atopar o meu eu. Facemos as cousas que nos gustan, non as que lles gustan aos demais. É un capricho e é algo tan íntimo e persoal que nin se me ocorre pensalo doutra forma. Ser honesto no momento en que volo presento a vós, sexa o que sexa que teño que presentar. Outra cousa é que vos guste.

Tamén dicir que eu son un fotógrafo analóxico. Non teño ningunha cámara dixital. Pero por que? Non teño nada contra o dixital pero eu tomei a determinación, coma un náufrago, de resistir. Resisto na miña illa coa miña cámara e coa miña película. Ata que haxa película eu vou seguir facendo película. Que pasa? Que todo é híbrido na vida. O mundo da arte é híbrido. É un territorio híbrido. No momento en que se revela esa película o proceso é totalmente dixital. E non pasa nada. Eu nunca fun un virtuoso da técnica. Fixéronme copias dende Manuel Serra, Castro Prieto, Caruncho... moitos copistas boísimos e pódovos dicir, con todo o orgullo e a humildade do mundo que as mellores son as miñas. E non digo isto por chulería. Dígoo porque as que máis me gustan son as miñas porque eu sei como as quero. Ninguén pode facelas coma min simplemente por iso. Non é que o fagan mal. Fano mellor ca min. Pero a min gústame facelo peor. As malas son as que máis me gustan. Son as miñas.

O analóxico pasou á historia. O dixital o que ten é que é todo máis cómodo, máis práctico. Por que? Porque unha copia sae exacta. E a seguinte sae igual. No analóxico non. Recordo que cando se publicou *Álbum*[3] fíxose unha edición de cincuenta exemplares acompañados dunha copia dunha foto. Eu fixen as cincuenta fotos. Tiña o laboratorio con tendais cheos desta foto. Estaba farto de vela. Ademais tiña que repetila porque ás veces non saían igual por moitos factores: a temperatura da auga, o revelador vaise queimando... fixen moitas copias e acabei farto dela. Non o volvo facer xamais. Paréceme ridículo, inútil. Queda perfecta a foto. E a min iso encántame e ninguén o vai notar, e aínda que a note é un capricho tan tonto que non o pagará... Pero iso si, todos os coleccionistas queren ter esa foto, unha foto única, só del e que lle custe cinco pesetas. Pero iso non existe. E dígolle: "Facemos unha cousa. Eu douche o negativo, só o tes ti pero cóbroche unha pasta por el". "Ah, non, non, pero iso é unha barbaridade". Pero entón que é o que queren? Queren unha foto bonita, que non existe porque a reprodución da fotografía é un valor intrínseco, porque non é unha pintura, é unha fotografía. E punto.

Estes discursos de que se o dixital, o analóxico... eu o que creo é no híbrido, no que funciona, calquera cousa que che valga, xa pode ser o peor papel pero que en determinado estado si che funciona. Calquera cousa vale se funciona.

Esquezámonos do demais. É unha ferramenta, é unha forma de mirar, é unha forma de ver as cousas. O importante é que o que un quere facer e o que un quere proxectar estea o mellor presentado posible. Non obsesionarnos nin coas marcas das cámaras, nin cos tipos de papel porque iso é secundario. Non digo que estea mal nun momento determinado pero moitas veces, a maioría das veces, ninguén se decata se esa foto está tirada ao sulfuro, ao selenio ou ao que sexa... Sabémolo nós que temos pasado tardes e tardes para lograr aquilo que tiñamos na cabeza. E aínda así quedábache a dúbida de telo logrado ou non. Sempre queda esa dúbida perenne que nos fai ser mellores no fondo. Creo que a dúbida é máis interesante que a certeza. A certeza non sangra, estou seguro disto e xa está feito. Pero coa dúbida sempre queres mellorar, sempre queres ir un pouquiño máis alá. A dúbida sempre te convoca a outra situación.

### As Meninas de Vari

Agora gustaríame poñer un exemplo do que supón para min un encargo. Este libriño que vedes aquí, *As Meninas De Vari*[4], encargoumo o Concello de Ferrol polo tema das Meninas de Canido, que se celebra a primeira semana de setembro no barrio ferrolán de Canido, con intención de dinamizar unha zona tan deprimida. Tranquilamente o concello ou a deputación poderían haber feito un libro cos murais e xa estaba. Pero encárganmo a min, e claro, como afrontar un tema tan manido, como enfoco esta situación, como a manexo... vouno a facer coa miña propia voz, vouno a intentar. E foi un encargo moi estimulante, un reto moi divertido.

Quería terminar comentándovos unha cousa. Preguntáronme un día cal era a miña fórmula para facer isto e eu, que debía ter unha mañá lúcida, dixen: "A fórmula é intención, moita intención, bastante atención e un pouquiño de tenrura".

NOTAS

1. FERNANDEZ CID, M.A. (2015). Imágenes cercanas. *Vari Caramés.* Córdoba: Universidade de Córdoba, p. 19.
2. VV. AA. (2015). *Vari Caramés* (Juanes, R., Coord.). Córdoba: Universidade de Córdoba.
3. CARAMÉS, V. (1989). *Álbum*. Vigo: Ed. Centro de Estudos Fotográficos
4. CARAMÉS, V. (2016). *As Meninas de Vari*. Ferrol: Editorial Bululú, Concello de Ferrol

Vari Caramés no Pazo Torrado diante da serie *Nadar*, parte da exposición "Versos soltos" | JOSE VAAMONDE



# FRANCISCO LEIRO

entrevista de Héctor Quintela

ATOPAMOS ao escultor serrando unha peza no medio do garaxe que lle serve de taller, recordo de tempos "eiffelianos". O corte desprende un fume de labra e un cheiro pouco común nas rúas de Madrid. *Xa son as doce?* Quita os cascos e érguese. *A muller araña! Pode ser, non?* Quedamos mirando para a talla. Un intre despois aparece Francisco Leiro xa sen a roupa de traballo. Sentamos con el arredor da mesa onde fai vida, debaixo duns poucos debuxos que colgan da parede. Á dereita unha cociña, á esquerda un sofá e unha mesa, e estantes cheos de libros, catálogos, cadernos. Dun deles sacará dous recortes que porá a falar: o "Enterro de Cristo" de de Juni e o coro arredor dun morto nos Balcáns. A paisaxe de esculturas, de fronte. Unha testemuña de pao, magdaleniense, láiase en silencio ao noso carón. O lapis do escultor comeza a debuxar unhas liñas curvas que se van xuntando mentres nós comezamos a falar.

Naciches en Cambados. A túa familia é de alí. Unha familia pódese dicir que de artistas. Criácheste nun ambiente familiarizado coa arte.

Home, eu creo que foi importantísimo. Eu crieime a cabalo entre a casa de meus avós maternos, en Cambados, e o obradoiro e a casa de meu avó paterno, Paco. Tocoume vivir entre Cambados e Fefiñáns. E parecía que ir de Cambados a Fefiñáns era coma ir a outro mundo. A experiencia na casa de meu avó José María, o mundo do pan, do amasado do pan alí todos os días, o movemento naquela casa... Eu creo que o meu primeiro acercamento, digamos plástico, foi xogando coas miñas irmás. Faciamos bonecos de pan e metiámolos no forno, ao mesmo tempo que se facía o pan. E comiámolos. Tamén me lembro moito da época de Pascua. Aquela casa enchíase de cestas con ovos e grupos de ovos con etiquetas co nome dos propietarios e ca cantidade de quilos de pan que había que poñerlle para facer os famosos pans de ovos. Viña xente das aldeas para facer estes encargos. E despois, todo o tema de facelas roscas. Trenzala masa creo que foi un dos meus primeiros traballos escultóricos, e facer bonecos, tamén ca mesma técnica de facelas roscas. Trenzado, faciamos como churros, era un enredo cas miñas irmás Adela e Manola. Faciámolos churros de masa das roscas e trenzabámolos, e faciamos bonecos, co azucre por riba e para o forno. E despois comiámolos con chocolate.

E había un xogo ao que xogabamos na casa esas tardes de inverno aburridas, cando aos nenos non nos gustaba a programación da televisión. Cun anaco de plastilina, un de nós "imprimíao" sobre unha textura determinada da casa, a textura dun cacharro da cociña ou da moldura dunha porta, e os outros irmáns tiñamos que acertar onde fora impreso ese anaco de plastilina. Era realmente un xogo práctico, dalgunha maneira unha iniciación ao mundo do volume, da memoria das textura e das formas. Tamén miña nai, naqueles anos, deixara a pintura, e estaban todos os seus trastes de pintura agachados no faiado. Miña nai deixou de pintar cando empezou a ter fillos, e o seu lado artístico desviouno cara o bordado. Naqueles anos, cando eu era neno -tiña entre cinco e doce anos-, miña nai



Francisco Leiro no seu obradoiro cunha das súas últimas pezas.
Ao fondo á dereita, "Madama" (2015) | HÉCTOR QUINTELA

bordaba roupa, e bordados de cama. Bordou para medio Cambados. Pois o que mellor se lle daba era bordar flores. Facía unhas blusas estampadas con rosas e camelias, unha cousa espectacular. Ela sempre dixo que deixou a vista bordando para estas cousas.

E despois na casa de meu avó Paco, na que eu pasaba moitos domingos. De pronto, o domingo iamos a comer a Fefiñáns, nunha especie de cambio de localidade. Noutro mundo. Eu pasaba as tardes na casa de meu avó vendo a miña tía Brígida pintar e a meu avó modelando en barro. El non era exactamente escultor, era afeccionado á escultura. Realmente era tallista e ebanista. E eu alí enredaba a facer esculturas. Na miña infancia era algo normal, non consideraba aquelo nada especial.

E por suposto o debuxo. Debuxar, debuxar con xices nas beirarrúas. En Cambados había unhas beirarrúas anchísimas antes da invasión dos coches. Toda a fachada de Cambados ao mar, no dique, tiña unhas beirarrúas anchísimas. Alí, cos meus amigos veciños, pintabamos o chan con xiz, faciamos todo tipo de debuxos, debuxos enormes. O que máis nos gustaba pintar eran barcos. É dicir, que estabamos diante do peirao de Cambados, e estabamos sempre mirando aos barcos, como chegaban de faenar. E como atracaban no peirao a descargar a sardiña. Aquelas poxas de peixe en pleno varadoiro. E ver as peixeiras discutir. E algunhas veces íanse ás mans e pelexaban. Eses moños perfectos que levaban acababan desfeitos e cas enaguas rotas. A min todo este ambiente creo que me influíu moitísimo. E despois tamén o obradoiro de meu avó. Cando eu era neno xa o dirixía meu pai, o taller de ebanistería, onde se facían mobles por encargo, con moitas tallas. Os primeiros cartos que gañei foron encargos que me facía meu pai cando tiña eu doce ou trece anos. Facía adornos para mobles, e o encargo máis importante que tiven naqueles anos foi facer unhas tallas para os bancos do asilo de San Tomé. Aqueles bancos fíxoos meu pai e os adornos fíxenos eu con trece ou catorce anos. E por suposto, a biblioteca de meu avó Paco, que tiña unha colección de libros de arte impresionante, con libros de arquitectura. E tamén os libros do marido da miña tía Brígida, meu tío Cándido, que estudou medicina e tiña libros de anatomía. Aprendín moita anatomía con aqueles libros. En fin, cando marchei para Santiago para a Escola de Artes, xa levaba aprendido bastante, eu.

(Risas). Xa vexo, si. Non sei se recordarás, porque nos talleres falábase bastante, conversacións de xente que ía visitar a teu avó cando estabas alí de neno. Un neno sempre atende a esas cousas.

Xa, xa. Vaites! No taller de meu avó el tiña o seu gabinete. Un sitio onde estaba a oficina, onde debuxaba e facía as súas tallas. Estou falando dun home xa con idade. E alí xuntábase unha especie de *rebotica*: Don José Padín -médico que daquela estaba xa practicamente retirado-, Picón -o barbeiro de alí de Fefiñáns-, Diógenes, o meu tío Alfredo Fole. Eu asistía de neno a aqueles faladoiros sentado coa boca aberta. Eran homes que falaban dun mundo desaparecido, case sempre de cousas anteriores á Guerra Civil. Supoño que falarían da súa xuventude, non? Porque é unha tendencia natural que temos todos. Sempre falaban de "antes do Movemento". Falaban dun mundo que eu non vía por ningún sitio. Practicamente ata a chegada da democracia a mediados dos anos 70 non empecei a entender de que falaban. Realmente falaban de democracia, entre outras cousas.

Nunha entrevista comentabas que de neno viras, por dicilo así, retrincos do mundo dos vellos. Xente indo co carro de bois ou de vacas a polas cousas. E que diso xa non queda nada. Aínda falaba Cabanillas, pouquiño antes de morrer, de que notaba alí o Cambados da súa infancia.

O mundo medieval en Galicia, en vilas como Cambados, aínda se percibiu creo que practicamente ata finais dos anos 70. Empeceu a cambiar moi rapidamente, eu calculo que a mediados dos 60, coa chegada do diñeiro dos emigrantes que empezaron a cambiar os mobles de madeira por mobles de formica. Pero acórdome perfectamente da xente que viña en carro de bois a buscalos mobles. Viñan do interior do Salnés co carro e alí cargábaselle a cama, o somier e o colchón. A xente que

vivía entre Cambados e Vilagarcía utilizaban máis o "carrillo", con cabalo. E tamén recordo eses "carrillos" que viñan ao taller de meu avó a buscar mobles, cantidade de veces. E iso, xa che digo, aínda se vía ata ben entrados os anos 70. Eu fun con meu pai a moitas casas, ás aldeas do redor de Cambados a levar os colchóns de espuma e cambialos polos xergóns feitos de follato de millo, e non che estou falando de hai tantos anos.

O mundo aldeán funcionou ata hai pouco. Xa ninguén utiliza a palabra aldea. Cando eu era neno Corbillón era a aldea, "ir á aldea". É como si fora outro mundo.

Paréceche que a desaparición do mundo da aldea é unha perda?

No…! O mundo da aldea realmente o que era é un atraso. Non é unha *perda*, era un *atraso*. O mundo da aldea existiu en todo o mundo occidental e ca Revolución Industrial foi desaparecendo. Que pasa? Que en Galicia non houbo Revolución Industrial. Conservouse ata hai pouco pero por atraso, non por outra cousa. Non é porque se estrañase.

Pode que a perda de peso da relixión vaia unida á desaparición deste mundo. Ti estudaches nos Salesianos.

Si, eu estudei parte do Bacharelato nos Salesianos. Cando marchei para os Salesianos para min foi unha marabilla. Porque ti pensa que eu viña da Escola Nacional, estiven despois no Grupo Escolar, en Cambados, e cando chego aos Salesianos atopo que dentro das materias de primeiro de Bacharelato había traballos manuais, música, deporte... Na Escola Nacional cambadesa nin de broma existía iso. Eu levaba o barro que tiña de meu avó a traballos manuais e aí empecei a facer esculturas. Os traballos que eu presentaba nos Salesianos eran esculturas. E os propios profesores me animaron a facelas. Eu creo que foron eles os que me animaron a ser escultor. De feito mo dixeron: "Cando sexas maior tes que ser escultor". É o que me dixeron eles. E fíxenlles caso.

Teño lido en xente da túa idade, un pouquiño maiores, que fixeron un paso da relixión á arte.

Nesa época non te preguntabas estas cousas. Tes que pensar que a relixión estaba por todas partes. Formaba parte da política, da televisión... Era algo normal, un hábito, nin o cuestionabas. Quero dicir, non pensabas nesas cousas. Eu ía de neno ao rosario con miña avoa e non me poñía a preguntarme se era algo interesante ou deixaba de interesar. Era algo que por hábito, polo ambiente, o fas, entendes?

O que quero dicir é que do mesmo xeito que tiñas un contacto cotiá coa arte na túa familia tamén puideches telo ca arte no pobo. Cambados é un pobo moi rico en arte: imaxinería, conxuntos, fachadas... Quizais nestes dous ámbitos podías ter relación cotiá coa arte como algo da vida.

A primeira relación en xeral que temos todos os españois ca plástica son as imaxes, as estampas, os libros. É o mundo relixioso, e máis na España franquista, que a relixión saía por todas partes: as procesións, as igrexas… Pensa que eu pateei con meus país de neno toda Galicia vendo mosteiros en ruínas, que meus país eran moi afeccionados a realizar este tipo de viaxes nas fins de semana. Daquela algúns deles xa os estaban rehabilitando. Acórdome de ver Sobrado dos Monxes cando aínda se vían os restos das vigas queimadas, aqueles mosteiros foran asaltados. Ver toda a ruína do mosteiro e despois dun lado todos os canteiros picando xa para restauralo. E xa che digo, eu pateei ata chegarmos a Asturias a ver mosteiros, igrexas románicas e todo ese tipo de cousas. Eu pateeino desde neno con meus pais. O turismo cultural e culinario practicabámolo moitísimo. A meu pai encantáballe. Ir a Lugo, ver as murallas e de pronto comer un bo *chuletón* de carne. Pero a reflexión sobre o relixioso é un problema filosófico que vén despois. Cando maduras e cando te cuestionas cousas e dubidas. Pero cando es pequeno non tes dúbidas. Vas á misa os domingos, confésaste, confésaslle os pecados ao cura e non te preguntas por que tes que contarlle os pecados aos curas nin nada así, nin se che ocorre.

Pensas que hai por entón algún cambio na túa mirada sobre a arte?

No momento en que eu marcho para Santiago atópome con outro mundo. Atópome xa cunha morea de xente que está alí, igual ca min, querendo dedicarse á arte. Atopeime cun grupo de artistas en Santiago, todos amigos de Lino -realmente é Lino quen me introduce nese grupo-. Antes de ir a Santiago non tiña interese pola arte contemporánea, tiña interese pola Arte. Tiña unha mirada, se queres, máis clásica. Pero a partir de chegar a Santiago comecei a interesarme pola arte contemporánea. Aquela xente estaba toda metida nun mundo seguramente un pouco anacrónico, nunha especie de mundo surrealista un pouco pasado de moda. Aínda que certo é que nos anos 70 o mundo surrealista conectaba moi ben con todos os movementos xuvenís. Tamén había ese interese por certo tipo de literatura existencialista, que estaba moi en boga naquela época. Agora eu, cando xa me vin para Madrid, todo ese mundo ficou atrás. Comecei a interesarme máis por outras tendencias como a arte *povera* e desa época son pezas miñas que fixen con "materiais", con *object trouvé,* utilizando teas… Fixen así toda unha serie de esculturas.



Algunhas daquelas pezas que fixeches con aquel grupo víronse…

Víronse en Cambados, si…

Eras moi novo…

Tiña dezasete anos! Dezasete, dezaoito.

En 1975, da man de J. Méndez, Marcelino de Santiago "Kukas" e Yayo Cabezas, todos vinculados á Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo, créase en Santiago de Compostela o FOGA, acrónimo de Fato Ounirista Galego. Pronto entran a formar parte del outros aprendices de artista coma o pintor asturiano Luis Fega, Anselmo Lamela ou José Luis Seara. Tamén Lino Silva. E, con el, o mozo Francisco Leiro. O grupo pasa tempo en Cambados, onde vivía o pintor Garrido, quen lle dera nome ao grupo, ata que llo impediu unha enfermidade mental por entón florecente. En Cambados teñen faladoiro no taller do xastre Bautista e mais na caseta do fogueteiro Meijón, onde ten Lino montado o taller, e decoran a taberna "de Ermitas", dende entón Capela Sixtina do ounirismo galaico. Desa etapa de surrealismo "bravú" quedoulle a Leiro unha querenza polo debuxo automático, que aínda practica, tal e como ten afirmado en numerosas entrevistas e do que damos fe: ata que non remata a entrevista non deixará o escultor de volver unha e outra vez co lapis no papel que collera ao sentar. Nese mesmo ano de 1975 expuxeron conxuntamente Lino, Leiro e o pintor cambadés Carlos Oubiña, as súas obras de marcado carácter surrealista, na Sociedade Cultural de Cambados. Exposición que, para Leiro, supuxo o comezo da súa carreira como escultor. Este momento tratouse de recoller na exposición "Cambados e FOGA" na sala Pazo Torrado de Cambados no ano 2017, onde se puideron ver algunhas das pezas de filiación surrealista feitas por un Francisco Leiro adolescente.

Cómpre destacar unha cousa. Naquela época Xoan Antonio Pillado era o director da Cultural e tanto el como o seu equipo eran



Lino, Leiro e Carlos Oubiña arredor da obra de Leiro titulada "Opresión de masas", presentada na exposición conxunta celebrada na Sociedade Cultural de Cambados no ano 1975 | CORTESÍA DE FRANCISCO LEIRO

xente nova que empezou a renovar o ambiente da institución. A Cultural tiña que deixar de ser un sitio onde ían a xogar ao billar catro, outros a xogar ás cartas e dous a ler o xornal, e empezar a organizar actividades culturais. Eu non lembro moi ben… Supoño que quen falou con Juan Antonio foron Lino e Carlos, os que organizaron a exposición, eu era moi novo. Pero naqueles anos había concertos de "canción protesta". Houbo concertos de Benedicto, de Bibiano… E anos despois desa exposición houbo tamén unha especie de concurso de pintura con exposicións colectivas. Ese mérito é de Juan Antonio Pillado.

Cando coñeciches a Lino?

A Lino coñecino cando marchei para Santiago. Eu vía a Lino por Cambados. Había unha diferenza de idade moi grande. Lino estaba en Madrid en Belas Artes e claro, era como un *hippy*, era un home con melenas, moderno, con botas de tacón cubano, con pantalóns vaqueiros axustados, chaqueta de pana… Tiña un *look,* digamos, moderno naquela época. Eu víao como algo… Eu inda non saíra do pobo. E cando fun a Santiago entrei en contacto con el. O meu contacto con Lino foi moi sinxelo: sabía que tiña un taller na caseta do fogueteiro, no monte da Pastora, e unha tarde de domingo fun alí. El estaba pintando e presenteime: "*Estou estudando en Santiago…*". Dixo: "*Bueno, joder, pues cojonudo! Pois veña, ponte a traballar. Colle ese cacho de barro e a ver que fas!*". E foi unha conexión directa. Aquela mesma tarde xa fomos dar un paseo polo monte, cara Monterrei, dando todo un paseo por detrás da Pastora. E levei a miña primeira lección de arte conceptual. Díxome que me acercara a unha verza e que captara o perfume embriagador daquela verza. Aí entendín que unha das claves da arte está en saber ver en algo o que outros non ven. A partir daquel día abríuseme un mundo!

Lino sempre estivo apegado ó mundo dos vellos, a un Cambados nel romántico, de navegantes e tabernas…

Alvite [José Luis Alvite, xornalista e escritor] dicía que Lino tiña unha mirada como as ruínas de Santa Mariña. Lino é iso. É as ruínas de Santa Mariña. Esa mirada romántica ao pasado. Pero o Lino que coñecín naqueles anos era máis moderno.

Pensas que o propio pobo de Cambados incita dalgunha maneira a estes romanticismos?

Home, non sei se o pobo ou as postas de sol (risas). Cambados ten esa cousa poética, se queres un pouco decadente, que teñen todas as zonas de esteiro. Nas zonas de desembocadura de ríos, onde o mar e o río se xuntan e queda ese mar de pouca profundidade, case como unha lagoa. E, aínda por riba, coa torre de San Sadurniño alí contemplando a posta de sol… Lévate un pouco a ese mundo de fantasía. Ese mundo vese moi ben nos poemas de Cabanillas.

Cambados puido ser un sitio para que se firmara o manifesto surrealista. Principalmente polas postas de sol que se ven en Cambados a mediados de setembro e a principios de outubro. Hai poucos sitios con postas de sol como esas, cando o mar queda como unha balsa e ponse vermello. Queda todo como miniado. Dan ganas de botar a andar por riba do mar.

Parece ese mar ao que non se lle encontra a saída… Parece que hai unha certa retardación do tempo que incita á melancolía, que leva a mirar atrás máis que adiante. Había un xornalista nos anos vinte, Dositeo Ulloa, que dicía que en Cambados todas as iniciativas eran platónicas.

Está ben. Está ben. Pero supoño que naquela época non sería só en Cambados, debía ser en toda España. Hai que ter en conta que a melancolía na que se viron sumidas as xentes que tiñan certos intereses culturais despois da Guerra tivo que ser infinita. Infinita. De pasar os anos e saber que non se pode facer nada. Que ser artista non é nada. Que es un ninguén. Imaxínate. Entre o ano 39 e practicamente ata finais dos anos 70 en Galicia non ocorreu nada, e nos pobos xa non che digo. A melancolía da que ti me estás a falar hai que contextualizala.

O Cambados que eu coñecín xa de mozo

foi un Cambados, por un lado, con toda esta estética melancólica e, por outro lado, un pobo moi dinámico. A finais dos 60 e comezos dos 70 en Cambados a industria do mar desenvolveuse de maneira enorme. Empezan a aparecer barcos. Practicamente cada semana botábase un barco ao mar a finais dos 60. As bateas medraban, aparecían cada pouco no mar, e o ir e vir de *land rovers* era impresionante levando xente para as bateas, indo a cargar peixe ou marisco. Na propia Seca metíanse aqueles coches para cargar os sacos de berberechos e de ameixas. E a pequena industria en Cambados empezaba a florecer neses anos, había movemento. E tamén nas fábricas de conservas, que ó mellor ti non recordas. En Cambados a primeira hora da mañá soaban as sirenas das fábricas de conservas. Había, non sei se me equivoco, como mínimo tres fábricas de conservas no casco urbano, máis as que podían estar en Castrelo. As mulleres viñan en bicicleta de todos os arredores de Cambados. Cada día había unha volta ciclista! Cento cincuenta ou duascentas mulleres en bicicleta en Cambados todos os días, ao son das sirenas das fábricas. E na época na que se abría a veda do Sarrido, Cambados transformábase. Había centos de persoas polo pobo. A xente baixaba das aldeas cos monicos e cas mans manchadas de vendimar e volvían paras as aldeas co monico lavado de estar apañando berberechos. O Sarrido era libre e todo o mundo podía apañar marisco, co cal había un trafego impresionante. Nas fábricas de conserva, eu que me criei ó lado da fábrica de Peña, as montañas de cuncha de berberecho que se xuntaban naqueles días eran algo impresionante. E na época da pesca da almadraba viñan de Ribeira os camións cargados de atúns. De atúns enormes. Descargaban nas fábricas de conserva de Cambados para enlatar. Ver entrar aqueles camións cos peixes cos rabos para fóra… Atúns de tres e catro metros de longo! Agora xa non se ven atúns dese tamaño. Isto seguro que calquera da miña xeración o recorda.

Ti nunca te desvinculaches de Cambados, por varios motivos. Pero por exemplo na túa derradeira exposición titulaches unha das túas pezas "Madama". Penso que se referirá ás madamas que se queiman en Cambados. Poder haber algo aí.

Si, si. Pode haber, si. Eu teño unha obra moi extensa, en moitísimos rexistros. Do mundo mitolóxico clásico teño cantidade de cousas. Algo que sempre me gustou é a cultura popular. Claro, se che gusta a cultura popular, do primeiro que botas man e da cultura popular máis próxima. Por iso aparecen na miña obra tipos de pezas que se poden remitir a recordos da miña zona, que é o caso desta madama. Eu ía ver as madamas ao San Benito Negro, que non sei se existen aínda, a día de hoxe, en Cambados. As madamas eran estes bonecos que se movían cos foguetes. E a escultura chámase así porque ten unha estrutura ao redor da cintura que dalgunha maneira evocoume aquelas cousas que eu vía.

Tamén che interesa a arte popular, a arte de canteiro, do románico, bastarda...

Ese tipo de arte bastardo en Galicia abunda moitísimo, na escultura, porque exceptuando o Mestre Mateo, Castro, ou Ferreiro, ou Moure, ou… Asorey…, a maioría da arte galego é unha arte, non che vou dicir popular, pero unha arte un pouco digamos… si, *bastardo*, gústame esa palabra –aínda que é un pouco fea-. Pero que ante todo non é un arte *académico*, non son grandes artistas académicos. De feito en pintura practicamente non hai nada. Non hai.

Por que che chama a atención?

Porque o arte bastardo ten unha cousa, que a día de hoxe sigo practicando, que é un pouco traballar os modelos, as iconas, a figura ou o que sexa a partir da memoria, do que ti recordas dunha imaxe. Non a partir da representación real da imaxe. Nuns casos nese arte bastardo é por falta de destreza ou por falta de formación académica. E o descoñecemento da anatomía lévate a inventar. E hai cousas que ves que son moi torpes, que non teñen interese ningún, e tamén levas sorpresas. Iso é o que me interesa a min da arte popular. Esa inxenuidade que ten o artista bastardo á hora de representar algo sen ter un coñecemento académico.



De esquerda a dereita: José Manuel Silva Losada "Sakuskas", Faustino Temes Diéguez, o pintor Lorenzo Leiro Vázquez (tío avó de Francisco Leiro) e Ramón Temes Diéguez. Ca. 1920 | CORTESÍS DE FRANCISCO LEIRO

Interésache tamén a xénese dese arte, o que move ao artista a facer a obra?

Non, non. Non. O que che contei. Estou falando dun punto de vista formal. Despois, o que lle pasara pola cabeza a estas persoas… É unha cousa moi persoal. O que si podo dicir é que en calquera arte primitivo ou bastado hai unhas obras máis sensibles, máis inspiradas ca outras. E que a esa especie de sensibilidade, de inspiración, tanto pode chegar un mestre do Renacemento, formado na Academia máis importante de Italia, como un artista popular. Se o artista popular ten sensibilidade vaille transmitir esa sensibilidade á súa obra. Aínda que a súa obra non sexa, desde o punto de vista académico, boa. Agora, certo é que se require que o espectador teña certa sensibilidade para apreciar iso (risas). Pero iso é outro tema…

Si, si. É outro tema, si. Tema espiñoso!

Pois si! Non todo o mundo ten sensibilidade para ver.

Quedoume por preguntarche por Lorenzo Leiro.

O irmán de meu avó. Gran pintor.

Quizais menos coñecido hoxe ca outros en Cambados, porque marchou…

Marchou a Palencia. En Cambados é coñecido pola xente maior, aínda que os que morreron xa non poden falar. Pero meu tío Lorenzo era moi popular en Cambados porque, a parte de pintor, era músico. Era moi amigo dos Silva. De feito hai fotos por aí onde aparece el con instrumentos. Tocaba o violín. O meu bisavó, avó de meu pai, que lle chamaban "Papá Miguel" -era Miguel Leiro-, era músico. Tocaba o órgano na igrexa e era o que lle daba clase de solfexo a todos os rapaces do pobo. E este Lorenzo aprendeu co seu pai a tocar.

Era moi bo pintor. Moi bo pintor. Hai en

Cambados algún cadro nalgunha casa pero a maioría da súa obra está en Palencia. Pintaba de todo. Pintaba moi ben figuración. Ten uns cadros marabillosos de mariñas, de paisaxes de Tragove, de pinos e mar e pedras... Pero están en Palencia.

Arousa é unha canteira de artistas. Penso en Cambados e Rianxo especialmente. Pero, falando da música, diría que parece que hai certa vena artística, en xeral.

Hai que considerar unha cousa e que ao mellor non está moi investigada, que é que toda Arousa, tanto a vertente norte como a sur -certo é que a parte máis rica da Arousa foi sempre Rianxo e todo o lado do Salnés, Ribeira é unha cidade que medra ca pesca recentemente, era un pobo mariñeiro bastante pobre- foron terras disputadas tanto pola Igrexa como pola nobreza galega dende sempre. Dende a época das salinas, e que ata o século XIX, ata a formación das provincias, todo isto pertencía a Santiago de Compostela. O foco cultural do Salnés chámase Santiago de Compostela. Ese era o foco. A conexión da fidalguía e do clero cambadés era Santiago de Compostela. E iso onde se nota é nas casas cambadesas nas que se cociña ben. Nesas casas a maioría dos pratos coinciden cos da cociña compostelá. Esas carnes asadas, as empanadas, o pan. O molete de pan co moneco. Todo iso vén de Santiago. Hai que ter en conta isto. É moi, moi importante esa conexión con Santiago. Dalgunha maneira, o centro cultural de Galicia foi Santiago.

E en pobos como Cambados, que eran pobos ricos, onde as terras eran moi ricas, había diñeiro. E por iso hai tantos pazos en Cambados, é por algo. Tes que pensar que nos veráns, Cambados era visitado por xente non só de Galicia senón de moitos puntos de España que viñan convidados a Fefiñáns e ás casas de xente ilustre. Co cal había *ambientillo* no pobo. Por suposto, un ambiente moi exclusivo e cerrado dentro dos pazos. No pobo de Cambados a xente era moi pobre. Como ben define Cabanillas: "probe, fidalgo e soñador". Os soñadores eran aqueles catro como el. Os pobres, o pobo en xeral. E os fidalgos os que estaban dentro dos pazos. Xa na época de Cabanillas estaban en decadencia, vivían de rendas e tiveron que vender as súas propiedades.

Ese mundo contouno moi ben Valle-Inclán. El recreouse moito nese mundo decadente, desas familias fidalgas. Iso mesturado co esperpento e co mundo do pobo galego daquela época, que era xente moi pobre e moi ignorante. E por certo, que antes non o falamos, Valle-Inclán tamén tivo moito que ver nese Cambados surrealista que reivindicábamos naqueles anos. Valle-Inclán era un pouco a conexión surrealista e a referencia do surrealismo. E que nos esquecemos de falar de Valle-Inclán! Valle-Inclán conectábanos perfectamente…

De que maneira vos conectaba?

Para empezar a conexión *física* da casa onde el viviu, máis o cemiterio das ruínas de Santa Mariña onde están enterrados o seu fillo e a súa muller, nunha especie de peregrinación. Era tema de conversación. Principalmente con Lino, que sempre estaba falando de Valle-Inclán. Eu de rapaz empecei a ler todo del. Ler a Valle-Inclán era estar pensando nese mundo que nós aínda apreciabamos, ese mundo rural mesturado ca decadencia dos pazos. Tamén o buscabas, buscabas atopar un pouquiño os restos dese mundo. Estamos falando dos anos 70. Xa viaxabamos en avión!

E Cabanillas?

É unha especie de mirada máis poética, por suposto, e social. A través de Cabanillas pensabas máis no mundo social, no mundo do pobre, no mundo da riqueza.

Na túa obra hai preocupación social.

Sempre a tiven! Teño pezas…

"Opresión de masas"! (risas). Das primeiras, do 75.

"Opresión de masas"! Si claro, pois fíxate… Recentemente fixen unha exposición na Coruña, no Kiosko Alfonso, de temática

centrada na realidade socio-política e ecolóxica.

E Maruja Mallo...?

Maruja Mallo non tanto. Porque Maruja Mallo, polo menos naquel…

...e Granell...

De Granell esquécete. Naqueles anos ninguén se acordaba… Maruja Mallo hacía moito que marchara, non tiña conexión ningunha con Galicia. Maruja Mallo xa nos anos 70 volve do exilio e establécese en Madrid. E de Granell non houbo noticias practicamente ata os anos 80. Granell vivía en Nova York, estaba totalmente desconectado de Galicia. Agora hai moita información de Granell, pero é algo recente. Non había conexión ningunha. A nosa conexión surrealista realmente era Lugrís. Que Lugrís, dalgunha maneira, pódete conectar con Maruja Mallo… pero non.

Eu a Maruja Mallo coñecina cando me vín a vivir a Madrid. Xa era unha muller maior e empecei a coñecer a súa obra. Pero naqueles anos nada, ninguén falaba dela. Estaba exiliada.

Interesouche cando a coñeciches?

Moitísimo. A día de hoxe ségueme interesando. Paréceme unha gran artista que aínda está esperando un recoñecemento potente. Vamos, que o Reina Sofía lle faga unha exposición como Deus manda! Que aínda non se lle fixo.



Vistas do obradoiro de Francisco Leiro | HÉCTOR QUINTELA

# Prólogo



AR

saber hacer de siempre, omo nunca.

fitos inferior a 40mg/li- de la 5ª parte del máx- a UE-, Prólogo extrema n un Albariño y lleva al le nuestro enólogo para iesgar.

de su autor son, en fin, los rólogo un vino de autor. cogida de la uva, arrulla- dadosamente vertido en Lean Prólogo en pequeños s de la mejor compañía, en Carballal queremos a palabra Albariño.

## bariño

zos, onde as linaxes man- rarios das "vilas" románs os acios novos "ca man as pugas" e sabían arcar a Bacharel Olea, asombrado fiño caseiro, dos fo- gares anteñen aceso o lume das onde se anovan, de con- esíos. (¡Qué anguria a de as a carón dos pardiñeiros eitóu en ruinas, mendiños antigas e de vidas!).

## Las "perezosas uvas" de Virgilio, o la Vendimia en Eu

Ignacio Peyró

Los viñedos de hoy están controlados por ordenadores y sensores de humedad, de concentración de azúcares, de maduración fenólica; sin embargo, para decidir el momento de la vendimia, nada podrá sustituir el gesto inmemorial, repetido desde tiempos de Noé, en que un hombre se acerca a una cepa, toma un racimo y, uva a uva, interroga al viento y medita si ya hay que enviar a las cuadrillas de vendimiadores. Es un proceso cuidadoso y grave: no en vano, el término que utilizan los alemanes para vendimiar es el mismo con que se refieren a la lectura –lesen. "Cuando leo", dice Bernard Pivot, "vendimio las palabras; cuando recojo las uvas, continúo mi lectura". En realidad, esa sabia relación e nos habla de l maduración, a sazón de la fru de los blancos un brebaje de recoge o se co exigen su verb

## Amigo Sempre Meu

Álvaro Cunqueiro

Non podemos atopar sobre a terra  
nada coma o vaso tan fermoso.  
Do tenre amor ao berce  
ao caldo vivo  
que nos fai  
ledos.  
Que dozura traes  
ao corazón do home!  
Ven!  
Ven!  
Ven!  
Alamante albariño  
amigo sempre meu!  
Dáte a min  
axiña e en sazón.  
Xa se ve nas túas burbullas  
nadar a meirande ledicia, e as risas.




Cosecha
*Vintage*

Prólogo es un alb de sulfitos inferio parte del máximo ingrediente de m innovador como y sabor de los alb tecnología. Servi

Prólogo is a sign sulphite level lov allowance. Made and plenty of lov able to surpass t through the bes

PRODUCIDO, ELABO
CARBALLAL VÁZQUE
RIBADUMIA - PONT
R.E.N. 6075 - PO.
PRODUCTO DE ESP
CONTIENE SULFITO
LOTE I

RÍAS BA
DENOMINACIÓN

## Días de Vendimia

Carlos Casares

Un ano máis, o amigo Xosé María Fonseca invitoume a ver a vendima na súa adega. Como son bastante novelero, que é como lle chaman en Colombia á xente curiosa, alá fun.

Aínda que esta faena relacionada coa producción do viño non se parece nada á que se facía antes, cando eu era neno e pisaba as uvas en Beiro, cos pés descalzos e os pantalóns refucidos, resulta igualmente atractiva. É certo que agora se fai todo mecanicamente, por medio de máquinas, pero estas teñen tamén o seu encanto. Hai na súa perfección tecnolóxica unha arte da intelixencia que a min non me parece menor que a arte dos sentidos.

Vendo como se fai o viño, un ten o sentimento de asistir a un acto relacionado coa vida. Eu pensaba, en primeiro lugar, quen ía beber todos aqueles miles de litros. E imaxinaba tamén a unha parel con emoció riores. Non rracho. Este con químic pelexón ou como os exc están só par ra que sepa ou da tallad

Detalle da folla que envolve o viño *Prólogo* de Bodegas Carballal, colaborador desta revista.

*cartafol*

# cunqueiro

*A propósito de Cambados, de cierta emperatriz cuyo nombre ignoramos y de algunas dudas que nos desasosiegan*
Ramón Loureiro

*El surrealismo enxebre de Álvaro Cunqueiro: una geografía espiritual de Galicia*
Ernesto Baltar

*Casa fantasía, o no*
Marcos Abal

**A relación do escritor Álvaro Cunqueiro coa vila de Cambados non foi nin superficial nin de circunstancia. Recórdao Ramón Loureiro: unha parte da súa familia éralle cambadesa. E, segundo se ten dito, descende Cunqueiro da serea Pasitea, varada na ría de Arousa e gardiá das armas dos Mariño de Lobeira. Pero o mindoniense foi tamén, ademais de festivo catador, *inventor* do viño albariño, como teñen dito Francisco Fernández Rei e Xosé Luís Méndez Ferrín.**

**Hai máis, e non menor: o agarimo que amosou sempre por Cabanillas cáseque carga simbolicamente a casualidade (foi tal?) que levou a Cunqueiro a ocupar a cadeira do chamado "Poeta da Raza" na Real Academia Galega.**

**Cartafol, logo, a falta de cousa mellor que dedicar ao único fabulador que conseguiu miniar un mundo en cada historia; ao escritor que afirmaba non ter probado manxar máis alto que os *barriletes* de ostras escabechadas que recibía dende Cambados cando neno.**




Álvaro Cunqueiro na Festa do Albariño
| CASA MUSEO ÁLVARO CUNQUEIRO/
CONCELLO DE MONDOÑEDO

# A PROPÓSITO DE CAMBADOS, DE CIERTA EMPERATRIZ CUYO NOMBRE IGNORAMOS Y DE ALGUNAS DUDAS QUE NOS DESASOSIEGAN

Ramón Loureiro

CONVIENE recordar, así ya de entrada y sin más demoras, que Cunqueiro, por la parte de su señor padre -que es como decir que por la parte de Cambados-, era pariente de Valle-Inclán. Y esto, en mi opinión particular, importa subrayarlo por mil y una razones; unas razones de las que -para no cansarlos a ustedes- solo anotaré una: que si damos por cierta la información según la cual Valle-Inclán, en su caso por parte de los Montenegros, era pariente de una emperatriz alemana, habremos de aceptar que también don Álvaro, a su vez, tenía que ser familia -y que el parentesco fuese de sangre o político ya parece, en este caso, lo de menos- de la imperial señora esa.

Pero genealogías aparte, lo cierto es que Cunqueiro y Valle tuvieron en común (o digamos mejor tienen, puesto que en la gran literatura, que al fin y al cabo está hecha de eternidad, todo es un eterno presente), además de la suerte de descender de la mejor estirpe de los grandes contadores de historias -que es la que, sin abandonar por ello ni el papel ni la tinta, también dio brillo, de viva voz, a los siempre mágicos cafés literarios del siglo XX, revitalizando ese maravilloso arte de escribir en el aire que nació al calor de lo que el propio autor de Merlín y Familia identificaba como el "animal llamado fuego"-, varias cosas más: un amor sin límites por la memoria de lo que quizás no existió nunca, el honor de ocupar un lugar central en la mejor literatura hispana de todos los tiempos y la peculiaridad de haberse convertido en otros más de sus propios personajes, no siempre con la misma fortuna.

A nadie se le escapa que, cuanto más sabemos del auténtico Valle-Inclán, más vemos que apenas se parece él a ese don Ramón imaginario que jamás estuvo, o así lo cree este seguro servidor de ustedes, a la altura del verdadero. Y otro tanto podría decirse de Cunqueiro, a quien se le atribuyen un sinnúmero de anécdotas que en su mayoría más parecen fruto de la fabulación -así que vamos a dejarlo ahí- que de otra cosa.

(Si tanto el autor de "Divinas palabras" como el de "Las crónicas del Sochantre" terminaron sus días contentos, o no, de que el mundo los viese como esos personajes a los que ellos mismos regalaron su nombre y su rostro y sus nieblas, es pregunta que daría para un millón de respuestas. Quede la cuestión en el aire. Pero no olviden que su opinión -la opinión de ustedes, quiero decir- es la que de verdad me importa, y además muy especialmente. Porque de ustedes queridos amigos, yo siempre aprendo.)

A través del Río Blanco del Firmamento tiene que haber, sin duda, un misterioso camino que lleva desde Valle a Cunqueiro, y desde Cunqueiro a Valle, de nuevo. Un camino que estará hecho, porque no podría ser de otra manera, de poesía, pero que sin duda irá mucho más allá de cualquier forma de verso. Estoy convencido de ello. Y me intranquiliza no haber sido capaz de encontrarlo aún.

También me desasosiega -y esto es solo un ejemplo, nada más lejos de mi intención que abusar de su paciencia y aburrirlos en exceso- no haber conseguido saber nunca cuál es la verdadera naturaleza del milagro que hace que tanto Cunqueiro como su pariente o no pariente Valle sean, cada día que pasa, en la estela de Cervantes, más decididamente modernos. Y, si me permiten la confidencia, también yo daría lo que fuese por saber escribir una página -en realidad, aunque se quedase e media página también podría arreglarme perfectamente: la verdad es que ni siquiera necesitaría que fuese una página entera-

que estuviese a la altura de cualquiera de las que escribieron ellos.

(Cuánta incertidumbre rodea siempre los caminos que nos invitan a acercarnos al impagable milagro de la gran literatura, ese prodigio de carácter casi sobrenatural que permite hacer nacer y llenar de vida lo que algunos no seríamos capaces ni de soñar, siquiera. Qué inquietante resulta a veces todo ello…)

Tengo la suerte de conservar un par de amigos que lo fueron también, y mucho, de Cunqueiro. Ambos son poetas. Uno es Miguel Carlos Vidal, que además de ser uno de los grandes poetas gallegos en lengua castellana fue, por cierto, uno de los fundadores de la legendaria revista literaria Aturuxo. El otro es Eugenio García Amor, prelado de honor de Su Santidad el Papa, gran músico, además de excelente poeta, y profundo conocedor, todo sea dicho de paso, de la Roma que en la que vivió Valle-Inclán. Y hablando de Valle, no quiero dejar de recordar aquí, a estas horas a las que ya nos salen tantas ramas, que el legendario canónigo compostelano Manuel Troitiño, al que yo recuerdo con inmenso afecto y que me permito considerar también un poco pariente mío, puesto que lo era de una tía política nuestra, asistió al entierro de Valle, cosa que yo sé desde hace no muchos años (imagínense vuesas mercedes la inmensa alegoría que me produjo saberlo).

Les escribo esto desde Ferrol, desde una vieja mesa de mármol blanco. Con un buen café al lado, naturalmente. Estoy en un café que tiene por nombre el Derby, como el Derby compostelano al que Valle-Inclán fue tantas veces.

Me gusta imaginar que Valle también estuvo en este otro Derby, en el café Derby de Ferrol. (¿Y, al fin y al cabo, quién podría jugar que eso no es cierto…?) Me consta, eso sí, que en este Derby en el que me encuentro ahora, en el ferrolano, estuvo Cunqueiro más de una vez. También Gonzalo Torrente Ballester. Y por supuesto Carlos, mi gran amigo Carlos Casares, de quien todos los días me acuerdo.

(Si pasó por aquí o no alguna emperatriz alemana, es algo que no puede decirles: me faltan datos para pronunciarme al respecto.)

A Gamoneda le escuché decir un día, no muy lejos de aquí, que la poesía es una forma superior de la verdad. Y mi amiga Luz Pozo, la gran Luz Pozo Garza, cuyos versos han iluminado Galicia para siempre, sostiene, y con razón, que es precisamente la poesía la que nos permite adentrarnos en el inmenso misterio que nos rodea. Bueno es recordarlo, me parece a mí, entre tanto desasosiego.


Ramón Cabanillas (fillo) e Álvaro Cunqueiro | FAMILIA CABANILLAS

# EL SURREALISMO ENXEBRE DE ÁLVARO CUNQUEIRO: UNA GEOGRAFÍA ESPIRITUAL DE GALICIA

Ernesto Baltar

MADRID, interior, frío. Estoy en casa y se pone a llover. Retumba el sonido de la lluvia en los cristales, en el tope de las persianas, en la cerámica del alféizar, y un murmullo violento de tuberías rodea mi cuarto, como si se despertasen las entrañas del edificio; pareciera que en cualquier momento fueran a cuartearse las paredes y a surgir cataratas de las grietas, como si emanaran de una mítica Fonte Vella. En esos momentos de humedad y penumbra me gusta tumbarme a leer Galicia, para estar un poco allí, pasearme por sus bosques y acantilados, abrirme paso entre la niebla, coleccionar imágenes de hórreos y cruceiros, acariciar el verdín de la piedra y escuchar el eco de unos ladridos remotos, viajando a través de la mente. Un deporte de invierno. Llamémoslo atmosferismo.

Y si quiero leer Galicia, mi primer impulso es echar mano de uno de los tres escritores gallegos que para mí, si dejamos a un lado a Rosalía, llegaron más alto y supieron encarnar mejor en forma literaria el espíritu de su tierra: Valle-Inclán, Cunqueiro y Cela, por orden cronológico. Por supuesto, también puede uno recurrir a los preciosos artículos de Risco, a las sutiles *cousas* de Castelao, a la ingente provisión histórico-geográfica de Otero Pedrayo o a las ajustadas biografías de Carlos Casares (o al humorismo de Wenceslao y Camba, o a las invenciones milagrosas de Torrente, o a los relatos arraianos de Méndez Ferrín, etcétera, etcétera), pero si de verdad quiere uno hacer una inmersión instantánea en el alma gallega lo mejor que puede hacer es abrir el tomo III ("Semblanzas") de la *Obra en galego completa* de Cunqueiro en la edición de Galaxia y ponerse a leer alguno de sus retratos del común: curanderos, boticarios, labriegos, feriantes, campesinos, alucinados, marineros, gentes de aquí y de allá, ejemplares de este lado de la existencia y del más allá de la imaginación. De ellos dijo su creador:

> Hay en ellos una onza en cada cual del ser gallego, y repartido entre toda esta gente está casi todo el andamiaje del gallego, están sus varas de medir el mundo, las vueltas de su imaginación, las reviravueltas de sus sueños y deseos, su calidad intelectual, el gusto de la sorpresa, la ironía que hace de un hombre, en un momento dado, un señor rey, y la humildad, la sabrosura de la pereza, el enfermar de lo que no hay, y el morir solo, con su manía, y dejarla en herencia, como un tesoro inencontrable…

Cronista oficial en el país de la mitología perpetua –el hogar de las meigas, los trasnos, los mouros, las sirenas, los lobishomes, el sacaúntos y la Santa Compaña–, Álvaro Cunqueiro es el gran forjador de erudiciones peregrinas, el archivero fabuloso que se toma muy en serio las leyendas, el historiador fantástico de un mundo paralelo tan prodigioso que sólo puede responder a la escrupulosa verdad, el Borges gallego que inventó el realismo mágico mucho antes del *boom* latinoamericano. Para Cunqueiro Galicia es un pueblo mestizo y un país ahistórico, fondo de saco de sucesivas invasiones, que no guarda recuerdo de cuándo sucedieron las cosas, y a reconstruir esa memoria colectiva, mitad documento mitad ensoñación, dedicó los esfuerzos de su pluma. Durante siglos Galicia fue el punto extremo de la tierra conocida, finisterre y extramundi del Occidente; más allá sólo se extendía el océano tenebroso, entorno de abismos y monstruos, y ese estatuto fronterizo propició la gestación de fábulas y quimeras; al arribar las legiones romanas, confundieron el río Limia con el Leteo, que era el río del olvido; de modo que, como sentenció Cunqueiro en el plató de *A fondo* (RTVE), "Galicia tiene los pies en el río del olvido y la cabeza en el fin de la tierra conocida. Esto ha condicionado la

imaginación de las gentes". Dicho de otra manera: Galicia es la literatura.

Leídas ahora, casi cuatro décadas después de su muerte, las ficciones de Cunqueiro se han vuelto mucho más reales que la vida misma, porque tienen el poso maduro, reconcentrado, puro, de la verdad. Ahí, en esas páginas embarulladas, en esas descripciones entre meticulosas y delirantes, en ese estilo cervantino que no acaba de creérselo del todo, está la verdadera realidad. Pese a la apariencia de imaginación desbocada que tienen algunos de sus textos, el hijo del boticario medía y tasaba las dosis de cada ingrediente literario hasta dar con la receta justa, con la pócima maestra: "He calculado con mucha frialdad la dosis de fantasía, de creación, de libertad creadora, con el realismo, con el contrapunto realístico absolutamente necesario para que la fantasía se sostenga". Porque hablar de realidad y ficción en Cunqueiro es hablar de lo mismo, de la misma sustancia que es *arché* de la *poiesis*, el principio común de su producción imaginativa, la materia prima de su literatura: a saber, esa geografía espiritual llamada Galicia.

"Todo reside en que uno acepte o no la lealtad a unos mitos, y los sirva y se sirva de ellos religiosamente, dramáticamente" le escribió Cunqueiro a su amigo Francisco Fernández del Riego en una de las piezas de su epistolario mindoniense, donde añade: "Una patria es una acción dramática *sub specie aeternitatis*, cuya última escena sólo tiene lugar cuando se produce un olvido universal". Pues bien, Cunqueiro escribió el drama spinoziano de Galicia a través de miles de artículos, decenas de relatos, varias novelas, libros de viajes, poemas, conferencias, ensayos, obras de teatro, guiones radiofónicos... Una enciclopedia caleidoscópica donde todo está en todo –con Galicia en el centro, como alrededor



Álvaro Cunqueiro e Néstor Luján na Festa do Albariño do ano 1963 | CASA MUSEO ÁLVARO CUNQUEIRO/ CONCELLO DE MONDOÑEDO

de las *Mitologías* de Yeats gravita toda Irlanda–, desde el grimorio maléfico de San Cipriano hasta la iconografía policromada del Maestro Mateo, desde el latín macarrónico de los sochantres sinfónicos hasta las peregrinaciones de difuntos a San Andrés de Teixido, desde el encanto milenario de la ruta jacobea hasta la combinatoria metafísica del lacón con grelos, desde el viento de Mondoñedo que gime como una vaca hasta su remoto parentesco con Ramón María del Valle-Inclán.

Todo girando en torno a una misma realidad arcaica, mítica, rural, de religiosidad ingenua, entre franciscana y panteísta, donde el santoral y las cosechas marcan el ritmo de las estaciones y las campanas de la catedral sancionan el estado de ánimo de las gentes. Meigas voladoras, cuervos parlantes, lunas nuevas, males de ojo, tesoros escondidos, griales decorados, milicias transidas de pasión romántica, sombreros que pasean solos al atardecer, zorros que conversan con las nieblas crepusculares… En ese contorno mágico, la melancolía del tiempo que pasa y de la muerte que aguarda se mide por el amor a las damas de otros siglos, con delicadeza villoniana, caballeresca. El esperanzado nostálgico sabe apreciar las maravillas del mundo, aunque la tragedia se esconda al final del sueño, cuando el Dios que todo lo ha soñado se despierte. El paraíso es el alfa y el omega, aquello que perdimos en origen y que recuperaremos al final de los tiempos; entretanto, podemos disfrutar de las pequeñas cosas: la conversación con los amigos, los colores del paisaje, los placeres sensuales de la carne y de la mesa.

Hay, en cualquier caso, una duda permanente en el narrador, una especie de retranca sostenida que matiza los enunciados, volviéndolos transparentes por el haz y el envés, para que cada cual elija. Cunqueiro nunca pontifica. A su discurso narrativo se le puede atribuir lo típico que se dice del gallego: que no se sabe si sube o baja, si entra o sale, si vuelve o va. Al menos no lo sabe el lector, que debe confiarse a la mano del guía y adentrarse en el bosque, dispuesto a gozar en el perderse. Uno se adentra por los huecos del texto, por los túneles y pasadizos de sus obras, que las conectan unas con otras y a éstas con otras mil (de toda la literatura universal), y no sabe nunca dónde asomará su cabeza, ni dónde la perderá. Hay mucho de cervantino, como apuntábamos antes, en esa voz que calla más de lo que dice y lo resuelve con una media sonrisa verónica, que nos deja en vilo (un vilo dramático pero satisfecho). Hay también bastante de surrealismo enxebre, como una máquina de narrar infinita que no para de enlazar trama tras trama, personaje tras personaje, como la eterna digresión de un demiurgo irónico y distraído. O incerto señor don Álvaro, imbuido del parrafeo típico galaico, fala e fala sin parar, pero con sentido, con múltiples sentidos.

Es este surrealismo enxebre, creo yo, un nuevo género literario inventado por Cunqueiro, distinto del surrealismo del poeta Manuel Antonio, más cosmopolita y marinomercante (aunque afincase en las bateas de Rianxo). Sería el de Cunqueiro una especie de surrealismo realista, auténtico, puro, tradicional, de lo popularmente gallego, de las gentes que viven y comen y duermen y sueñan entre lampreas, filloas, nécoras, vacas o percebes. Lo surrealista está en la realidad, no en la literatura, y en ciertos raptos suyos de escritura automática –más de Éluard que de Breton– lo que afloraba era el inconsciente colectivo del país. Seguramente ambos surrealismos brotan de un manantial común: don Vicente Risco, el origen de tantas cosas, el gran patriarca subterráneo y maldito de las letras gallegas. Así iban dándole forma poco a poco a un panteísmo gallego del eterno retorno que se mordía la cola como un uroboros sentimental: *Gallaecia sive substantia sive natura*. Pasada la resaca de sus años bohemios en Madrid, Cunqueiro regresó a su tierra para encerrarse en un cuarto a escribirla. Esa fue su misión: escribir su tierra. Y la cumplió.

Las malas lenguas decían que Cunqueiro escribía del tirón, por sentadas, como una gallina de pluma fácil que pone el huevo y lo empolla a la vez, pero él se reivindicaba fruto de la paciencia y la tenacidad, sin dejar de escribir a diario y descreído de las musas o la inspiración, pluriempleado de facto en las rotativas más dispares. Tampoco aquí se sabe qué va antes, si el huevo del artículo o la gallina columnista; una y otra se obligan, se necesitan. Lo importante es tener de qué hablar, y de eso Cunqueiro, acreditado memorioso, andaba más que sobrado. Invasiones tras invasiones, el gallego –nos explica– subsistió históricamente como pudo: dialogando, engañando, siempre a la defensiva y, cuando se terciaba, ejercitando la ironía. Si al poco de comenzar el regateo un contendiente da por finalizada la querella, el otro se enfadará: "¿Pero cómo, no tienes más que una palabra?". Lo bonito para el gallego es discutir largas horas, lo que traducido al soliloquio del narrador oral significa ponerse a nombrar las cosas del mundo y a contar historias, una tras otra,




